

**PROGRAMACIÓN
XERAL
ANUAL**

***CEIP PLURILINGÜE ANXO DA GARDA
A CORUÑA***

Curso 2023 - 2024

I N D I C E

I.-DATOS XERAIS	4
1.- Situación e instalacións	4
2.- Plan de utilización das instalacións do Centro	6
3.-Alumnado	7
4.-Profesorado	8
II.-ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E FUNCIONAMENTO	11
1.- Equipo Directivo	11
2.- Comisión Pedagóxica	11
3.- Equipo de Dinamización Lingüística	11
4.- Avaliación individualizada (4º)	12
5.- Consello Escolar	12
6.- Xunta Económica	12
7.- Comisión de Convivencia	13
8.- Claustro de Mestres/as	13
9.- Plan de actuación dos diferentes órganos	15
10.- Obxectivos específicos para o curso académico	17
11.-Medidas a desenvolver para a súa consecución	19
12.- Recursos previstos para o efecto	19
13.- Concreción anual do Proxecto Educativo	19
14.-Modificación, se é o caso, do Proxecto Educativo	19
III.- PLANIFICACIÓN DO CURSO 2023-2024	20
1.- Horarios e calendario escolar	20
2.- Libros de texto	28
3.- Planificación de reunións do profesorado	33
4.- Atención aos pais e nais de alumnos	39
5.- Plan de actividades complementarias	39
6.- Proxectos colectivos, de dinamización e innovación	45
7.- Dinamización lingüística	76
8.- Concreción anual do plan de traballo de Benestar	81
IV.- PLANIFICACIÓN POR NIVEIS	87
1.- Obxectivos xerais	88
2.- Educación infantil	89
3.- Primeiro curso de E.P.	96
4.- Segundo curso de E.P.	101
5.- Terceiro curso de E.P.	106
6.- Cuarto curso de E.P.	112
7.- Quinto curso de E.P.	119
8.- Sexto curso de E.P.	128
9.- Especialidades	141
10.- Tarefas extraescolares	263

V.- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO CURSO 23-24	263
VI.-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	266
VII.- PRESUPOSTO ECONÓMICO	267
VIII.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA	268
IX.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	270
X.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	272
XI.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	273

I/ DATOS XERAIS

I. 1.- SITUACIÓN E INSTALACIÓNS

O colexio de Educación Infantil e Primaria "Anxo da Garda" está situado na zona dos Castros, periferia da cidade da Coruña, concretamente na rúa Monte das Moas, número 8-10. Teléfono 881960778 e Fax: 881960779

E-mail: ceip.anxo.dagarda@edu.xunta.es

Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipanxodagarda>

O edificio é propiedade da antiga Caixa de Aforros de Galicia, actualmente AFUNDACIÓN, pero por contrato de mutuo acordo entre esta entidade e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, dende o ano 1.989 é a todos os efectos un Colexio público, e polo tanto réxese pola normativa e polas leis que existen para os centros públicos, tanto no referente ao profesorado como ao alumnado, así como ao mantemento do centro.

INSTALACIÓNS, EQUIPAMENTO E NECESIDADES

O edificio ten tres plantas:

Planta Baixa:

- Dependencias administrativas:

Dirección e Xefatura de Estudos, Secretaría e Sala de profesores

- Aulas de educación infantil de 4º e 5º.
- Salón de Actos
- Comedor
- Sala de asociación de pais e nais, con entrada pola rúa Angela B. de Soto
- Sala de calefacción
- Servizos para nenos e servizos para nenas
- Un patio cuberto
- Un patio descuberto
- Dous aseos no patio exterior

Primeira Planta:

- Sala de Biblioteca
- Aula de Relixión

- Aula de Educación Infantil de 6º
- Aulas de Primeiro, Segundo A e B, Terceiro e Cuarto A.
- Servicios e aseos mixtos

Segunda Planta:

- Aulas de Cuarto B, Quinto A e B e Sexto A e B.
- Sala de Informática
- Aula de Pedagogía Terapéutica
- Aula de Audición e Linguaxe
- Despacho de Orientación
- Servicios e aseos mixtos.

Terceira Planta:

- Antiga vivenda da Señora Conserxe. Pendente de habilitación para uso educativo.

NECESIDADES NAS INSTALACIÓNS

Neste momento as necesidades do colexio referente a instalacións poden resumirse nas seguintes:

- Mellora dos servizos.
- Adaptación da 3ª planta para uso educativo. Temos necesidade de espazo para áreas de especialistas (inglés e música) e profesorado de PT e AL.
- Ampliación da Biblioteca Escolar.

NECESIDADES DE MOBILIARIO E MATERIAL

As peticións que se formulan ante a Consellería de Educación neste curso son as seguintes:

- Mobiliario: armarios, asentos-colchoneta, cadeiras, percheiros...
- Material docente para música, ed. infantil, ed. física
- Material docente para os diversos cursos: xogo simbólico, psicomotricidade, linguaxe, teatro de monicreques, globo terráqueo,

I.2.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

En horario lectivo

De **9 a 14** horas, as instalacións do Centro son empregadas polos mestres/as e alumnado.

Espazos de horario fixo:

- Patio: en dúas quendas, unha para Educación Infantil, 1º e 2º EP (11:30 a 11:55) e outra para 3º, 4º, 5º e 6º Educación Primaria (12:00 a 12:25). O tempo restante ten preferenza para o seu uso a área de Educación Física.
- Salón de Actos: funcionará como ximnasio cando a climatoloxía non permita estar na pista polideportiva (Educación Física). Tamén para uso nos recreos excepcionalmente.
- Biblioteca: ofrece servizo de préstamo.
- Informática: está a disposición do profesorado a través dun horario establecido por xefatura de estudos.

Fóra do horario lectivo

De **7:30 a 9:00** horas, emprégase o comedor polo Programa Madrugadores. Ao finalizar o alumnado vai accedendo ás aulas.

Ás **9:00** horas, o alumnado vai accedendo ao Centro.

De **14:00 a 16:00** horas, emprégase tanto o comedor coma o patio (recreo de comedor).

De **16:00 a 18:00** horas, utilízanse catro aulas para as diferentes actividades extraescolares. Neste horario de 16 a 18 horas hai profesorado de garda.

Con carácter extraordinario, as instalacións do Centro son empregadas fóra deste horario por membros da Comunidade Educativa coa debida aprobación do Consello Escolar e da autorización da Xefatura Territorial.

I. 3.- ALUMNADO

Alumnado no centro no curso 2023/24: **243**

Infantil 4º	17	3º Primaria	23
Infantil 5º	18	4º Primaria (A-B)	27 (13+14)
Infantil 6º	25	5º Primaria (A-B)	28 (14+14)
1º Primaria	25	6º Primaria (A-B)	46 (24+22)
2º Primaria (A-B)	35 (18+17)	TOTAL	243

Normalmente obteñen praza no colexio todas as solicitudes que se producen, aínda que nalgúns cursos concretos hai sempre alguna solicitude que non pode ser atendida por atoparse co número máximo permitido.

- Practicamente todos os alumnos do centro viven na zona de influencia do mesmo, a menos de cinco centos metros de distancia.

- Ningún alumno utiliza transporte escolar.

- Hai 120 alumnos que utilizan normalmente o comedor escolar, xestionado pola ANPA e servido por unha empresa de catering, e 30 alumnos inscritos no programa “Madrugadores”.

- O ambiente sociocultural e económico pode calificarse de clase media-baixa.
- A lingua que se fala na casa é máis ben o castelán aínda que todo o mundo coñece e pode utilizar o galego.

* Alumnos con retraso escolar respecto a súa idade	29
* Alumnos que optaron por relixión	60

I. 4.- PROFESORADO

COMPOSICIÓN LEGAL DO CENTRO

Segundo orde da Consellería de Educación a composición legal do C.E.I.P. Plurilingüe Anxo da Garda é a seguinte:

AULAS: 3 de educación infantil, 6 de primaria.

PROFESORADO: 15 prazas

- 4 prazas de Educación Infantil
- 5 prazas de Educación Primaria
- 1 praza de Inglés
- 1 praza de Francés
- 1 praza de Pedagogía Terapéutica
- 1 praza de Educación Física
- 1 praza de Música
- 1 praza de Orientación

SITUACIÓN ADMINISTRATIVA ACTUAL AULAS: 3 de Ed. Infantil, 10 de primaria. **PROFESORADO:** 23

- Catro mestras con destino definitivo en Educación Infantil.
- Catro mestras con destino definitivo en Ed. Primaria.
- Cinco mestres/as con destino provisional en Ed. Primaria.
- Cinco mestres con destino definitivo adscritos a diferentes especialidades: Inglés, Educación Física, Francés, Música e P.T.
- Unha mestra con destino definitivo ocupando a praza de Orientadora.
- Unha mestra con destino definitivo na especialidade de A.L. (Compartida con CEIP Sal Lence)

- Unha mestra con destino provisional na especialidade de P.T.
- Un mestre con destino provisional na especialidade de A.L.
- Unha mestra con destino provisional da especialidade inglés e completando horario con Educ. Primaria.
- Un mestre de Relixión itinerante (Compartido con CEIP Zalaeta)
- Dirección en comisión de servizos completando horario en Educ. Primaria.
- Un profesor auxiliar de conversa para inglés (16 horas)

ADSCRICIÓN FUNCIONAL PARA O CURSO 2023-2024

	POSTOS DE TRABAJO										
	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO*	Relixión	Total
En catálogo aprobado por O. de	4	5	1	1	1	1	1	0	1	0	15
En funcionamento	4	9	2	1	1	1	2	1 + ½	1	1	24
Cubertos por prof. con destino definitivo	4	4	1	1	1	1	1	½	1	0	15
Cubertos por prof. con destino provisional	0	5	1	0	0	0	1	1	0	1	9

Nº	Apelidos e nome	DEF OU PRO	OBSERVACIÓNS
1	Silvia Vidal Figueiras	DEF	4º E.I.
2	M. ^a Teresa Cornide Docal	DEF	5º E.I.
3	Antía Fuentes Teijo	DEF	6º E.I. (coordinadora E. Infantil)
4	Celia Sanfiz Pérez	DEF	Apoio a Ed. Infantil- Coordinadora PLAMBE-Secretaria
5	Estefanía Novo Rebollo	PRO	1º Primaria.
6	Estefanía Carbarcos Blanco	PRO	2ºA Primaria
7	Basilio Freán Bernedo	PRO	2ºB Primaria. Coordinador EDLG e ciclo
8	Juan Antonio Vázquez Campo	DEF	3º Primaria. Xefe Estudos
9	Eva Peteiro Castro	DEF	4º Primaria. Grupo A
10	Sonsoles Mugarra Fdez-Roel	DEF	4º Primaria. Grupo B. Coordinadora ciclo
11	Paula Bermúdez Fernández	DEF	5º Primaria. Grupo A. Coordinadora ciclo e Edixgal
12	Álvaro Fernández Álvarez	PRO	5º Primaria. Grupo B
13	Silvia Calvete Vázquez	DEF	6º Primaria. Grupo A
14	Montserrat Couso García	PRO	6º Primaria. Grupo B
15	Andrea Carme Doural García: substituída por Jorge López Díaz	DEF	Educación Artística: Música e Arts&Crafts
16	César de León del Río	DEF	Inglés. Coordinador Plurilingüismo
17	Gerardo Parrado Regueira	DEF	Ed. Física. Coordinador TICS
18	Marta Lista Becerra	DEF	P.T.
19	Clara Pérez Malillos	PRO	P.T.
20	Amelia Seoane-Chanes	DEF	A.L. (compartida co CEIP Sal Lence)
21	Iván Vázquez López	PRO	A.L.
22	M. ^a Victoria Mejuto Fernández	DEF	Orientación . Coordinadora de Benestar e Complementarias e Extraescolares
23	Cristina Culebras Yáñez	PRO	Dirección-2º Primaria. Grupo A (comisión de servizos)
24	Santiago Ubaldo Rubio Arias	Cont.	Relixión (compartido con CEIP Zalaeta)

II- ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E FUNCIONAMIENTO

1.- EQUIPO DIRECTIVO

Directora: Cristina Culebras Yáñez
Xefe de estudos: Juan Antonio Vázquez Campo
Secretaria: Celia Sanfiz Pérez

2. COMISIÓN PEDAGÓXICA

Directora: Cristina Culebras Yáñez
Xefe de Estudos: Juan Antonio Vázquez Campo
Educación infantil: Antía Fuentes Teijo (Coordinadora ciclo)
Educación Primaria: Basilio Freán Bernedo (Coordinador 1º ciclo)
Sonsoles Mugarra Fdez-Roel (Coordinadora 2º ciclo)
Paula Bermúdez Fernández (Coordinadora 3º ciclo)
Dinamización Lingüística: Basilio Freán Bernedo
Biblioteca: Celia Sanfiz Pérez
Plurilingüismo: César de León del Río
Tics: Gerardo Parrado Regueira
Orientación: M.^a Victoria Mejuto Fernández
Pedagogía Terapéutica: Marta Lista Becerra e Clara Pérez Malillos
Audición e Linguaxe: Iván Vázquez López

3.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Coordinador: Basilio Freán Bernedo
Membros:
Silvia Calvete Vázquez
Antía Fuentes Teijo
Estefanía Novo Rebollo
Álvaro Fernández Álvarez
Clara Pérez Malillos
Iván Vázquez López

4.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA (4º)

Directora: Cristina Culebras Yáñez
Xefe Estudos: Juan Antonio Vázquez Campo
Titoras de 4º: Eva Peteiro Castro e Sonsoles Mugarra Fdez-Roel
Orientación: M.^a Victoria Mejuto Fernández

5.- CONSELLO ESCOLAR

Directora: Cristina Culebras Yáñez
Xefe de Estudos: Juan A. Vázquez Campo
Secretaria: Celia Sanfiz Pérez

Representantes do profesorado:

Paula Bermúdez Fernández
M.^a Teresa Cornide Docal
Antía Fuentes Teijo
M.^a Victoria Mejuto Fernández
Gerardo Parrado Regueira

Representantes dos pais e nais:

Marta Brandariz Bahamonde
Marta Prego Fernández
M.^a Juncal Mella Montoto
Lorena Modia Díaz
Carmen Álvarez López (representante ANPA)

Representante da cidadanía:

Natalia García Suárez.

Representante do persoal non docente:

Amaya de Miguel

6.- XUNTA ECONÓMICA

Directora: Cristina Culebras Yáñez
Representante dos profesores: Paula Bermúdez Fernández
Representante dos pais e nais: Carmen Álvarez López
Secretaria: Celia Sanfiz Pérez

7.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Directora:	Cristina Culebras Yáñez
Profesores:	Antía Fuentes e Gerardo Parrado
Pais-Nais:	Marta Brandariz e M. ^a Juncal Mella
Alumnos:	Delegado/a de sexto curso
Persoal non docente:	Amaya de Miguel

8.- CLAUSTRO DE MESTRES/AS

Educación Infantil

Silvia Vidal	E. Infantil 4º
M. ^a Teresa Cornide	E. Infantil 5º
Antía Fuentes	E. Infantil 6º e coordinadora
Celia Sanfiz	Apoio-Secretaría

Educación Primaria

Estefanía Novo	Primeiro
Estefanía Cabarcos	Segundo. Grupo A
Basilio Freán	Segundo. Grupo B
Juan Antonio Vázquez	Terceiro-Xefe de Estudos
Eva Peteiro	Cuarto. Grupo A
Sonsoles Mugarra	Cuarto. Grupo B
Paula Bermúdez	Quinto. Grupo A
Álvaro Fernández	Quinto. Grupo B
Silvia Calvete	Sexto. Grupo A
Montserrat Couso	Sexto. Grupo B

Especialistas e Orientación

Gerardo Parrado	Ed. Física
César de León	Inglés
Andrea Carme Doural	Música
Santiago Rubio	Relixión
M. ^a Victoria Mejuto	Orientación
Marta Lista	P.T.
Clara Pérez	P.T.

Iván Vázquez

A.L.

Cristina Culebras Yáñez

Dirección-EP

Profesorado pertencente ao claustro doutros centros:

Amelia Seoane-Chanes

A.L. (CEIP Sal Lence)

9.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS DIFERENTES ÓRGANOS

EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo actual foi nomeado, unha vez seleccionado pola comisión correspondente, en xuño de 2012 e renovou o seu mandato que rematará en xuño do ano 2024.

A distribución das horas do equipo directivo figura no apartado III.1. (Horario e calendario escolar).

As horas de atención ao público para cuestións de Secretaría son:

- De luns a venres de 9:00 a 9:50h.

O horario de atención de Xefatura de Estudos e Dirección é con previa petición de cita.

O equipo directivo reúne con regularidade para coordinar as súas actuacións.

Plan de actuación do Equipo Directivo:

Aínda que as funcións e competencias dos membros do equipo directivo están claramente especificadas na lexislación vixente, o concepto de Equipo Directivo vai máis alá da asignación de tarefas a cada un deles. É fundamental que todos os membros sexan quen de xestionar os principais procesos do centro, de xeito que sempre poda atenderse calquera necesidade, independentemente da dispoñibilidade de cada un. Por isto, aínda que cada un se especialice nun aspecto da xestión, todos seremos responsables de actuar con inmediatez e eficiencia ante posibles incidencias.

Por outra banda, para que o Centro funcione correctamente, é imprescindible unha axeitada coordinación entre os membros do Equipo Directivo, polo que se realizarán xuntanzas semanais para planificar o traballo.

Marcarán, de xeito fundamental, as súas liñas de actuación, os seguintes principios:

- Cumprimento das normativas legais vixentes.
- Consecución dos obxectivos educativos.
- Dinamización e harmonización dos sectores educativos da comunidade, con especial atención ás propostas didácticas do profesorado e ás iniciativas da ANPA.
- Fomento das relacións coas institucións administrativas e privadas de carácter social da contorna (Concello, Fundacións relacionadas coa educación e as súas necesidades)

- Atención particularizada ás necesidades das familias que repercutan no proceso educativo do alumnado, con implicación dos servizos sociais e de saúde correspondentes, a través do Departamento de Orientación.

COMISIÓN PEDAGÓXICA

- Reunión: Normalmente unha vez cada mes.
- Funcións: As atribuídas pola Lei, encargándose fundamentalmente da coordinación de todas as actividades colectivas do colexio e do seguemento das mesmas, así como da posta en práctica e supervisión do proxecto curricular do centro e do proxecto educativo.

Dado o escaso número de profesores do centro esta comisión pedagóxica asume tamén as funcións da Comisión de Actividades complementarias e extraescolares, coordinada por D^a Adriana Carregal Sánchez.

Xa foi posta a composición legal da CCP.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O seu plan de actuación ven sinalado na páxina correspondente deste Plan de Centro.

EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E T.I.C.s

Reúnense segundo calendario que se programa no inicio de cada trimestre e seguen un plan de obxectivos e actividades establecidos polos coordinadores dos mesmos.

CLAUSTRO

Normalmente convócanse 5 claustros ordinarios durante o curso escolar.

As súas funcións son as marcadas no vixente decreto que regula o funcionamento dos colexios de primaria dependentes da Consellería de Educación.

O calendario de reunións de Claustro está previsto no punto III, planificación das reunións do profesorado.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Ten tres reunións anuais para supervisar e reflexionar sobre a convivencia no centro.

Ademáis réunese con carácter extraordinario se hai que tratar algún asunto relacionado coa disciplina e coa imposición de sancións a alumnos, segundo o establecido no noso documento de Normas de Organización e Funcionamento.

CONSELLO ESCOLAR

- Reunións: 4 ao longo do curso escolar, como norma xeral, sen menoscabo de convocar algunha outra por diferentes motivos ou por situacións que o requiran.

Ademáis das funcións e actuacións que marca a Lei para o Consello Escolar, nas reunións programadas abordaranse os seguintes temas:

Calendario de reunións:

- . Outubro: aprobación da Programación Xeral Anual.
- . Xaneiro: aprobación da xustificación de contas.
- . Abril: información das solicitudes de admisión no colexio e aprobación do presuposto económico.
- . Xuño: información da Memoria final do curso escolar.

XUNTA ECONÓMICA

Reunirse como mínimo dúas veces ao ano. Preséntanse informes económicos trimestrais ante o Consello Escolar.

As súas funcións veñen marcadas pola Lexislación vixente

10.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado co fin de propiciar a coherencia e a complementariedade nas súas actuacións, favorecendo as actividades conxuntas e a unidade de acción sobre os alumnos e alumnas do centro.

- Realizar unha xestión administrativa, económica e de utilización de recursos participativa e transparente, favorecendo a corresponsabilidade de toda a comunidade educativa e facilitando a información oportuna a todos os seus compoñentes.

- Buscar os medios necesarios para que o centro dispoña dos recursos que necesita para unha eficaz acción docente e educadora.

- Avaliar dunha forma sistemática o funcionamento do centro e utilizar os resultados desa avaliación para orientar futuras actuacións cara a unha mellora e perfeccionamento.
- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia.

- Potenciar a adquisición dos valores de respecto aos demais e aprecio das diferenzas individuais, proporcionando medios e programas para o desenvolvemento curricular dos contidos transversais.

- Axudar a adquirir hábitos sociais (compartir, respectar normas) e hábitos de orde persoal (saúde e consumo) para favorecer a socialización do alumnado.

- Propiciar a apertura da escola á cidade e ao barrio onde está situada, participando nos diferentes programas educativos das institucións correspondentes e utilizando os recursos que estas poñen ao servizo dos centros educativos.

- Conseguir a capacidade de comprensión e expresión dos alumnos e alumnas nas dúas linguas da nosa comunidade autónoma, utilizando para iso o proceso de inmersión lingüística propiciado no apartado de sinais de identidade do noso centro.

- Introducir progresivamente a lingua inglesa como vehículo de transmisión das aprendizaxes e de comprensión e expresión habitual do alumnado nos ámbitos previstos.

- Potenciar a aprendizaxe e utilización das novas tecnoloxías por parte dos alumnos, capacitándoos para o seu uso e aproveitar as vantaxes que teñen dende o punto de vista didáctico e informativo.
- Contribuír a completar a formación dos alumnos favorecendo a súa asistencia a actividades extraescolares así como a participación nas saídas e visitas que axuden a complementar a súa formación.

- Exercer a acción educadora tendo en conta as características individuais de cada alumno cun propósito específico de atención complementaria cara ós alumnos que manifesten necesidades educativas especiais.

- Fomentar a adquisición de hábitos de traballo e estudo nos alumnos, potenciando a capacidade de aprender a aprender e propiciando a consecución da súa autonomía persoal e intelectual coa finalidade de que sexan capaces de planificar e avaliar o propio traballo.

- Potenciar e facilitar as actividades de formación permanente do profesorado.

- Asegurar a necesaria relación e intercambio cos pais e nais de alumnos de modo que o traballo conxunto cos profesores contribúa a unha eficaz acción educativa e docente sobre os alumnos.

11.- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Todos os obxectivos anteriormente citados conseguiranse pondo a contribución todas as potencialidades do Centro, coa plena implicación da comunidade educativa e segundo as directrices da presente PXA.

12.- RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

Todos os humanos e materiais dos que dispón o Centro no presente curso académico.

13.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

O especificado neste documento en canto a obxectivos, recursos, medidas, funcionamento, plans, programas, etc. para o presente curso.

14.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO, SE É O CASO

O Proxecto Educativo do Centro foi modificado en xuño de 2015 e todos os plans e programas serán revisados este curso escolar.

III/ PLANIFICACIÓN DO CURSO 23-24

1.-HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR

A.-/ A Xefatura Territorial da Consellería de Educación aprobou a solicitude de xornada continuada feita polo Consello Escolar do centro por cumprir todos os requisitos exixidos na normativa actual.

Polo tanto o horario lectivo para alumnos é para este curso de 9 a 14 horas, de luns a venres, o que fai un total de 25 horas lectivas.

Aparte do horario lectivo obrigatorio os/as alumnos/as teñen outros servizos complementarios, como son o comedor, madrugadores, actividades extraescolares xestionadas polo Concello e a Federación de APAS e actividades propias da ANPA.

B.-/ En canto ao horario do profesorado, para completar as 30 horas de permanencia no centro, establécese o seguinte:

- 25 horas lectivas en xornada de mañá, incluíndo clases, gardas, apoios, coordinacións ou cargos directivos.

- Permanencia no centro todos os luns, de 16:00 a 19:00, para reunións de ciclo, claustro, comisión pedagóxica, equipos de dinamización e para atención das visitas de pais e nais de alumnos, tal como figura no apartado III.3. -O resto dos días (martes, mércores, xoves e venres), asistencia para controlar as actividades extraescolares, por quendas, en horario de 16:00 a 18:00 horas.

C.- / O horario e calendario escolar de días lectivos, vacacións e festivos ven marcado pola Xefatura Territorial de Educación e figura na páxina seguinte.

HORARIOS XERAIS

7:30 - 9:00	Madrugadores
9:00 - 14:00	Clases
14:00 - 16:00	Comedor (varias quendas)
16:00 - 18:00	Actividades Extraescolares

HORARIO DAS CLASES

Primeira clase	9:00 - 9:50	
Segunda	9:50 - 10:40	
Terceira	10:40 - 11:30	
Recreo infantil, 1º e 2º	11:30 - 11:55	Lectura: 12:00-12:30
Recreo 3º a 6º Primaria	12:00 - 12:25	Lectura: 11:30-12:00
Cuarta clase	12:30 - 13:15	
Quinta	13:15 - 14:00	

CALENDARIO ESCOLAR 2023 -24

Establecido na Orde do 20 de maio de 2023 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 23-24, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Como dous festivos locais coinciden en día non lectivo, solicitaremos á Xefatura Territorial dous días non lectivos. Os días elexidos polo Consello Escolar deste centro son:

- 13 de outubro de 2023.
- 20 de maio de 2024.

11 de setembro: inicio das clases.
12 de outubro: día non lectivo. Festividade nacional.
13 de outubro: día non lectivo. Libre elección centro.
1 de novembro: día non lectivo. Festividade nacional.
6 de decembro: día non lectivo. Festividade nacional.
7 de decembro: día non lectivo. Día do ensino.
8 de decembro: día non lectivo. Festividade nacional.
22 de decembro: día non lectivo. Inicio das vacacións de Nadal.
8 de xaneiro: día lectivo. Reanudación das clases.
12, 13 e 14 de febreiro: Entroido. Días non lectivos.
25 de marzo: inicio das vacacións de Semana Santa.
2 de abril: reanudación das clases.
1 de maio: día non lectivo. Festividade nacional.
17 de maio: día non lectivo. Festividade autonómica.
20 de maio: día non lectivo. Libre elección centro.
21 de xuño: derradeiro día lectivo. Remate do curso.

HORARIO XERAL DE ESPECIALIDADES 2023-2024

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
1 ^a 9:00 9:50	Inglés 5 ^o B E.F. 1 ^o Música 3 ^o	Inglés 5 ^o A E.F. 4 ^o B	Inglés 6 ^o B* E.F. 2 ^o B Música 2 ^o A Relix/PC. 3 ^o	Inglés 2 ^o A Inglés 6 ^o A* E. F. 3 ^o Música 6 ^o B	Inglés 4 ^o A E.F. 6 ^o B Arts&Crafts 6 ^o A* Relix/PC 4 ^o B
2 ^a 9:50 10:40	Inglés 6 ^o B E.F. 5 ^o A Música 4 ^o B Relix./PC 4 ^o A	Inglés 1 ^o E.F. 6 ^o B Música 4 ^o A	E.F. 4 ^o A Relix/PC 5 ^o A-B Coord. Plurilingüismo*	Inglés 4 ^o B Inglés 2 ^o B E.F. 1 ^o Arts&Crafts 4 ^o A*	Inglés 3 ^o Arts&Crafts 4 ^o B* Relix./AE E.I. 4a Psico 5a
3 ^a 10:40 11:30	Inglés 5 ^o A E.F. 6 ^o A Música 2 ^o B Relix./AE E.I. 3a Inglés 5a/Inglés 4a Psico 4a/,,,	Inglés 6 ^o A Inglés 2 ^o B E.F. 2 ^o A Música 1 ^o	Inglés 4 ^o B E.F. 5 ^o B Music Inf. 3a/4a* Inglés 4a/3a	Inglés 4 ^o A Arts&Crafts 2 ^o B* Psico 4a	Inglés 1 ^o Music Inf. 4a/3a* Relix./AE E.I. 5a Psico ,,,/4a
4 ^a 12:30 13:15	Inglés 4 ^o B E.F. 5 ^o B Música 5 ^o A Relix./PC 1 ^o Inglés 3a/,,, Psico 5a	Inglés 4 ^o A Música 5 ^o B Psico 3a	Inglés 3 ^o E. F. 6 ^o A Arts&Crafts 1 ^o *	Inglés 5 ^o B Inglés 5a Arts&Crafts 2 ^o A* Psico 3a	Inglés 5 ^o A Inglés 3a/4a E.F. 2 ^o B Music Inf. 5a* Relix./PC 2 ^o A
5 ^a 13:15 14:00	Inglés 3 ^o E.F. 4 ^o A Música 6 ^o A Relix./PC 6 ^o B	Inglés 2 ^o A E.F. 3 ^o Arts&Crafts 6 ^o B*	Inglés 6 ^o A E. F. 5 ^o A Arts&Crafts 5 ^o B* Relix./PC 2 ^o B	Inglés 6 ^o B E.F. 4 ^o B Arts&Crafts 5 ^o A*	Inglés 5 ^o B E.F. 2 ^o A Arts&Crafts 3 ^o * Relix./PC 6 ^o A

HORARIO DE GARDAS, APOIOS E COORDINACIÓNS 2023/2024

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
1ª 9:00 9:50	Estefanía N. Álvaro Relixión Juan (Xefatura) Vicky (Coord. Extraesc.)	Sonsoles Paula Andrea	Basilio Estefanía C. Montse	Silvia C. Montse Juan(Xefatura)	Eva Silvia C. Montse
2ª 9:50 10:40	Sonsoles Paula Montse	Estefanía N. Eva Montse	Eva Vicky *Coord. Pluriling. (César, Andrea, Estef.C.)	Estefanía N. Basilio Eva Sonsoles (Coord. Ciclo) Vicky (Coord. Extraesc.)	Juan Sonsoles Gerardo (Coord. Tics) ----- Antía
3ª 10:40 11:30	Basilio (Coord. EDLG) Paula Silvia C. ----- Maite Antía/...	Estefanía N. Basilio (Coord. Ciclo) Silvia C.	Sonsoles Álvaro Relixión ----- Silvia V. Maite	Basilio (Coord. EDLG) Eva Gerardo ----- Maite	Estefanía N. Gerardo ----- ,,,/Silvia V. Maite
4ª 12:30 13:15	Sonsoles Paula(Coord. Ciclo) Álvaro ----- Antía Silvia V./...	Eva Álvaro Gerardo (Coord. Tics) ----- Silvia V. Vicky (Coord. Benestar)	Estefanía N. Silvia C. Relixión Juan(Xefatura)	Álvaro Gerardo ----- Silvia V. Antía (Coord. Ciclo)	Basilio Paula ----- Antía Silvia V./ Maite
5ª 13:15 14:00	Juan Eva Silvia C.	Montse César Juan(Xefatura) Vicky (Coord. Benestar)	Álvaro Paula Silvia C.	Sonsoles Paula Montse	Estefanía C. Álvaro Juan (Xefatura)

QUENDAS DE VIXILANCIA NOS RECREOS CURSO 2023-2024

	ZONA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª Quenda	Pista entrada	Maite	Silvia V.	Estefanía C.	Iván	Antía
1ª Quenda	Pista medio	Antía	Amelia	Andrea	Estefanía N.	Marta
1ª Quenda	Pista fondo	Marta	Clara	Relixión	Basilio	Maite
1ª Quenda	Arriba xogos	Amelia	Basilio	Silvia V.	Antía	Relixión
1ª Quenda	Arriba baños	Iván	Estefanía N.	Maite	Clara	Silvia V.
1ª Quenda	Biblioteca	Celia		Celia		Celia
2ª Quenda	Pista entrada	Paula	Montse	Silvia C.	Gerardo	Juan
2ª Quenda	Pista fondo	Sonsoles	Eva	Álvaro	Montse	Gerardo
2ª Quenda	Arriba	Silvia C.	Sonsoles	Paula	Eva	Álvaro
2ª Quenda	Biblioteca	Celia	Celia	Celia	Celia	Celia

HORARIO DE LECTURAS

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:30-12:00					
3º	Juan	Juan	Iván	Juan	Iván
4ºA	Eva	Eva	Eva	Eva	Eva
4ºB	Sonsoles	Sonsoles	Sonsoles	Sonsoles	Sonsoles
5ºA	Paula	Paula	Paula	Paula	Paula
5ºB	Álvaro	Álvaro	Álvaro	Álvaro	Álvaro
6ºA	Vicky	Vicky	Silvia C.	Silvia C.	Silvia C.
6ºB	Montse	Cris	Montse	Cris	Montse

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
12:00-12:30					
3 anos	Silvia V.	Silvia V.	Silvia V.	Silvia V.	Silvia V.
4 anos	Maite	Maite	Maite	Maite	Maite
5 anos	Antía	Antía	Antía	Antía	Antía
1º	Clara	Estefanía N.	Estefanía N.	Clara	Estefanía N.
2ºA	Relixión	Estefanía C.	Relixión	Estefanía C.	Estefanía C.
2ºB	Basilio	Marta	Basilio	Marta	Basilio

* O mestre de inglés, César, impartirá lecturas en inglés os mércores. Cada semana fará a lectura nun grupo de Educ. Primaria.

EQUIPO DIRECTIVO

1.- COMPOSICIÓN

Cargo	Nome e Apelidos	Período Nomeamento
DIRECTORA	Cristina Culebras Yáñez	01-07-2012 a 30-06-2024
X. DE ESTUDIOS	Juan A. Vázquez Campo	01-07-2012 a 30-06-2024
SECRETARIA	Celia Sanfiz Pérez	01-01-2021 a 30-06-2024

2.- HORARIO DE DEDICACIÓN AO CARGO CURSO 2023-24

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
De 9:00 a 9:50	Dirección Secretaría Xefatura	Dirección Secretaría	Dirección Secretaría	Dirección Secretaría Xefatura	Dirección Secretaría
De 9:50 a 10:40	Dirección	Dirección			Dirección
De 10:40 a 11:30		Dirección		Dirección	Dirección
De 12:30 a 13:15		Dirección	Dirección Xefatura	Dirección	
De 13:15 a 14:00	Dirección	Dirección Xefatura	Dirección	Dirección	Dirección Xefatura

III. 2.- LIBROS DE TEXTO

EDUCACION INFANTIL CURSO 23-24

5 AÑOS. 6º E.I.				
CURSO	MATERIA	TÍTULO	ISBN	LENGUA
6ºEI	Religión Católica (área optativa)	Religión Católica. Ed. Anaya.	97-884-678-159-31	Castellano

4 AÑOS. 5º E.I.				
CURSO	MATERIA	TÍTULO	ISBN	LENGUA
5ºEI	Religión Católica (área optativa)	Religión Católica. Ed. Anaya.	97-884-678-159-24	Castellano

3 AÑOS. 4º E.I.				
CURSO	MATERIA	TÍTULO	ISBN	LENGUA
4ºEI	Religión Católica (área optativa)	Religión Católica. Ed. Anaya.	97-884-678-159-17	Castellano

PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO DE PRIMARIA CURSO 23-24

Curso	Materia	Título e editorial.	ISBN	Lingua
1º	Matemáticas.	Construyendo Mundos, Mochila Ligera. 3 trimestres. Ed. Santillana.	978-84-680-7131-2	Castelán
1º	Lengua Castellana.	Operación Mundo. 3 trimestres. Ed. ANAYA.	978-84-143-1726-6	Castelán
1º	Lingua Galega, Sociais e Naturais.	Imos con todo. 3 trimestres. Ed. ANAYA.	978-84-698-9864-2 978-84-698-9867-3 978-84-698-9870-3	Galego
1º	Música e danza Educ. plástica e visual	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		
1º	Inglés.	ALL ABOUT US NOW. CLASS BOOK. Ed. Oxford.	9780194074223	Inglés
1º	Relixión. (Área optativa)	Religión Católica. Editorial Vicens Vives.	9788468283159	Castelán
1º	Proxecto Competencial (Área optativa)	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		
Curso	Materia	Título, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua
2º	Matemáticas	Matemáticas 2 primaria Mochila Ligera. Construyendo Mundos Ed.Santillana, 2023 (Trimestral-3 volumes)	978-84-144-0763-9	Castelán
2º	Lengua Castellana	Lengua 2º Primaria Mochila Ligera. Construyendo Mundos Ed. Santillana, 2023 (Trimestral-3 volumes)	978-84-144-0762-2	Castelán
2º	Lingua Galega	Lingua 2º Primaria. Construíndo Mundos Ed. Santillana, 2023 (Trimestral, 3 volumes)	978-84-9185-675-7	Galego
2º	Ciencias Sociais	CC. Sociais 2º Primaria. Construíndo Mundos. Ed. Santillana, 2023	978-84-9185-696-2	Galego

2º	Ciencias da Natureza	CC. da natureza 2º Primaria. Construindo Mundos. Ed. Santillana, 2023	978-84-9185-694-8	Galego
2º	Música e danza Educ. plástica e visual	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		
2º	Inglés	ALL ABOUT US NOW 2 Class book. Ed. Oxford.	978-0-19-407443-8	Inglés
2º	Relixión (Área optativa)	Religión católica 2. Ed Edebé. 2011	9788468317083	Castelán
2º	Proxecto Competencial (Área optativa)	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		

TERCEIRO E CUARTO CURSO DE PRIMARIA CURSO 23-24

CURSO	MATERIA	TÍTULO, EDITORIAL, ANO	ISBN	LINGUA
3º	LENGUA	LENGUA CASTELLANA Construyendo mundos, mochila ligera. Editorial SANTILLANA	9788468072012	Castelán
3º	LINGUA	LINGUA GALEGA Comunidade Zoom. Editorial VICENS-VIVES	9788468283197	Galego
3º	MATEMATICAS	MATEMÁTICAS Construyendo mundos, mochila ligera. Editorial SANTILLANA	9788468071367	Castelán
3º	C. NATURAIS	CIENCIAS NATURAIS Construindo mundos. Editorial SANTILLANA. OBRADOIRO	9788491854104	Galego
3º	C. SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS Operación Mundo Editorial ANAYA	9788414301272	Galego
3º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 3 . CLASS BOOK OUP (Oxford University Press).	9780194074650	Inglés

3º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 3 . ACTIVITY BOOK OUP (Oxford University Press).	9780194073844	Inglés
3º	MÚSICA E DANZA EDUC. PLÁSTICA E VISUAL	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		
3º	RELIXIÓN (ÁREA OPTATIVA)	RELIGIÓN CATÓLICA Editorial Vicens Vives.	9788468283166	Castelán
3º	PROXECTO COMPETENCIAL (ÁREA OPTATIVA)	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		

CURSO	MATERIA	TÍTULO, EDITORIAL, AÑO	ISBN	LINGUA
4º	LENGUA	LENGUA CASTELLANA Construyendo mundos SANTILLANA 2023	9788414407387 (3 VOLÚMENES)	Castelán
4º	LINGUA	LINGUA GALEGA Construíndo mundos OBRADOIRO 2023	9788491857051 (3 VOLÚMENES)	Galego
4º	MATEMATICAS	MATEMÁTICAS ANAYA	9788414319802 (3 VOLÚMENES)	Castelán
4º	C. NATURAIS	Ciencias da Natureza 4 COMUNIDADE ZOOM VICENS VIVES	9788468292502 (VOLUMEN ÚNICO)	Galego
4º	C. SOCIAIS	Ciencias Sociais 4 COMUNIDADE ZOOM VICENS VIVES	9788468292533 (VOLUMEN ÚNICO)	Galego
4º	INGLÉS	. ALL ABOUT US NOW CLASSBOOK Class Book. Ed. Oxford.	978-0-19-407480-3	Inglés
4º	INGLÉS	ALL ABOUT US NOW 4 ACTIVITY BOOK Activity Book. Ed. Oxford.	978-0-19-407390-5	Inglés

4º	MÚSICA E DANZA EDUC. PLÁSTICA E VISUAL	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		
4º	RELIXIÓN (ÁREA OPTATIVA)	Religión Católica 4. Ed. EDEBÉ. 2012	9788468317106	Castelán
4º	PROXECTO COMPETENCIAL (ÁREA OPTATIVA)	NON HABERÁ LIBRO DE TEXTO		

QUINTO E SEXTO CURSO DE PRIMARIA CURSO 23-24

NON SE EMPREGARÁN LIBROS DE TEXTO EN 5º E 6º, XA QUE SE TRABALLA CO PROGRAMA EDIXGAL. CADA ALUMNO/A TERÁ O SEU PORTÁTIL PRESTADO POLA CONSELLERÍA.

III.3.-PLANIFICACIÓN DAS REUNIÓNS DO PROFESORADO

PLANIFICACIÓN DAS REUNIÓNS DO 1º TRIMESTRE

SETEMBRO		
Día 11	16:00	Reunión de Ciclos
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 18	16:00	Reunión de CCP
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 25	16:00	Xunta avaliación inicial 6ºB
	16:20	Xunta avaliación inicial 6ºA
	16:40	Xunta avaliación inicial 5ºB
	17:00	Xunta avaliación inicial 5ºA
	17:20	Xunta avaliación inicial 4ºB
	17:40	Xunta avaliación inicial 4ºA
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 26	16:00	Xunta avaliación inicial 3º
	16:20	Xunta avaliación inicial 2ºB
	16:40	Xunta avaliación inicial 2ºA
	17:00	Xunta avaliación inicial 1º
	17:20	Xunta avaliación inicial 5 anos
	17:40	Xunta avaliación inicial 4 anos
	18:00	Xunta avaliación inicial 3 anos
OUTUBRO		
Día 2		Traballo persoal / tutoría
	16:00	Reunións de pais/nais 5º e 6º EI
	16:00	Reunións de pais/nais 2ºA-B EP
	17:00	Reunións de pais/nais 3ºEP
	17:00	Reunións de pais/nais 6ºA-B EP
	17:00	Reunións de pais/nais 5ºA-B EP
	18:00	Reunións de pais/nais 1ºEP
	18:00	Reunións de pais/nais 4ºA-B EP
		Entrevistas de pais-nais

Día 9	16:00	Claustro de profesores
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 16	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 23	16:00	Reunión de Ciclos
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 30	16:00	Reunión de comisión pedagóxica
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais

NOVEMBRO

9

Día 6	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 13	16:00	Reunión de Ciclos
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 20	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 27	16:00	Reunión de comisión pedagóxica
	17:00	Traballo persoal / tutoría /nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais

DECEMBRO

Día 4	16:00	Reunión de Ciclos
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 11	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais

Día 18	16:00	Traballo persoal / tutoría/nivel
	16:00	Xunta de avaliación de 4ºE.I.
	16:30	Xunta de avaliación de 5ºE.I.
	17:00	Xunta de avaliación de 6º E.I.
	17:30	Xunta de avaliación de 1º E.P.
	18:00	Xunta de avaliación de 2ºA E.P.
	18:30	Xunta de avaliación de 2ºB E.P.
	19:00	Xunta de avaliación de 3º E.P.
	18:00	Entrevistas de pais e nais.
Día 19	16:00	Xunta de avaliación de 4ºA E.P.
	16:30	Xunta de avaliación de 4ºB E.P.
	17:00	Xunta de avaliación de 5ºA E.P.
	17:30	Xunta de avaliación de 5ºB E.P.
	18:00	Xunta de avaliación de 6ºA E.P.
	18:30	Xunta de avaliación de 6ºB E.P.
		18:00

PLANIFICACIÓN DAS REUNIÓN DO 2º TRIMESTRE

XANEIRO		
Día 8	16:00	Reunión de ciclos
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/tutoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 15	16:00	Reunión de comisión pedagóxica
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/tutoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 22	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/tutoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 29	16:00	Claustro de profesores
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/tutoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
FEBREIRO		
Día 5	16:00	Reunión de ciclos
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/tutoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais

Día 19	16:00	Reunión de comisión pedagógica
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/titoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 26	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/titoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
MARZO		
Día 4	16:00	Reunión de ciclos
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/titoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 11	16:00	Reunión de comisión pedagógica
	17:00	Coordinación docente/Traballo persoal/titoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 18	16:00	Xunta avaliación inicial 6ºB
	16:30	Xunta avaliación inicial 6ºA
	17:00	Xunta avaliación inicial 5ºB
	17:20	Xunta avaliación inicial 5ºA
	17:40	Xunta avaliación inicial 4ºB
	18:00	Xunta avaliación inicial 4ºA
	18:20	Xunta avaliación inicial 3º
	18:00	Coordinación docente/Traballo persoal/titoría Entrevistas de pais-nais
Día 19	16:00	Xunta avaliación inicial 2ºB
	16:20	Xunta avaliación inicial 2ºA
	16:40	Xunta avaliación inicial 1º
	17:00	Xunta avaliación inicial 6ºEI
	17:30	Xunta avaliación inicial 5ºEI
	18:00	Xunta avaliación inicial 4ºEI
	18:00	Coordinación docente/Traballo persoal/titoría Entrevistas de pais-nais

PLANIFICACIÓN DAS REUNIÓN DO 3º TRIMESTRE

ABRIL		
Día 8	16:00	Reunión de Ciclos
	17:00	Traballo persoal / titoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 15	16:00	Reunión de CCP
	17:00	Traballo persoal / titoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 22	16:00	Claustro de profesores
	17:00	Traballo persoal / titoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 29	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Traballo persoal / titoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
MAIO		
Día 6	16:00	Reunión de Ciclos
	17:00	Traballo persoal / titoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 13	16:00	Reunión de CCP
	17:00	Traballo persoal / titoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 27	16:00	Reunión equipos de dinamización
	17:00	Coordinación docente/titoría
	18:00	Entrevistas de pais-nais
XUÑO		
Día 3	16:00	Reunión de Ciclos
	17:00	Traballo persoal / titoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais
Día 10	16:00	Reunión de CCP
	17:00	Traballo persoal / titoría/nivel
	18:00	Entrevistas de pais-nais

Día 17	16:00	Reunións de pais/nais 4º, 5º e 6º EI
	16:00	Reunións de pais/nais 2ºA-B EP
	17:00	Reunións de pais/nais 3ºEP
	17:00	Reunións de pais/nais 6ºA-B EP
	17:00	Reunións de pais/nais 5ºA-B EP
	18:00	Reunións de pais/nais 1ºEP
	18:00	Reunións de pais/nais 4ºA-B EP
	18:00	Traballo persoal / tutoría Entrevistas de pais e nais

III. 4.- ATENCIÓN AOS PAIS E NAIS DE ALUMNOS

- Hora reservada á relación e entrevistas cos pais e nais de alumnos a nivel individual: todos os luns, **de 18:00 a 19:00**. Reunións colectivas cos pais de alumnos: unha en setembro/outubro e outra en xuño.

Canles de comunicación cos pais e nais, ademáis das entrevistas e reunións xerais:

- calendario escolar.
- páxina web do centro.
- espazo ABALAR e aplicación Abalarmóbil.
- utilización do correo electrónico.

III.5.- PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

MEMBROS DO EQUIPO

- ✓ Paula Bermúdez Fernández
- ✓ Cristina Culebras Yañez
- ✓ César De León Del Río
- ✓ Basilio Freán Bernedo
- ✓ Antía Fuentes Teijo
- ✓ Marta Lista Becerra
- ✓ M^a Victoria Mejuto Fernández (Coordinadora)
- ✓ Sonsoles Mugarra Fernández-Roel
- ✓ Clara Pérez Malillos
- ✓ Celia Sanfiz Pérez
- ✓ Juan Antonio Vázquez Campo
- ✓ Iván Vázquez López

OBXECTIVOS

- Fomentar a participación do equipo docente na realización de actividades que complementen o Currículo de cada unha das etapas.

- Planificar, coa colaboración dos mestres/as de cada nivel, as actividades que se propoñan.
- Colaborar na organización de saídas e conmemoracións.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- Actividades complementarias (dentro do horario lectivo) e extraescolares (fóra do horario lectivo).

Tanto para o 2º ciclo de Educación Infantil como en Educación Primaria acordouse que se farán actividades complementarias, tanto dentro do centro educativo coma fóra do mesmo.

As actividades propostas por nivel son as seguintes:

Grupo	Titor/a	Actividades
4º EI A	Silvia Vidal Figueiras	<p>Aquarium Finisterrae. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: outros clubs. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Visitas escolares a la biblioteca municipal o próxima 23/24. Educación viaria con la policía: os parruliños coñecen a rúa (a Coruña viaria). Rutas urbanas animadas (Coruña de aventura): Santa Margarida, María Pita e Xardíns de Méndez Núñez. Alimentación y consumo (a Coruña e o consumo): Froitas e verduras. Semana Saudable. Carreira solidaria no parque de Eirís. Desfile de Entroido polo barrio. Festival de Nadal. Orquestra Sinfónica de Galicia: Concertos Didácticos. Día da Educación Física na rúa. Lecturas na rúa en colaboración con biblioteca. Saída de fin de curso polos parques da contorna. Saídas polo concello e concellos limítrofes segundo o centro de interese que esteamos traballando. Día Mundial da AF. Concerto do grupo lar. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das "Letras Galegas". Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños "Día das Letras Galegas"</p>
5º EI A	M.ª Teresa Cornide Docal	<p>Aquarium Finisterrae. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: outros clubs. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Visitas escolares a la biblioteca municipal o próxima 23/24. Educación viaria con la policía: os parruliños coñecen a rúa (a Coruña viaria). Rutas urbanas animadas (Coruña de aventura): Santa Margarida, María Pita e Xardíns de Méndez Núñez. Alimentación y consumo (a Coruña e o consumo): Nutrición e dieta equilibrada. Semana Saudable Carreira solidaria no parque de Eirís. Desfile de Entroido polo barrio. Festival de Nadal. Orquestra Sinfónica de Galicia: Concertos Didácticos. Día da Educación Física na rúa. Lecturas na rúa en colaboración con biblioteca. Saída de fin de curso polos parques da contorna. Saídas polo concello e concellos limítrofes segundo o centro de interese que esteamos traballando. Día Mundial da AF. Concerto do grupo lar. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais.</p>

		<p>Obra de teatro temática das “Letras Galegas”. Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños “Día das Letras Galegas”</p>
6º EI A	Antía Fuentes Teijo	<p>Aquarium Finisterrae. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: outros clubs. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24. Educación viaria con la policía: os parruliños coñecen a rúa (a Coruña viaria). Rutas urbanas animadas (Coruña de aventura): Santa Margarida, María Pita e Xardíns de Méndez Núñez. Alimentación y consumo (a Coruña e o consumo): Nutrición e dieta equilibrada. Semana Saudable Carreira solidaria no parque de Eirís. Desfile de Entroido polo barrio. Festival de Nadal. Orquestra Sinfónica de Galicia: Concertos Didácticos. Día da Educación Física na rúa. Lecturas na rúa en colaboración con biblioteca. Saída de fin de curso polos parques da contorna. Saídas polo concello e concellos limítrofes segundo o centro de interese que esteamos traballando. Día Mundial da AF. Concerto do grupo lar. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das “Letras Galegas”. Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños “Día das Letras Galegas”</p>
1º EP A	Estefanía Novo Rebollo	<p>Fundación Mª José Jove. Visita Museo de Belas Artes Visita al Aquarium Finisterrae. Rutas urbanas: Xardín de San Carlos: memorias dunha batalla. Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24. Educación viaria coa policía local. Visita guiada á sala de control de semáforos. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: outros clubs. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Semana Saudable Día da Educación Física na rúa. Carreira solidaria no parque de Eirís. Día Mundial da AF. Xornada deporte e actividade física inclusiva. Certame de Narrativa con temática de Nadal Concerto do grupo lar. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das “Letras Galegas”. Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños “Día das Letras Galegas”</p>
2º EP	<p>A: Estefanía Cabarcos Blanco</p> <p>B: Basilio Freán Bernedo</p>	<p>Fundación Mª José Jove. Visita Museo de Belas Artes Visita al Aquarium Finisterrae. Rutas urbanas: Tesouros de Mª Pita. Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24. Educación viaria coa policía local. Visita guiada á sala de control de semáforos. Carreira Campo a Través – Programa XOGADE. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: outros clubs. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Semana Saudable. Coñece o meu club: 100TOLOS Club de Esgrima. Día da Educación Física na rúa. Carreira solidaria “Kilómetros de Solidariedade”no parque de Eirís. Día Mundial da AF. Xornada deporte e actividade física inclusiva. Certame de Narrativa con temática de Nadal Concerto do grupo lar. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG.</p>

		<p>Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das “Letras Galegas”. Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños “Día das Letras Galegas”</p>
3º EP A	Juan Antonio Vázquez Campo	<p>Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24. Educación viaria coa policía local. Visita guiada á sala de control de semáforos. Teatro en Inglés. Trouble in the Jungle. Carreira Campo a Través – Programa XOGADE. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: outros clubs. Iniciación á escalada. Coñece o meu club: 100TOLOS Club de Esgrima. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Semana Saudable. Día da Educación Física na rúa. Carreira solidaria “Kilómetros de Solidariedade”no parque de Eirís. Itinerarios. O mozo Picasso. De casa ao colexio. Itinerarios a cidade de María Pita. A Coruña Ambiental. O aire que nos arrodea. Publicidade e consumo. A publicidade dos alimentos. Concerto educativo da Orquestra Sinfónica de Galicia. Residuos urbanos na Coruña. O parque de Bens. Día Mundial da AF. Xornada deporte e actividade física inclusiva. Iniciación á escalada. Certame de Narrativa con temática de Nadal. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Concerto Grupo Donaire. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das “Letras Galegas”. Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños “Día das Letras Galegas”</p>
4º EP	<p>A: Eva Peteiro Castro</p> <p>B: Sonsoles Mugarra Fdez-Roel</p>	<p>Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24. Teatro en Inglés. Trouble in the Jungle. Carreira Campo a Través – Programa XOGADE. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: SD As Xubias. Coñece o meu club: 100TOLOS Club de Esgrima. Coñece o meu club: outros clubs. Iniciación á escalada. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Semana Saudable. Día da Educación Física na rúa. Xornada cooperativa “Wencesalo Fdez. Flores”. Carreira solidaria “Kilómetros de Solidariedade”no parque de Eirís. Visitas escolares. Coruña aventura. Porto da Coruña. Itinerarios. O mozo Picasso. De casa ao colexo. Residuos urbanos na Coruña. O parque de Bens. Exposición fotográfica no porto da Coruña. Concentro conservatorio. Concerto didáctico da Orquestra sinfónica de Galicia. O aire que nos rodea. Publicidade e consumo: A publicidade dos alimentos. Educación viaria. Visita guiada á sala de control de semáforos. Os menores e o consumo. Compra responsable de xoguetes. Día Mundial da AF. Orientación deportiva. Xornada deporte e actividade física inclusiva Iniciación á escalada. Certame de Narrativa con temática de Nadal. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Concerto Grupo Donaire. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das “Letras Galegas”. Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños “Día das Letras Galegas”</p>
5º EP	A: Paula Bermúdez Fernández	<p>Aprender igualdade creando. Participación no concurso de carteis 8M. Navega con Rumbo. Plan Director: charla contra o ciberacoso. O ceo nocturno.</p>

	<p>B: Álvaro Fernández Álvarez</p>	<p>Colaboración coa Universidade da Coruña co taller artístico anual da fundación Marta Ortega. Visita dun periodista con motivo da Semana da prensa. Actividades de Matemáticas recreativas. Crecer Creando. Visitas escolares Coruña aventura. Ideal Gallego y DXT Campeón. Itinerarios do concello "Praza forte do Reino de Galicia" A ruta da auga: Taller + visita ao encoro de Cecebre. Visitas escolares "Espías no tempo" Obradoiro impartido polo equipo ABAC. Prevención dos TCA a través da identificación de estereotipos asociados. Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24. Teatro en Inglés. Trouble in the Jungle. Feria das matemáticas. Carreira Campo a Través – Programa XOGADE. "O Atlántico parte de ti". Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: SD As Xubias. Coñece o meu club: 100TOLOS Club de Esgrima. Coñece o meu club: outros clubs. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Semana Saudable. Día da Educación Física na rúa. "Máis rápidas, máis altas, máis fortes". Carreira solidaria "Kilómetros de Solidariedade"no parque de Eiris. Día Mundial da AF. Etapa Camiño de Santiago. Orientación deportiva. Xornada deporte e actividade física inclusiva. Equinosens. Certame de Narrativa con temática de Nadal. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Concerto Grupo Donaire. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada. Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das "Letras Galegas". Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños "Día das Letras Galegas"</p>
<p>6º EP</p>	<p>A: Silvia Calvete Vázquez</p> <p>B:Montserrat Couso García</p>	<p>Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24. Teatro en Inglés. Trouble in the Jungle. Carreira Campo a Través – Programa XOGADE. Coñece o meu club: Judo Club Coruña. Coñece o meu club: SD As Xubias. Coñece o meu club: 100TOLOS Club de Esgrima. Coñece o meu club: outros clubs. Obradoiro de Primeiros Auxilios. Día da Educación Física na rúa. "Máis rápidas, máis altas, máis fortes". Carreira solidaria "Kilómetros de Solidariedade"no parque de Eiris. Itinerarios. "Prazas con Poder". Visitas escolares "Coruña de Aventura". "O Atlántico parte de ti". Visita á casa-museo Casares Quiroga. Visita á colección de arte da Fundación María José Jove. Visita pola cidade da Coruña para coñecer distintos aspectos históricos, urbanos e culturais. Saídas pola contorna relacionadas cos contidos traballados. Visita ao Parque Eólico Experimental Sotavento - Xermade (6ºB premio Pim Pam Experimental). Sogama; visita ás instalacións de tratamento de residuos. Repsol; promoción de actividades vinculadas á promoción de vocacións científicas. Emalcsa; visita ás instalacións para coñecer o tratamento da auga da comarca. Visita ao porto da Coruña e á lonxa para coñecer o funcionamento dos sectores económicos e o abastecemento dos negocios da cidade. Plan Director: charla contra o ciberacoso. "Iso xa non é unha broma": prevención de acoso escolar e ciberacoso. Educación viaria: "Multa ou flor". Alimentación e consumo: "Dispendio alimentario". Día Mundial da AF. Etapa Camiño de Santiago. Orientación deportiva. Xornada deporte e actividade física inclusiva. Certame de Narrativa con temática de Nadal. Concurso de cabazas e receitas de Samaín. Festival de Nadal. Concerto Grupo Donaire. Día da Prensa. Entrevista a Touriñán. Concerto EDLG. Certame literario de banda deseñada.</p>

		Desfile de traxes Tradicionais. Obra de teatro temática das "Letras Galegas". Elaboración e reparto polo barrio dos pergamiños "Día das Letras Galegas"
--	--	---

Estas decisións iniciais, en canto a actividades complementarias, poderán sufrir variacións en función da oferta de actividades que poidan xurdir ao longo do curso académico e que se consideren de interese.

• **ACTIVIDADES DE OBRIGADA CONMEMORACIÓN QUE SE CELEBRARÁN:**

1º TRIMESTRE

20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.

25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

2º TRIMESTRE

24 de xaneiro de 2024: Día Internacional de la Educación.

30 de Xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.

8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.

Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

3º TRIMESTRE

1 de abril de 2024: Día de las Artes Gallegas.

7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.

Entre o 22 e o 26 de abril de 2024: Semana do Libro.

2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

9 de maio de 2024: Día de Europa.

Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.

5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

Se algunha destas celebracións coincide en día cun sábado ou domingo realizarase o día mais próximo sen que altere o bo funcionamento do centro.

Segundo o artigo 26.2 da Lei 2/2014 do 14 de abril da Igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (DOG

do 25 de abril) intentaremos integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual con actividades específicas segundo a etapa e/ou ciclo en que se traballe.

REUNIÓN

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares reunirse un luns ao mes na reunión da CCP, onde se propoñerán e organizarán as actividades, saídas e celebracións anteriormente mencionadas, así como as que vaian xurdindo ao longo do curso. Desde este equipo a información chegará aos titores/as e especialistas.

III. 6.- PROXECTOS COLECTIVOS, DE DINAMIZACIÓN E INNOVACIÓN

III.6.1.- CENTRO PLURILINGÜE

O colexio solicitou a participación na convocatoria de centros plurilingües publicada pola Consellería en 2011(Orde de 12 de maio, DOG do 20/05/11), e tras facer o correspondente proxecto foi seleccionado.

Como consecuencia de tal selección a partir do curso 11-12 a área de de. Plástica de primaria estase a impartir totalmente en inglés. Desde o curso 2016-2017 impártese en toda a Educación Primaria.

No curso 18-19 comezouse tamén co Proxecto Plurininfantil, de tal xeito que a profesora de Música imparte dita materia en Inglés nos grupos de 4º, 5º e 6º de Ed. Infantil.

Contarase novamente coa presenza dun auxiliar de conversa nativo durante 15 sesións á semana, nomeado pola Consellería de Educación que prestará apoio ás clases de Arts & Crafts e Music dende outubro a maio (ambos inclusive) cun horario distribuído como segue:

-Arts & Crafts: Unha sesión en todos os cursos de E.P. .

-Música: Unha sesión en cada un dos grupos de Ed. Infantil (3,4 e 5 anos).

-Inglés: Unha sesión en cada grupo de 6º de Primaria (A e B)

PROFESORADO QUE IMPARTE AS SESIÓNS DE INGLÉS, MÚSICA E ARTS AND CRAFTS.

Arts & Crafts

Ed. Primaria: Jorge López Díaz.

Música

Ed. Infantil e Primaria: Jorge López Díaz.

Inglés

Estefanía Cabarcos Blanco (Educación Infantil e 2º A e B de E. Primaria)

César De León del Río (1º a 6ºEP, agás 2º)

Auxiliar de conversa: Griffin Fraser

Coordinadora do proxecto: César De León del Río

REUNIÓN

Todas as semanas realizarase unha reunión do Equipo de Plurilingüismo (mércores á segunda sesión), á que asistirán os tres profesores xunto co auxiliar de conversa. Dedicarase á programación das clases, elaboración de material, planificación de actividades complementarias e avaliación continua do proceso.

MATERIAL

Na asignatura de Arts & Crafts optouse por non utilizar libro de texto, polo que a elaboración do material correrá a cargo das profesoras que imparten a asignatura, coa colaboración da auxiliar de conversa.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE PLURILINGÜISMO

A avaliación da experiencia farase periódicamente aproveitando as reunións semanais entre a coordinadora do proxecto, as profesoras que o levan a cabo e o auxiliar de conversa.

Igualmente nas reunións de CCP adicarase un tempo a analizar o desenvolvemento da experiencia no contexto xeral do grupo e do colexio.

Ao remate do curso escolar, na memoria do proxecto, farase unha avaliación das metas conseguidas tanto a nivel de progreso na lingua estranxeira, como na consecución dos obxectivos establecidos para a área de Plástica en Primaria, e Música en Ed. Infantil, a adecuación dos contidos, o vocabulario e a metodoloxía, establecendo as medidas correctoras para o seguinte curso se fora necesario.

OBRA DE TEATRO EN INGLÉS

Contaremos coa representación da obra de teatro “Trouble in the jungle” para os cursos 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria a cargo da empresa Face to face.

A data será o martes, 19 de Decembro no salón de actos do colexio cun coste de 720 €.

III.6.2.- DINAMIZACIÓN TICS, PLAN DIXITAL E PROXECTO “EDIXGAL”

O equipo de dinamización das TIC's (Tecnoloxías de Información e Comunicación) está composto este curso polas seguintes persoas:

1. Gerardo Diego Parrado Regueira
2. Cristina Culebras Yáñez
3. Paula Bermúdez Fernández
4. M^a Victoria Mejuto Fernández
5. César De León Del Río
6. Andrea Doural García. Substituída por: Jorge López Díaz
7. Silvia Vidal Figueiras

Na primeira reunión deste equipo acordáronse unha serie de accións para levar a cabo durante o curso, tomando en consideración os obxectivos propostos no Plan Dixital de Centro elaborado ó e que debe ser posto en funcionamento ó longo deste curso. Estes obxectivos determinan as propostas de actuación para o equipo TIC e que serán as seguintes

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

1. Dar continuidade ó uso do Aula Virtual do centro entre os grupos de 3º e 4º de Primaria. Existindo sempre a posibilidade de que tamén poida traballar na AV o alumnado de 1º e 2º. Trátase dun obxectivo con responsabilidade compartida entre o coordinador TIC para a posta en funcionamento da AV e os titores dos cursos indicados.
2. Levar á práctica a planificación de contidos dixitais a para as etapas de Infantil e Primaria elaborada durante o curso pasado. Este obxectivo atópase detallado máis especificamente no apartado III.6.5. desta PXA onde se describe o funcionamento do Programa de Innovación Educativa: introdución á informática, programación e robótica qu epremos en marcha durante este curso.
3. Adecuar e dotar o “Espazo Maker” que se pretende crear na Aula de Informática e que xa se habilitou durante o curso pasado.
4. Empregar ferramentas dixitais dentro do proceso de avaliación do alumnado. Trátase dun obxectivo do Plan Dixital non conseguido o curso pasado e que intentaremos traballar durante o presente ano académico.

Ademais destas propostas serán necesarias unha serie de accións relativas a mantemento e promoción do uso dos recursos dixitais existentes:

- Actualización continua do inventario recollendo datos relativos a equipos de aula e outro material existente no centro.
- Optimizar o espazo e recursos dispoñibles na aula de informática.
- Continuar co uso e actualización dos blogs existentes de xeito que aporten información aos pais e nais e sexan de utilidade ao alumnado. Estes blogs están enlazados á páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipanxodagarda/>

- Solicitar tanto aos técnicos da Unidade de Atención a Centros (UAC) como á empresa de mantemento informático asesoramento en cuestións sinxelas para a resolución de incidencias menores no día a día.

- Continuar a configurar os equipos de aula e da Aula de Informática para optimizar o seu rendemento e evitar o seu uso de xeito inadecuado por parte do alumnado.

No ensino actual é imprescindible unha competencia no uso das TIC por parte de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias. O noso centro é sensible non só ao uso educativo senón tamén ao uso social que levou a un desenvolvemento vertixinoso nos últimos anos. Porén, é necesario que a competencia dixital sexa adquirida de xeito responsable e fomentando un uso axeitado das mesmas, sen caer en situacións conflitivas que deterioren a convivencia escolar.

Entre o profesorado xa é habitual a comunicación a través de medios informáticos no referente a temas administrativos e pedagóxicos. Propoñemos que o uso das TIC sexa cada vez mellorado e estendido para facilitar a comunicación entre todos os membros da comunidade educativa. A modo recordatorio establecemos que:

- O medio habitual de comunicación e entrega de información no centro será o correo electrónico e o soporte informático. Polo tanto as diferentes convocatorias de reunións, actividades, entrega e recollida de información entre os profesores e co equipo directivo faranse utilizando eses medios.
- Establécese un horario para o uso da Aula de Informática dando prioridade ós cursos de 3º e 4º de Primaria para potenciar o uso da Aula Virtual.
- O profesorado disporá dun caderno de incidencias na sala de mestres onde apuntará aqueles problemas que xurdan no uso profesional dos equipos informáticos e que o equipo TIC filtrará de cara a sexan resoltos por parte do equipo TIC ou pola empresa de informática contratada polo centro

O centro continua este ano a súa participación no proxecto Edixgal contando con 4 grupos que participan no mesmo: 5ºA (14 alumnos/as), 5ºB (12 alumnos/as), 6ºA (23 alumnos/as) e 6ºB (23 alumnos/as).

O profesorado que imparte nos cursos Edixgal así como o coordinador do proxecto, recibiron ou recibirán a formación necesaria para poder dar continuidade a este proxecto no noso centro.

Alumnado e familias serán informados no mes de setembro dos aspectos fundamentais do funcionamento deste programa. Incidirase especialmente no uso e cuidado dos equipos informáticos así como da metodoloxía de traballo a seguir.

Así mesmo, pediráselles que entre o material escolar que teñan que usar, dispoñan dun lapis USB para poder gardar arquivos e poder modificalos ou amplialos co uso dos equipos que cada familia teña na súa casa. Incidiremos tamén, no uso RESPONSABLE das TIC por parte do alumnado.

O obxectivo principal a conseguir co uso das TIC a nivel pedagóxico é que cando un alumno remate a escolarización obrigatoria deberá dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. A competencia dixital incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

III.6.3.- APOIO NAS AULAS

A Xefatura de Estudos, unha vez feita a avaliación inicial e a petición do profesorado, asignará aos mestres/as con dispoñibilidade horaria apoios en aula para aqueles grupos e/ou alumnos/as que o precisen.

Ao longo do curso, e preferentemente nas sesións de avaliación, revisaranse as necesidades do alumnado afectado e axustaranse os apoios a ditas necesidades.

III.6.4.- PLAN DE LECTURA E PLAN DE BIBLIOTECA

23-24

Segundo se recolle na normativa que establecen o currículos da Educación Infantil e Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos do Centro, un plan de lectura e un plan de biblioteca que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

PLAN ANUAL DE LECTURA E BIBLIOTECA:

OBXECTIVOS:

- Formar lectores e lectoras competentes e crear hábitos de lectura.
- Desenvolver nos alumnos/as actitudes favorables cara a lectura, creando ambientes lectores.
- Formar aos alumnos/as nas capacidades necesarias para usar de forma autónoma os recursos dos que se dispón.
- Fomentar a lectura e promover os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro e fóra do conxunto da comunidade escolar.
- Inculcar e fomentar no alumnado o hábito da emprego das bibliotecas.
- Realizar experiencias de creación e utilización de información a fin de adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.
- Prestar apoio a tódolos alumnos/as para a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e utilizar a información, independentemente do seu soporte, formato ou medio de difusión.
- Participar dos recursos culturais do entorno, colaboración coas bibliotecas dos centros próximos.
- Transmitir valores, actitudes e normas para considerar a Biblioteca Escolar como espazo compartido, cultivar o espírito crítico e xerar actitudes de cidadanía.

O obxectivo final que perseguen os anteriores obxectivos é formar lectores competentes, que sexan capaces de comprender o que len, capaces de emitir xuízos críticos, que escriban para expresar e

comunicar. Para conseguir isto precisamos a colaboración de todos: mestres, familia e sociedade.

Para a creación e consolidación dos hábitos de lectura o centro contempla espazos e tempos para a lectura nas aulas e na biblioteca.

ORGANIZACIÓN

O tempo diario adicado ao Plan Lector será de 30 m. (de 11:30 a 12:00 en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e de 12:00 a 12:30 en 1º e 2º de Educación Primaria e Educación Infantil).

- Durante o mesmo todos/as os nenos/as do Centro estarán realizando actividades de potenciación da lectura.
- Dada a condición de plurilingüe deste centro, as lecturas faránse en castelán, galego e inglés.
- Estas actividades estarán dirixidas por mestres e mestras titores, mestres especialistas, e os mércores, as lecturas serán en inglés, sendo o especialista o que irá rotando polos diferentes niveis de Educación Primaria.

No curso 2019/2020, o noso centro integrouse no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (Plambe), para o que se presentou un proxecto no que o obxectivo principal é integrar a biblioteca na vida do centro para convertela nun espazo operativo e funcional que poida ser utilizado eficazmente por todos os membros da comunidade educativa. Para poder levalo a cabo, recibimos unha dotación económica importante. Queremos que a biblioteca sexa algo máis que un espazo complementario ás actividades do centro e que se integre con todas as consecuencias nos procesos de ensino e aprendizaxe. Propuxemos os seguintes obxectivos específicos:

- * Aproveitar as posibilidades que ofrece a nosa biblioteca como recurso para o proceso de EA, seleccionando e elaborando materiais que permitan sacar o máximo partido á BE, e ofrecer oportunidades para a utilización e produción de información que posibiliten a adquisición de coñecementos, comprensión, desenvolvemento da imaxinación e o lecer.
- * Fomentar hábitos de traballo, diversión en grupo e actitudes de compañeirismo dentro da biblioteca, estruturándoa en diversos recantos ou zonas.
- * Levar a cabo actividades de animación á lectura e dinamización da biblioteca potenciando o traballo en equipo e a colaboración interciclos fomentando en todo momento a integración dos colectivos minoritarios e apoiando con todas as nosas actividades a interculturalidade.
- * Crear ou consolidar hábitos lectores e escritores e educar na vivencia saudable do tempo de lecer, convertendo a biblioteca nun recurso para o tempo de lecer, un lugar de encontro entre libros e lectores e entre lectores entre si.
- * Formar usuarios autónomos da biblioteca garantindo o acceso aos fondos bibliográficos a todo o alumnado en igualdade de condicións : O alumnado deberá ser capaz de usar de xeito correcto as fontes de información, iniciándoos no coñecemento e interpretación dos diferentes

tipos de documentos, saber o que hai na biblioteca acerca dun tema determinado e onde e como se pode localizar...

- * Darlle maior protagonismo a nosa mascota “OLLIÑOS” no fomento da lectura.
- * Actualizar os fondos bibliográficos e dixitais segundo as necesidades e novidades.
- * Difundir os fondos existentes, e posibilidades de consulta, entre toda a Comunidade.
- * Facer actividades, concursos e obradoiros para promover diferentes aprendizaxes dun xeito útil, contextualizado e divertido.
- * Informar ao Claustro das actividades da Biblioteca e integrar as súas suxestións.
- * Definir os criterios para o préstamo e asesorar ao profesorado sobre cómo se realiza este servizo a través do Programa Meiga.
- * Informar as familias sobre a organización e diferentes actividades nas reunións e a través da páxina web da nosa biblioteca.
- * Potenciar o contacto coas familias e a súa participación na educación dos seus fillos e fillas, a través de actividades como as Mochilas viaxeiras, Contacontos en familia, etc.

A Comisión de dinamización da Biblioteca neste curso está composta por:

- Marta Lista Becerra
- Eva Peteiro Castro
- Sonsoles Mugarra Fdez-Roel
- Juan Antonio Vazquez Campo
- Estefanía Cabarcos Blanco
- María Teresa Cornide Docal
- Montserrat Couso García
- Celia Sanfiz Pérez

A responsable da biblioteca seguirá sendo Celia Sanfiz Pérez, con 5 horas semanais no seu horario destinadas a dinamización, organización e xestión da biblioteca; ademáis das gardas de recreo que realizará na Biblioteca.

A comisión da biblioteca reunirse os días establecidos na programación xeral de reunións dos luns e terá como finalidade a xestión da biblioteca a través do programa MEIGA, instalado no ordenador da mesma e a revisión e elaboración do Plan Anual de Lectura e os plans de lectura e biblioteca, así como a programación de diferentes actividades en coordinación co EDLG. Estas reunións levaranse a cabo na biblioteca ou mediante videoconferencia. A comisión velará así mesmo do coidado da mesma, rexistro de libros e a proposta de actividades de animación á lectura para tódolos niveis durante o curso escolar.

Tódolos cursos disporán dunha hora semanal no seu horario para utilizar a biblioteca e facer actividades na mesma. Asemade, a biblioteca estará aberta ao alumnado durante os recreos de Ed. Primaria, coa responsable do equipo:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:30-11:55		1º e 2º PRIMARIA		1º e 2º PRIMARIA	
12:05-12:30	3º , 4º 5º e 6º PRIMARIA				

Neste curso tamén se contará coa presenza de “Bibliotecarios voluntarios” de 5º e 6º de Educación Primaria, que axudarán nos empréstitos e actividades realizadas dende a biblioteca nos recreos.

Antes da “apertura” de BiblioAnxo, establecerase e difundirase un protocolo de normas que permitan a empregar a biblioteca de xeito ordenado .

Liñas Prioritarias de actuación no curso 2023/2024

No seguinte documento detallamos as liñas prioritarias que pretende seguir o equipo de biblioteca do Ceip Anxo da Garda no vindeiro curso . A nosa intención é manter as propostas que funcionan e nos impulsan cara unha biblioteca como laboratorio de aprendizaxes, retomar ou redeseñalas aquelas que suprimimos por mor da emerxencia sanitaria, e poidamos adecuar á circunstancias do vindeiro curso.

1 ORGANIZACIÓN E XESTIÓN; CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO “LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES”.

- Organización de horarios, normas de uso e o préstamo da B.E. en coordinación coa xefatura de estudos tendo en conta os protocolos e normas de seguridade e hixiene .
- Deseño e organización do Plan Anual de Biblioteca, revisión e actualización do Proxecto Lector e elaboración da memoria final.
- Elaboración e difusión do protocolo de uso coas normas de hixiene e seguridade, así como as normas de uso da biblioteca.
- Deseño das actividades para as conmemoracións do calendario escolar.
- Elaboración de carnés do alumnado e profesorado novo.
- Adquisición de fondos e recursos en diferentes soportes e formatos.
- Revisión e expurga dos materiais da biblioteca e a centralización dos recursos.
- Preparación de sesións con familias, autores e ilustradores.
- Redeseño da Biblioteca, con espazos diversos que permitan a lectura informal, traballo individual e en grupo, recuncho audiovisual e informático, espazo robótico, espazo creativo etc... ; e sinalización destes espazos

- Realización de frecuentes reunións do equipo de biblioteca, así como o emprego de distintas ferramentas tecnolóxicas de traballo colaborativos (apps tipo Padlet, Google Drive e Google Docs) ao longo do curso, para facilitar a coordinación das tarefas e actividades, así como a xestión dos recursos.

2 DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

O equipo de biblioteca escolar centrará os seus esforzos en deseñar actividades relacionadas que enriquecerán a nosa proposta educativa.

Así, a Biblioteca conformará unha fonte de recursos que axudará ao desenvolvemento das programacións das aulas, ofertando fondos, propostas e recursos que axudarán a abordar as diferentes áreas curriculares. As actividades contribuirán ao desenvolvemento de diferentes competencias, como por exemplo: a **Social e Cívica** coas normas da biblioteca, e a **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** empregando o código de cores e numérico de clasificación dos fondos baseado na CDU ilustrada. Algunha destas actividades serán:

- Adquisición de novos fondos a disposición de todo o alumnado e profesorado, para cubrir as carencias e diversificar os materiais de referencia.
- Préstamo de caixas de libros ás aulas para as lecturas da “Hora de Ler”, e os empréstitos semanais nas aulas de Educación Infantil.
- Exposicións cos recursos sobre temáticas de sensibilidade e interese social.
- Sesións de **contacontos e obradoiros** relacionados coas distintas datas: Nadal, Día da Paz, Entroido, Semana da Prensa, Día do Libro, da Poesía, Letras Galegas
- Configuración dun recuncho de ordenadores con conexión a internet e tablets para os usuarios (Competencia no tratamento da información e competencia dixital).
- Deseño de actividades de formación de usuarios e de búsqueda de información. (Competencia de aprender a aprender e de autonomía e iniciativa personal).
- Emprego do blog biblioanxo.blogspot.com, e a páxina web do centro e o perfil de Twitter, [@Biblioanxo1](https://twitter.com/Biblioanxo1), para difundir as actividades realizadas na biblioteca.
- Difundir os recursos dos que dispoñemos a través da elaboración de guías de recomendacións lectoras e exposicións temporais e de novidades que van chegando.

3 EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INCLUÍDA NA ACTUAL COMPETENCIA DIXITAL) .

- Elaboración de materiais para a súa difusión entre a comunidade educativa: infografía, dípticos e vídeos informativos...; que axuden aos usuarios a empregar a biblioteca e os seus recursos dun xeito máis autónomo e eficiente
- Visitas guiadas á biblioteca escolar e emprego do catálogo virtual das bibliotecas
- Posta en marcha dun **proxecto interdisciplinar** no que traballe todo o centro, con temática aínda sen decidir, pero de interese para toda a comunidade. Elaboraranse presentacións e documentais sobre a temática escollida.
- Formación do profesorado en materia de bibliotecas e fomento da lectura.

4 EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO (EN MATERIA DE LECTURA, ESCRITURA E HABILIDADES NO USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DE INFORMACIÓN).

Un dos obxectivos fundamentais da biblioteca seguirá a ser apoiar o desenvolvemento do proxecto lector e o fomento da lectura no centro :

- Presentación da mascota “OLLIÑOS” ao novo alumnado da escola.
- Préstamos de fondos: préstamo de aula, no que cada titor xestionará os fondos que a biblioteca lle empresta; o préstamo individual, levado a cabo tanto nos recreos, e préstamo de libros “Libros que van e veñen” en E.Infantil .
- Promoción de actividades virtuais: panel de recomendacións lectoras , booktubers,..
- Retomaremos as mochilas viaxeiras, incluíndo materiais para a familias.
- Celebración de datas do calendario do libro e a lectura, relacionados coa cultura e tradición, co coidado do medio ambiente,...
- Organización das sesións de contacontos das familias.
- Sistematización dos apadriñamentos lectores aumentando a periodicidade
- Participación no programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar
- Contacontos empregando distintos soportes
- Estudo e petición das maletas viaxeiras da Asesoría de Bibliotecas Escolares

5 EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

Queremos que a Biblioteca ofrezca unha resposta ás necesidades da totalidade do noso alumnado. Por iso pretendemos redeseñar o espazo da nosa Biblioteca, que sexa un espazo accesible, no que existan, espazos diversos que permitan a lectura informal, traballo individual e en grupo, recuncho audiovisual e informático, espazo creativo; e seguir aumentando a nosa colección fondos bibliográficos, en especial libros de consulta, de ciencias, de investigación e libros; textos adaptados (letra grande, língua de signos, pictogramas, braille, lectura fácil, audiolibros...); recursos en diferentes soportes e formatos, xogos e material manipulativo, material multisensorial etc...

6 OUTRAS ACTUACIONES:

- Colaboración co EDLG e o Equipo TIC, participando e promovendo proxectos e actividades conxuntas, así como nos distintos plans nos que participa o centro.
- Colaboración e participación nas actividades das Bibliotecas da contorna.
- Colaboración en proxectos de bibliotecas escolares de outros centros.

7 CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: INDICADORES E INSTRUMENTOS

- Reunións do equipo de biblioteca e o claustro valorando as actividades realizadas.
- Enquisas ao alumnado e familias para coñecer o seu grado de satisfacción coas actividades levadas a cabo, e recoller propostas novas ou de mellora.
- Avaliación final para valorar a consecución dos obxectivos propostos e facer propostas para o seguinte curso.

8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

A responsable da biblioteca seguirá sendo Celia Sanfiz Pérez, con 5 horas semanais no seu horario destinadas a dinamización, organización e xestión da biblioteca; ademais das gardas de recreo que realizará na Biblioteca.

Os membros do equipo de apoio contarán cunha hora de dinamización da biblioteca, sempre que se adique tanto a xestión técnica como a dinamización da biblioteca.

En definitiva, trataremos de seguir traballando coa finalidade de conseguir unha biblioteca dotada de múltiples recursos, tratando de convertela nun espazo dinámico, onde o noso alumnado poida desenvolver unha gran variedade de actividades.

TEMPORALIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2023/2024

Todo o curso:

- Adquisición de fondos e recursos en diferentes soportes e formatos.
- Revisión e expurga dos materiais da biblioteca e a centralización dos recursos.
- Actualización do blog da biblioteca.
- Realización de frecuentes reunións do equipo de biblioteca, ao longo do curso, para facilitar a coordinación das tarefas e actividades, así como a xestión dos recursos.
- Difundir os recursos dos que dispoñemos a través da elaboración de guías de recomendacións lectoras e exposicións temporais e de novidades que van chegando.
- Deseño de actividades de formación de usuarios e de búsqueda de información.
- Exposicións de recursos sobre temas de sensibilidade e interese social
- Préstamos de fondos: préstamo de aula, no que cada titor xestionará os fondos que a biblioteca lle empresta e préstamo de libros “Libros que van e veñen” en E. Infantil.
- [Apadriñamentos](#) lectores, nas datas establecidas en cada mes
- Participación no programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar, para o alumnado de 5º e 6º de primaria, .
- Contacontos empregando distintos soportes
- Accion Poética na entrada da escola
- Petición das maletas viaxeiras da Asesoría de Bibliotecas Escolares
- Colaboración e participación nas actividades das Bibliotecas da contorna.
- Colaboración en proxectos de bibliotecas escolares de outros centros.

- Procurar a implicación das familias na educación lectora dos seus fillos e fillas, formando tamén parte da vida da biblioteca e do centro.

Primeiro trimestre:

- Organización de horarios, normas de uso e o préstamo da B.E. en coordinación coa xefatura de estudos tendo en conta os protocolos e normas de seguridade e hixiene.
- Elaboración e difusión do protocolo de uso coas normas de hixiene e seguridade.
- Redeseño da Biblioteca, con espazos diversos que permitan a lectura informal, traballo individual e en grupo, recuncho audiovisual e informático, espazo creativo etc...
- Sinalización dos distintos espazos da biblioteca
- Configuración dun recuncho de ordenadores con conexión a internet e tablets para os usuarios (Competencia no tratamento da información e competencia dixital)
- Elaboración de carnés do alumnado e profesorado novo.
- Presentación de BiblioAnxo e a mascota “OLLIÑOS” ao novo alumnado Colaboración co EDLG para a elaboración do almanaque 2024
- Celebración de datas do calendario do libro e a lectura:
 - Día da Biblioteca Escolar (24 outubro 2023).
 - Día das Escritoras (16 de outubro 2023)
 - Samaín (Outubro 2023)
 - Semana da Alfabetización Mediática (Outubro 2023)
 - Mes da ciencia en galego (Novembro 2023)
 - Día Internacional das persoas con discapacidade (3 de decembro 2022)
 - Día Internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro 2023)
 - Nadal (Decembro 2023).

Segundo Trimestre:

- Colaboración co EDLG no certame de Poesía
- Celebración de datas do calendario do libro e a lectura:
 - Día da Paz (30 de xaneiro)
 - Día das nenas e as mulleres na ciencia (11 de febrero)
 - Día de Rosalía (24 de Febreiro)
 - Día da muller traballadora (8 marzo 2024).

- Semana da Prensa (marzo 2024).
- Día das Matemáticas (marzo 2024)
- Mes da Poesía (marzo 2024).
- Día da Narración Oral (marzo 2024)
- Día do Teatro (marzo 2024)

Terceiro trimestre:

- Colaboración co EDLG no certame das Letras Galegas
- Celebración de datas do calendario do libro e a lectura:
 - Día das Artes Galegas (abril 2024)
 - Sacamos os libros á rúa / Día do Libro (abril 2024).
 - Feira das Letras/Día das Letras Galegas (Maio 2024).

Queremos que a Biblioteca ofrezca unha resposta ás necesidades da totalidade do noso alumnado. Por iso pretendemos redeseñar o espazo da nosa Biblioteca, que sexa un espazo accesible, no que existan, espazos diversos que permitan a lectura informal, traballo individual e en grupo, recuncho audiovisual e informático, espazo creativo; e seguir aumentando a nosa colección fondos bibliográficos, en especial libros de consulta, de ciencias, de investigación e libros; textos adaptados (letra grande, lingua de signos, pictogramas, braille, lectura fácil, audiolibros...); recursos en diferentes soportes e formatos, xogos e material manipulativo, material multisensorial etc...

1 CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN: INDICADORES E INSTRUMENTOS

- Reunións do equipo de biblioteca e o claustro valorando as actividades realizadas.
- Enquisas ao alumnado e familias para coñecer o seu grado de satisfacción coas actividades levadas a cabo, e recoller propostas novas ou de mellora.

[Avaliación final para valorar a consecución dos obxectivos propostos e facer propostas para o seguinte curso.](#)

III.6.5.- PROGRAMA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA: COMPETENCIA DIXITAL NO ANXO.

Introdución

No presente curso, como establece un dos obxectivos do noso Plan Dixital, poremos en práctica o documento elaborado o curso pasado no que se recolle a programación “vertical” dos contidos dixitais a traballar co alumnado no noso centro desde Infantil ata a finalización da Educación Primaria. Dito documento nace como parte do Plan Dixital elaborado polo equipo dixital durante o curso 2021-2022. Tras realizar o análise DAFO das debilidades e fortalezas do centro considerouse necesario crear un documento que recolla os contidos dixitais que se pretenden traballar co alumnado no noso centro así como a súa secuenciación e planificación desde a etapa de Educación Infantil ata final de Educación Primaria. Para a redacción de este documento o equipo TIC realizou un análise previo dos contidos e criterios de avaliación de todas as áreas que fan referencia á diversos contidos dixitais susceptibles de ser traballados co alumnado e que están presentes no *Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece la ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*. De este análise extraese que os contidos dixitais a traballar en cada un dos cursos de Infantil e Primaria poden agruparse nos seguintes ámbitos:

ÁMBITO 1: Coñecementos informáticos técnicos, teóricos e uso de recursos e aplicación dixitais como ferramenta de ensino-aprendizaxe.

ÁMBITO 2: Uso responsable dos medios dixitais e busca segura e fiable de información na rede.

ÁMBITO 3: Pensamento computacional e robótica.

ÁMBITO 4: Programas de ofimática: procesador de textos e folla de cálculo.

Consideramos que o *ámbito 2* ten un carácter transversal e será traballado na aula xunto cos *ámbitos 1 e 4* principalmente, adquirindo un maior protagonismo conforme o alumnado se achega ó remate da Primaria polo perigo que pode entrañar a busca, uso e recepción de información tanto en buscadores web como nas redes sociais.

Organización e recursos materiais

A nosa intención é establecer unha sesión de traballo semanal ou quincenal en cada grupo en función da dispoñibilidade de recursos e horarios. O encargado de impartir esta sesión sería o titor/a que

contaría, se é posible e especialmente en Infantil, coa colaboración do profesorado de apoio ou que se atope de garda nesa sesión.

Con respecto ós recursos materiais empregados, no caso de Educación Infantil e 1º de Primaria empregaríamos o carro portátil dotado con 28 equipos ultraportátiles para traballar na aula, entendendo que resulta máis práctico evitar o desprazamento dos grupos á Aula de Informática situada no segundo andar.

O alumnado de 2º, 3º e 4º de Primaria desprazaríase á Aula de Informática. Para usar os equipos alí dispoñibles. Mentres que o alumnado de 5º e 6º adherido ó Programa Edixgal tamén podería traballar nas titorías cos seus equipos persoais.

En canto ó material de robótica existen dúas opcións: usar o carriño portátil de robótica dotado con diversos robots e un panel de traballo para a iniciación ó pensamento computacional ou ben asistir á Aula de Informática para empregar o material deste mesmo carro e outro existente ademais “Recuncho Maker” que estamos empezando a preparar neste curso 2023-2024.

Distribución dos contidos a traballar

A continuación expoñemos a secuenciación dos criterios de avaliación contidos a traballar nos distintos ámbitos antes citados desde o inicio de Infantil ata o remate de Primaria. A partir de aquí estableceremos as actividades e situación de aprendizaxe a traballar co noso alumnado.

ÁMBITO 1: Coñecementos informáticos técnicos, teóricos e uso de recursos e aplicación dixitais como ferramenta de ensino-aprendizaxe.

Educación Infantil

Criterios de avaliación

CA9.1. Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.

CA9.3. Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.

Contidos

- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

1º ciclo de Primaria

Critérios de avaliación

CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.

CA4.4. Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.

CA1.5. Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.

CA3.4. Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.

Contidos

- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras.
- Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións:
- Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram...) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante retos.

2º ciclo de Primaria

Criterios de avaliación

CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.

CA1.5. Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.

CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.

CA3.5. Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.

Contidos

- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.

- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.
- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
- Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

3º ciclo de Primaria

Criteria de avaliación

CA4.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.

CA4.2. Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos. OBX6

CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. OBX3

CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.

CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

Contidos

- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram... e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso.
- Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa...), identificando utilidades habituais.

- Os xogos matemáticos individuais en formatos dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.

ÁMBITO 2: Uso responsable dos medios dixitais e busca segura e fiable de información na rede.

Educación Infantil

Criterios de avaliación

CA9.2. Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.

CA9.4. Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.

Contidos

- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

1º ciclo de Primaria

Criterios de avaliación

CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.

CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.

CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.

Contidos

- Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.

2º ciclo de Primaria

Criterios de avaliación

CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.

CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.

CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.

Contidos

- Estratexias de procura guiada de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección e organización).
- Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados...) e estratexias de actuación.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.

3º ciclo de Primaria

Criterios de avaliación

CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.

CA4.1. Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.

Contidos

- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados, etc.) e estratexias de actuación.
- Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.

ÁMBITO 3: Pensamento computacional e robótica.

Educación Infantil

Criterios de avaliación

CA2.6. Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.

Contidos

- Habilidades do pensamento computacional.

1º Ciclo de Primaria

Criterios de avaliación

CA4.6. Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.

Contidos

- Pensamento computacional.
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).

2º Ciclo de Primaria

Criterios de avaliación

CA4.6. Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.

CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.

Contidos

- Proxectos de deseño e pensamento computacional:

- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Pensamento computacional.
- Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques, robótica educativa...

3º Ciclo de Primaria

Criteria de avaliación

CA4.6. Modelizar situacións da vida cotiá utilizando, de forma pautada, principios básicos do pensamento computacional.

Contidos

- Pensamento computacional.
- Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais...
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D...).

ÁMBITO 4: Programas de ofimática: procesador de textos e folla de cálculo.

2º Ciclo de Primaria

Criteria de avaliación

CA4.4. Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.

Contidos

- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.

3º Ciclo de Primaria

Criterios de avaliación

CA4.5. Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e proponendo posibles retos para futuros proxectos. OBX6

CA5.3. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.

Contidos

- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes...). Xestión de arquivos.
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.

III.6.6.- TITORES DE ALUMNOS DE PRÁCTICAS DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Como o ano pasado, os profesores do centro responderon afirmativamente á petición da Facultade de Ciencias da Educación para titorizar as prácticas dos alumnos de terceiro e cuarto curso da mesma.

III.6.7.- OUTRAS ACTIVIDADES DO PROFESORADO

O resto de horas de libre disposición do profesorado que non estean dedicadas a facer apoios nas aulas ou substitucións de compañeiros adicaranse preferentemente a tarefas como dinamización lingüística, da biblioteca e das TIC, coordinacións, preparación de actividades, preparación de material e labores propias da titoría.

III.6.8.- Plan Proxecta: PVDA (Plan de Vida Activa e Deportiva) / Plan de Hábitos Saudables e Actividade Física

INTRODUCCIÓN E CONTEXTO

No presente curso 2023-2024 daremos continuidade ó noso Plan de Vida Activa e Deportiva iniciado no curso 2019-2020 e que ademais este curso tamén pasaremos a denominar Plan de actividades físicas e hábitos saudables como se establece no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Intentaremos consolidar e mellorar actividades e iniciativas postas en marcha no centro e amplialas tendo en conta avaliación das mesmas realizada durante e ó final do curso pasado.

Coñecemos a situación de partida do noso centro onde un porcentaxe elevado do alumnado non cumpre co mínimo de 60 minutos de actividade física diaria recomendado pola OMS para nenos/as de entre 6 e 12 anos e polo tanto intentaremos aumentar o nivel de actividade física en 4 ámbitos: dentro do centro no horario lectivo, fóra do centro no horario lectivo, dentro do centro fóra do horario lectivo e fóra do centro fóra de horario lectivo. Para iso intentaremos consolidar e mellorar actividades e iniciativas postas en marcha no centro modificándoas e ampliándoas tendo en conta avaliación das mesmas realizada durante e ó final do curso pasado.

Dentro do centro favoreceremos un incremento da actividade física dentro do horario lectivo con propostas como os descansos activos comezados no curso pasado con Educación Infantil e que este ano intentaremos ampliar a 1º ciclo de Primaria. Ademais no tempo de recreo intentaremos ofertar distintas posibilidades activas para a ocupación deste tempo de lecer a través do proxecto de patios dinámicos “No Anxo xogamos todas e todos” iniciado dous cursos atrás.

Con respecto ás actividades fóra do centro buscaremos contactar co Concello, Clubs e outras asociacións para propoñer actividades que permitan ó noso alumando coñecer un amplo abánico de posibilidades para ocupar o seu tempo de lecer ademais de facelos conscientes das realidades doutros

colectivos á hora de practicar deporte e actividade física (actividades deportivas inclusivas e/ou minoritarias).

Tamén buscaremos a implicación das familias intentando propoñer actividades diversas (andainas, retos na casa, “Family Talent”, mochila deportiva viaxeira...) fóra do horario lectivo acorde ós seus intereses e que teñen como obxectivo o fomento da actividade física neste ámbito.

Por último, tamén buscaremos colaboración coa AMPA para promover o incremento da actividade física nas actividades extraescolares propostas.

Con respecto a outros hábitos saudables daremos continuidade ás nosas Merendas Saudables (detallada máis adiante) en Educación Primaria para promover o consumo de alimentos saudable e evitar optar por produtos procesados nas merendas da mañá.

Coa participación nesta modalidade do plan Proxecta tamén buscamos mellorar a formación do profesorado responsable para obter as ferramentas necesarias (transmisión de información, actividades a nivel de centro, metodoloxía...) que permitan implantar pouco a pouco o PVAD tentando implicar ao resto do claustro e comunidade educativa na aplicación do mesmo. A participación neste plan foi valorada novamente de xeito positivo por familias e claustro ao remate do curso pasado amosando en ambos casos a súa predisposición a participar e colaborar nas actividades que se leven a cabo neste curso.

O obxectivo principal, ademais de incrementar a actividade física do alumnado e do seu entorno, é que toda a comunidade educativa sexa consciente da importancia de manter hábitos saudables de xeito regular.

OBXECTIVOS

- Coñecer a realidade do noso centro con respecto á práctica de actividade física fóra do horario lectivo para establecer un punto de partida das nosas propostas.

- Concienciar ao alumando da importancia de manter unha vida saudable e da repercusión negativa que teñen os hábitos nocivos no seu organismo.

- Promover a práctica de actividade física entre o alumnado dentro e fóra do horario lectivo.

- Ofrecer alternativas activas e saudables para o tempo de lecer do alumnado desprazando outras máis sedentarias.

- Dar a coñecer a oferta e posibilidades de actividade física entorno próximo do alumnado: clubs, instalacións deportivas, roteiros...

- Fomentar a autonomía do alumnado para a organización de xogos e actividades deportivas.

- Recoñecer os valores positivos asociados á práctica deportiva e asocialos ao respecto de normas, compañeiros e adversarios.

- Implicar ás familias no fomento dun estilo de vida activo e saudable: transmisión información, actividades en familia...

- Potenciar o traballo en equipo dentro do claustro para levar a cabo as distintas actividades propostas a nivel de centro.

ORGANIZACIÓN

Tendo en conta as pautas establecidas no PVAD para este curso organizaremos as nosas propostas e actividades en 4 ámbitos temporais:

- **Ámbito 1:** Fóra do centro e fóra do horario lectivo: actividades para o tempo de lecer, actividades en familia, oferta de actividade física no entorno próximo... para estas actividades determinaremos en primeiro lugar o nivel de actividade física do noso alumnado fóra do horario lectivo e transmitiremos información ás familias para buscar a súa implicación, xa que sen a súa colaboración resultará imposible consolidar hábitos neste ámbito.

- **Ámbito 2:** Dentro do centro e dentro do horario lectivo: recreos activos, descansos activos, carreira solidaria, eventos especiais, conmemoracións... resultará fundamental a implicación do claustro para que estas actividades se consoliden entre o alumnado. Buscaremos facilitar a organizacións destas actividades e xustificar o porqué das mesmas facendo que pasen a formar parte do día a día do centro.

- **Ámbito 3:** Fóra do centro e dentro do horario lectivo: excursións, carreiras, programa xogade, actividades tipo coñece o meu club, roteiros, andainas... De novo resulta imprescindible a colaboración do claustro para a organización das mesmas. Ademais buscaremos contactar con entidades e clubs do entorno próximo ou da nosa cidade para que o alumnado sexa consciente da oferta de actividades físicas organizadas para o tempo libre.

- **Ámbito 4:** Dentro do centro e fóra do horario lectivo: actividades extraescolares, eventos especiais, celebracións...

Dentro dos 4 ámbitos intentaremos dar protagonismo ao alumnado buscando que se convertan en axentes de saúde dentro do seu entorno.

Proporcionaremoslle autonomía na organización de actividades (torneos, actividades nos recreos...) e intentaremos facelos conscientes da importancia dos hábitos saudables na súa vida diaria (traballos de investigación, gravación de vídeos...). Pretendemos que sexan autónomos para que as aprendizaxes adquiridas esténdanse e resulten útiles máis alá do centro e do horario lectivo.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Avaliación do proceso será continua e formativa e centrarase en 3 momentos temporais ao igual que fixemos ao curso pasado. Utilizaremos enquisas en liña para enviar ás familias e claustro e tamén recolleremos propostas e suxestións do alumnado para as actividades que se organicen dentro do centro e dentro do horario lectivo: recreos, torneos, actividades de Educación Física...

Ao comezo do proxecto realizaremos unha enquisa entre as familias do alumnado para ter unha idea de forma xeral dos seus hábitos de práctica deportiva e de actividade física no tempo de ocio, así como o coñecemento que teñen da oferta de actividade física existente no seu entorno. Teremos así unha avaliación inicial que nos proporcione unha información de partida a partir da cal elaborar as nosas propostas.

Ao longo do proxecto realizarase unha avaliación continua valorando as distintas actividades realizadas e detectando posibles erros a emendar. Deste xeito pretendemos que o proxecto manteña a liña de traballo e os obxectivos para os que inicialmente foi deseñado.

Por último, ao remate do proceso, recollerase a información necesaria para realizar unha avaliación final que permita adaptar o proxecto en función das necesidades detectadas de cara ao vindeiro curso. Nesta avaliación participarán familias, alumnado e claustro.

ACTIVIDADE MERENDAS SAUDABLES

Co fin de promover unha alimentación saudable entre o alumnado do centro e de facelos conscientes dos beneficios que implica a mesma para o seu corpo, intentaremos dar continuidade este curso á actividade “*Merendas Saudables*” que ademais servirá para concienciar da importancia de reducir a xeración de residuos non orgánicos na nosa vida diaria. Esta actividade impúlsase desde o área de Educación Física pero contará coa necesaria e imprescindible colaboración de todo o claustro.

A partir de outubro establecerase un calendario semanal marcando o tipo de merenda que deben de traer cada día. Promóvese principalmente o consumo de froita por considerala a opción máis saudable e a que ao mesmo tempo xera menos residuos non orgánicos. En principio, o calendario quedaría establecido do seguinte xeito:

1. *Luns*: lácteos
2. *Martes*: froita
3. *Mércores*: bocadillo
4. *Xoves*: froita
5. *Venres*: froita

Continuarase a empregar un sistema sinxelo de recompensas para os grupos que mais se motiven e impliquen en maior medida na actividade. Cada día que a clase cumpra de forma maioritaria coa *merenda saudable* establecida obtén un punto. Cada certo número de puntos terá dereito a unha pequena recompensa colectiva da que pode desfrutar todo o grupo.

As familias serán informadas e aconselladas sobre as opcións máis saudables para as merendas dos seus fillo e fillas na reunión informativa de principio de curso e a través do blogue de Educación Física no que se publicará información periódica sobre esta actividade.

OUTRAS ACTIVIDADES INCLUÍDAS DENTRO DO PVDA

Este curso o centro participará por terceiro ano no programa PVAD (proxecto de vida activa e deportiva) e o programa XOGADE (xogos galegos deportivos en idade escolar) enmarcados dentro do Plan Proxecta de innovación educativa.

Trataremos de poñer en marcha e dar continuidade no noso centro a diversas medidas e propostas que fomenten hábitos de vida activa e saudable entre os noso alumnado. Destacamos actividades ás que intentaremos dar continuidade e outras que intentaremos poñer en marcha neste curso:

- Carreira “Quilómetros de Solidariedade” (novembro 2023).
- “No recreo xogamos todos e todas”: recreos dinámicos e inclusivos (todo o curso).
- Obradoiro de Primeiros Auxilios (1º trimestre)
- Actividades en Familia fóra do horario lectivo: retos, andainas, roteiros... (todo o curso).
- Promoción de actividades deportivas fóra do horario lectivo: carreiras, andainas, día do deporte na rúa...
- Día da EF na rúa (abril 2024).
- Semana Saudable (abril 2024).
- Xornada de actividade física e deporte inclusivo

- Coñece o meu club: saídas ou visitas de clubs da nosa entorna para que a rapazada coñeza as distintas posibilidades de ocio activo no seu barrio (ao longo do curso).
- Participación programa do Concello da Coruña “Máis rápidas, máis altas, máis fortes”. Coñecemento de disciplinas deportivas de carácter minoritario promovendo a educación en igualdade.
- Participación na actividade do Concello da Coruña “O Atlántico parte de ti”. Iniciación ós deportes náuticos e á vela.
- Xornada de xogos cooperativos co CEIP Wenceslao Fdez Flórez con 4 Primaria (2º trimestre).
- Actividade de orientación deportiva en entorno próximo ó colexio (4º-6º Primaria / 3º trimestre).
- Etapa do Camiño de Santiago con 5º e 6º de Primaria (maio-xuño 2023).
- Participación no programa Xogade.
- Día Mundial da Actividade Física (abril 2023).
- Fomento dos “Descansos Activos” no claustro para que sexan realizados nas titorías (todo o curso).

III. 7.-DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP Anxo da Garda para o curso 2023/2024 foi constituído formalmente na reunión do Claustro do día 1 de Setembro de 2023.

Os integrantes do equipo son:

- Basilio Freán Bernedo (coordinador e titor de 2ºB).
- Antía Fuentes Teijo (titora de 6º de Educación Infantil).
- Álvaro Fernández Álvarez (titor de 5º B de Educación Primaria).
- Silvia Calvete Vázquez (titora de 6ºA de Educación Primaria).
- Estefanía Novo Rebollo (titora de 1º de Educación Primaria).
- Clara Pérez Malillos (mestra de PT).
- Iván Vázquez López (mestre de AL).

O Equipo de Dinamización reúnese, segundo o calendario establecido no centro, os luns en horario de 16:00 a 17:00.

BREVE ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A.1. CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A característica principal do noso Centro e o seu contexto é o emprego habitual da lingua castelá por parte das familias e o alumnado.

O emprego do galego vai diminuindo co paso das xeracións familiares: moitos dos avós falan entre eles en galego, pero non ocorre igual coas familias e moito menos co alumnado.

O nivel de comprensión do galego entre o alumnado é alto, tanto a nivel oral como escrito.

A actitude cara a o galego entre o alumnado e as familias do Centro adoita ser positiva, manifestando o seu acordo polas medidas e actividades programadas no Centro para perfeccionar e estimular o uso do mesmo.

A.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

A totalidade do profesorado domina a lingua galega e emprégaa normalmente nas reunións e comunicacións escritas, así como nas áreas que se imparten en galego e nas actividades xerais do centro.

A.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

Partimos da base de que a meirande parte dos alumnos acoden ao centro usando o castelán como lingua principal de comunicación. Así e todo, hai que resaltar a actitude positiva que teñen cara ao galego, empregándoo con normalidade nas actividades colectivas do centro e nas materias correspondentes.

A.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

O colexio ten establecido un proceso mediante o que se pretende a inmersión paulatina na lingua galega, co obxectivo final de que cando rematen o ensino primario saiban expresarse perfectamente en galego tanto oralmente como por escrito.

A lingua vehicular no centro é o galego, tanto a nivel burocrático, comunicativo (novas tecnoloxías, murais, circulares ..) coma nas reunións entre profesorado e coas familias. As actividades colectivas realízanse maioritariamente en galego. Todos os anos, as familias do alumnado pertencente a Cuarto de Educación Infantil recibe un cuestionario onde sinala a lingua materna dos fogares. Neste curso 2023/2024, entregáronse 15 consultas ás casas. Deste xeito, o 13,33 % do alumnado de Cuarto de Educación Infantil amosa unicamente ao galego coma lingua materna. O 20 % ten ao galego e ao castelán coma linguas maternas, sinalando ámbalas dúas na enquisa. Finalmente e de xeito maioritario, o 66,66% sinala só ao castelán. Podemos concluir entón que a lingua materna maioritaria é o castelán.

No referente á forma de impartir as materias en galego temos establecido o seguinte:

Educación infantil: Utilízase o castelán como lingua de aprendizaxe pero realízanse moitas actividades orais e escritas en galego, adaptadas á idade do alumnado.

Primaria: Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Educación Física.

DESCRIPCIÓN DE OBXECTIVOS

CENTRO ESCOLAR E COMUNIDADE EDUCATIVA

Conseguir que a comunidade educativa do Centro sinta a Lingua Galega como algo propio, natural e enriquecedor.

Lograr que a comunidade educativa asuma o galego como a lingua vehicular do Colexio.

Velar para que se cumpran os obxectivos que figuran no Proxecto Educativo de Centro no referente á utilización do galego como lingua prioritaria no ensino e na relación entre todos.

Promover actitudes positivas cara o galego mediante as actividades colectivas programadas no centro durante o curso escolar.

Coñecer, valorar e promover diferentes manifestacións da nosa cultura.

Revisar e actualizar o proxecto lingüístico de centro.

PROFESORADO

Elaborar materiais e recursos didácticos que favorezan a aprendizaxe dos alumnos en galego.

Continuar coa programación de actividades colectivas que faciliten e fomenten o uso do galego.

Potenciar a utilización das novas tecnoloxías empregando o galego nas mesmas.

Realizar actividades encamiñadas ao coñecemento da realidade cultural de Galicia.

Mellorar o nivel de uso da Lingua Galega en todo o alumnado a partir do fomento da lectura en galego e da expresión oral da lingua.

Favorecer a utilización do galego entre o alumnado nas diferentes actividades colectivas e nos diversos medios de comunicación que elabora o centro (revista escolar, páxinas web, concursos e conmemoracións ...)

DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

ACTIVIDADES XERAIS

Potenciación da lectura en galego.

Existe no centro un plan de utilización da biblioteca, polo que todos os cursos dedican un mínimo dunha hora semanal realizando actividades de potenciación da lectura. Tamén está sendo utilizada, de xeito voluntario, a biblioteca na hora de lecer por parte do alumnado.

O obxectivo último é fomentar no alumnado a lectura de libros, especialmente en galego, axeitados á súa idade e aos seus intereses, proponendo títulos para a adquisición por parte da biblioteca do Centro. Normalmente desenvólvense

actividades de animación á lectura, fanse exposicións periódicas de libros e realízanse sesións de contacontos dirixidas ao alumnado de Ed. Infantil e 1º ciclo de Ed. Primaria.

Impulsar a relación entre o galego e as novas tecnoloxías e actualización da páxina web do centro

O colexio conta cunha aula de informática que está a disposición do centro para que todo o alumnado do colexio e o profesorado a utilice. O profesorado utiliza as TIC como ferramenta de axuda á aprendizaxe do alumnado e crea recursos en galego: actividades interactivas, presentacións cos contidos das materias, cancións...

As novas relacionadas co EDLG incorpóranse progresivamente ao apartado correspondente da páxina web do centro.

Fomento da oralidade

Realizaranse actividades concretas para favorecer o contacto e emprego cotián coa lingua galega:

En Educación Infantil cómpre empregar o galego nas asambleas, nas rutinas diarias, no momento das merendas e no tempo asignado para ir ao baño (coa gradación oportuna no alumnado de 4º de Educación Infantil). En Educación Infantil e Primaria: na hora de ler, a lectura realizarase en galego un mínimo de dous días á semana; empregarase o galego na etiquetaxe, letreiros ou carteis de aula; o profesorado dirixirse ao alumnado en lingua galega, preferentemente, en espazos e tempos comúns (recreos, corredores, avisos puntuais, etc.); o profesorado empregará preferentemente a lingua galega para relacionarse entre si, en presenza do alumnado, e que desta forma sirva a modo de exemplo para este.

Conmemoración das diferentes festas anuais

Realizaranse actividades para coñecer as festas de especial tradición na nosa Comunidade como a vendima, o Samaín ou os Maios.

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS

Planificamos as actividades que detallamos a continuación aínda que en función do desenvolvemento do curso poderán adaptarse:

Canción do mes. Actividade que substitúe á anterior “palabra do mes”. Cada clase escollerá cada mes unha canción en galego, saíndo unha gañadora que soará nos cambios de aula.

Celebración das Letras Galegas. Realización dalgunha actividade que se concretará máis adiante. Nesta batería de actividades inclúense unha Obra de Teatro (biográfica) por parte de Quinto de

Primaria, máis a elaboración de pergamiños informativos polo barrio. Todas estas actividades iranse concretando ao longo do curso.

Certame Literario “Emilia García Barreiro”. Organizarase un certame literario dividido por trimestres, propoñendo a realización dun xénero en cada un deles. No primeiro trimestre o formato terá coma contido o conto, no segundo a poesía e, no terceiro, a banda deseñada.

Festival de Nadal. Organizarase un festival de Nadal onde se entregarán os premios correspondentes ao Certame Literario “Emilia García Barreiro”, entre os pertencentes a outras actividades do centro.

Almanaque ano 2024. En relación coa temática do PDI da biblioteca elaborárase un almanaque para o ano 2024. Este curso, a temática do centro serán os Xogos Olímpicos. Polo tanto, os alumnos de cada clase realizarán debuxos sobre os Xogos para proceder así á elaboración do calendario.

Colaboración co PLAMBE. Debido a que é o terceiro ano de implantación do PLAMBE, colaboraremos na medida do posible coas actividades propostas polo equipo da biblioteca ou promovendo iniciativas comúns como na celebración do Día da Muller ou do Día do Libro.

Concertos de música tradicional. Quedamos á espera de que a DONAIRE e o grupo IAR (encargados, no caso de IAR, de realizar as actividades os anos anteriores) ofrezan as súas actividades habituais. Ademais, incorporárase un terceiro grupo musical de cara a un concerto no terceiro trimestre.

Día da Prensa. Cunha entrevista a un convidado especial que responderá ás preguntas do alumnado.

Samaín. Levarase a cabo un concurso de cabazas e de receitas en galego.

Postais de Nadal. Actividade de realización de postais de Nadal en colaboración coa Biblioteca.

Desfile de traxes tradicionais. Desfile de traxes tradicionais galegos co anterior correspondente traballo de aula.

III. 8.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE TRABAJO DE BENESTAR

1. Plan de Benestar

O propósito fundamental deste plan de Benestar e Convivencia é crear unha contorna escolar positiva e saudable onde todos os membros da comunidade educativa sentan seguros, respectados e valorados. Isto inclúe aos alumnos, ao profesorado, ao persoal non docente, ás familias e outros membros da comunidade.

Procuraremos unha contorna segura, inclusiva e enriquecedora que fomente o desenvolvemento integral dos estudantes nas etapas de educación infantil e primaria promovendo o benestar físico, emocional e social dos nenos, así como establecer un ambiente propicio para a aprendizaxe, a tolerancia e o respecto mutuo.

A coordinadora do plan de benestar será M^a Victoria Mejuto Fernández, tamén xefa do departamento de orientación, baixo a supervisión do dirección do centro educativo.

Para levar a cabo ditas función coordinarase semanalmente coa dirección do centro educativo, a ANPA, así como o resto de profesorado que sexa preciso para o desenvolvemento de dito plan, e outras institución e persoas externas ao centro educativo que fosen precisas para o que disporá de dúas sesión semanais.

2. Obxectivos, Accións enfocadas ao logro e Temporalización

Obxectivo	Accións	Temporalización	Indicador de Logro
1. Fomentar un ambiente escolar seguro: Garantir que todos os estudantes se sintan seguros física e emocionalmente na escola, promovendo medidas contra o acoso, a violencia e o abuso.	Informar de aqueles cursos de formación para o persoal docente e non docente sobre prevención e detección de acoso e abuso.	Ao longo do curso escolar.	Redución dun 20% en informes e rexistros de sospeita de acoso, violencia o abuso entre los estudantes.
	Establecer un sistema anónimo de informes de acoso e abuso para que os estudantes podan comunicar as súas preocupacións.	1º trimestre do curso escolar.	
	Organizar charlas e actividades educativas sobre resolución pacífica de conflitos e empatía. (PAT).	Ao longo do curso escolar.	
2. Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, incluíndo contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo no plan de acción tutorial.	Desenvolver o plan de acción tutorial e as actividades de mediación e resolución de conflitos incluídos nel. (PAT).	Ao longo do curso escolar.	Implementación con éxito de contidos relacionados con habilidades sociais, intelixencia emocional, autoestima, resolución pacífica de conflitos, mediación e dinámicas de grupo no plan de acción tutorial.
	Informar de aqueles cursos de formación para o persoal docente e non docente sobre habilidades sociais e intelixencia emocional.	Ao longo do curso escolar.	

	Promover a participación dos estudantes na creación de normas de convivencia. (Normas de Aula)	1º trimestre	
3. Establecer normas de convivencia: Desenvolver un conxunto de normas e valores compartidos que promovan a convivencia pacífica e o respecto mutuo entre os membros da comunidade escolar.	Difundir as normas de convivencia a través de folletos e a web do centro. (NOF).	1º e 2º trimestre do curso escolar.	Cumprimento do 90% das normas de convivencia establecidas pola comunidade escolar.
	Implementar programas de educación en valores no centro educativo (EACE).	Ao longo do curso escolar.	
4. Mellorar a comunicación: Facilitar unha comunicación aberta e efectiva entre estudantes, pais, persoal docente e administrativo para abordar problemas e preocupacións de maneira proactiva.	Organizar reunións periódicas entre a comunidade educativa para abordar preocupacións e problemas. (Reunións ANPA, Claustros, Consello Escolar...).	Ao longo do curso escolar.	Aumento do polo menos un 30% na asistencia a reunións e actividades de comunicación entre estudantes, pais, persoal docente e non docente.
	Establecer un sistema de comunicación en liña para facilitar a interacción e retroalimentación entre a comunidade escolar. (Web, Email, Blogue, Abalar...).	Ao longo do curso escolar.	
	Crear grupos de traballo mixtos para abordar temas específicos de convivencia e benestar. (Comisión de convivencia)	1º e 2º trimestre do curso escolar.	
5. Impulsar a participación estudantil: Incentivar a participación activa dos estudantes na toma de decisións relacionadas co ambiente escolar, como a planificación de actividades e a resolución de conflitos.	Elaboración dun programa de resolución de conflitos coa colaboración do alumnado.	Ao longo do curso escolar.	Participación activa do polo menos un 10% dos estudantes na planificación de actividades e na resolución de conflitos escolares.
6. Fortalecer o traballo en equipo: Fomentar a colaboración entre docentes, persoal administrativo, pais e estudantes para abordar os desafíos de convivencia e benestar de maneira efectiva.	Desenvolver proxectos interdisciplinarios que requiren a colaboración de docentes, persoal administrativo, pais e estudantes. (PDI)	Ao longo do curso escolar.	Implementación exitosa de polo menos un proxecto interdisciplinario que involucre a docentes, pais/nais e estudantes.
	Organizar reunións de coordinación regulares entre os diferentes equipos de traballo. (CCP)	Ao longo do curso escolar.	
	Facilitar a participación dos pais a través da ANPA e o Consello Escolar	Ao longo do curso escolar.	

7. Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.	Establecer un protocolo de comunicación interna para identificar e notificar situacións de risco (protocolos)	Ao longo do curso escolar.	Comunicación inmediata nun 100% das situacións de risco detectadas.
	Realizar simulacros periódicos de seguridade para preparar o persoal e estudantes fronte a posibles incidentes (Autoprotección)	Ao longo do curso escolar.	
	Informar de aqueles cursos de formación para o persoal do centro en materia de situacións de risco	Ao longo do curso escolar.	
8. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.	Informar daqueles cursos de formación para o persoal do centro en materia de prevención e protección da infancia.	Ao longo do curso escolar.	Participación do 60% do persoal do centro en programas de formación relacionados coa prevención e protección da infancia e a adolescencia.
	Organizar obradoiros e actividades para o alumnado sobre prevención de violencia e acoso. Plan Director, Isto xa non é unha broma: prevención de acoso escolar e ciberacoso. (EACE).	Ao longo do curso escolar.	
	Realizar sesións informativas para pais e familias sobre como detectar e responder a situacións de violencia. Plan Director (EACE).		
9. Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.	Colaborar con expertos en nutrición para desenvolver un programa de alimentación escolar equilibrada. Alimentación e consumo. (EACE).	Ao longo do curso escolar.	Implementación dun programa de alimentación escolar equilibrada e merendas saudable que satisfaga as necesidades nutricionais do alumnado.
	Ofrecer charlas e obradoiros sobre nutrición e hábitos alimenticios saudables para estudantes e pais. Alimentación e consumo (EACE).	Ao longo do curso escolar.	
10. Promover a saúde física e mental: Implementar programas que fomenten un estilo de vida saudable, incluíndo a actividade física e a xestión do estrés, e ofrecer apoio en saúde mental cando sexa necesario.	Implementar programas de actividade física e xestión do estrés para estudantes e persoal. Proxecto vida activa e saudable. (PDI, EF).	Ao longo do curso escolar	Aumento do 20% na participación dos estudantes en programas de actividade física e xestión do estrés, e acceso adecuado a servizos de apoio en saúde mental.
	Organizar actividades de concienciación sobre a importancia	Ao longo do curso escolar.	

	dun estilo de vida saudable. Proxecto vida activa e saudable. (PDI, EF)		
11. Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.	Formar/informar ao persoal do centro sobre a lexislación de protección de datos e os procedementos a seguir en casos de tratamento ilegal.	1º trimestre do curso escolar.	Comunicación inmediata ás autoridades pertinentes no 100% das situacións de tratamento ilegal de datos persoais de menores de idade.
	Establecer unha canle de comunicación directa coa autoridade pertinente. (Plan Director)	Ao longo do curso escolar.	
12. Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.	Organizar actividades e proxectos que promovan a convivencia pacífica e os valores democráticos. (EACE)	Ao longo do curso escolar.	Implementación de polo menos unha acción promotora de valores democráticos de convivencia, negociación, diálogo e cultura de paz.
	Fomentar o diálogo e a resolución pacífica de conflitos en todas as interaccións escolares. (Patios dinámicos)	Ao longo do curso escolar.	
	Establecer reunións periódicas da comisión de convivencia que supervise e promova estas medidas. (Comisión de convivencia)	1º e 2º trimestre do curso escolar.	
13. Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.	<ul style="list-style-type: none"> Reunir un equipo interdisciplinario de profesionais para deseñar e implementar programas de detección de dificultades de convivencia. (crear equipo de convivencia). 	Ao longo do curso escolar.	Deseño e desenvolvemento de polo menos un programa para detectar dificultades de convivencia y relación en el centro educativo.
	<ul style="list-style-type: none"> Realizar seguimento dos resultados e adaptar os programas segundo sexa necesario. (Comisión de convivencia) 	1º e 2º trimestre do curso escolar.	
14. Fomentar o respecto e aceptación a diversidade cultural, étnica, de xénero e de habilidades como o alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade creando un ambiente onde todos os estudantes sentan valorados.	Organizar actividades culturais e educativas para promover a comprensión e o respecto á diversidade. (Celebracións, día da paz, muller, discapacidade,...)	Ao longo do curso escolar.	Enquisa que reflecta un aumento do 20% na percepción de respecto e aceptación da diversidade cultural, étnica, de xénero e habilidades entre el alumnado.
	Facilitar a participación de estudantes con nee en actividades escolares e deportivas. (Proxecto vida activa e	Ao longo do curso escolar.	

	saudable, excursións, patios dinámicos		
15. Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.	Establecer un protocolo de coordinación coa entidade de servizos sociais competente.	Ao longo do curso escolar..	Coordinación exitosa de polo menos o 90% dos casos que requiran intervención dos servizos sociais competentes, con comunicación ás autoridades correspondentes segundo sexa preciso.
	Identificar casos que requiren intervención e comunicar de maneira inmediata ás autoridades pertinentes.	Ao longo do curso escolar	
	Realizar seguimento dos casos e colaborar coas autoridades durante todo o proceso.	Ao longo do curso escolar	
16. Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.	<ul style="list-style-type: none"> Organizar reunións informativas e asesoramento para as familias sobre temas de convivencia e benestar escolar. (Titorías). 	Ao longo do curso escolar.	Participación activa de polo menos o 50% das familias en actividades relacionadas coa convivencia democrática e o benestar escolar.
	<ul style="list-style-type: none"> Facilitar a participación dos pais en comités e grupos de traballo escolares. (ANPA, Consello escolar, Comisión de convivencia) 	1º e 2º trimestre do curso escolar.	
	<ul style="list-style-type: none"> Promover de dar difusión de canles de comunicación abertas e accesibles para as familias. (Web, Email, Abalar..) 	Ao longo do curso escolar.	
17. Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.	Ofrecer programas de formación para as persoas proxenitoras e titores sobre prevención e protección da infancia e adolescencia. (Plan director)	1º e 2º trimestre do curso escolar..	Participación do 10% das persoas proxenitoras e titores legais en programas de formación relacionados coa prevención e protección da infancia e da adolescencia.
	Organizar sesións informativas sobre os procedementos de actuación en caso de violencia ou abuso.	Ao longo do curso escolar	
	Facilitar recursos e apoio ás persoas proxenitoras para afrontar situacións delicadas.	Ao longo do curso escolar	
18. Avaliar e axustar o plan: Realizar avaliacións periódicas para medir o progreso cara aos obxectivos, identificar áreas de mellora e axustar o plan segundo sexa necesario.	Realizar unha avaliación formal do plan ao final de cada ano escolar.	Ao final de cada ano escolar.	Realización de polo menos unha avaliación formal do plan durante o ano escolar, identificación das áreas de mellora e axuste de polo menos tres aspectos significativos do plan.
	Identificar áreas de mellora e establecer plans de acción para abordalas.	Ao final de cada ano escolar.	
	Axustar o plan segundo sexa necesario en base aos resultados e retroalimentación da comunidade escolar..	Ao principio de cada ano escolar.	

3. Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

O procedemento de seguimento, avaliación e modificación do Plan de Benestar Escolar ten como obxectivo monitorizar o progreso cara aos obxectivos establecidos e asegurar a súa efectividade a través dunha serie de pasos sistemáticos. Este procedemento será aplicado a cada un dos obxectivos, que están acompañados por indicadores de logro específicos.

Pasos do Procedemento:

Recollida de Datos: No inicio do curso escolar, recóllense datos de referencia relacionados cos indicadores de logro de cada obxectivo. Estes datos servirán como punto de partida para a avaliación.

Continuamente ao longo do curso escolar, recóllense datos actualizados relacionados cos indicadores, de ser posible.

Avaliación Inicial: Ao final do primeiro trimestre do curso escolar, realízase unha avaliación inicial para determinar o progreso cara aos obxectivos. Isto implica analizar os datos recollidos e comparalos cos indicadores de logro establecidos.

Medidas Correctivas: En base da avaliación, se se identifican áreas nas que non se están a cumprir os indicadores de logro, desenvólvense medidas correctivas específicas para abordar esas áreas.

Seguimento: Ao longo do curso escolar, realizaremos un seguimento continuo dos indicadores de logro e das medidas correctivas de ser o caso.

Avaliación Final: Ao final do terceiro trimestre do curso escolar, realízase unha avaliación final para determinar se se alcanzaron os indicadores de logro. Compáranse os datos actuais cos datos de referencia e os obxectivos establecidos.

Informe de Avaliación Final: Elaborase un informe de avaliación final que inclúa os resultados da avaliación final e unha análise global do progreso cara aos obxectivos.

Modificación do Plan: Se se alcanzan os indicadores de logro, o plan continúa sen cambios significativos. Se non, analízanse as medidas correctivas e realízanse modificacións no plan, se necesario.

Difusión de Resultados: Os resultados da avaliación, así como a modificación no plan, deben ser comunicados á comunidade escolar, incluíndo estudantes, pais, persoal docente e administrativo. Este procedemento asegura unha motorización constante do Plan de Benestar e Convivencia Escolar e permite facer os axustes precisos, garantindo un ambiente escolar seguro e saudable para todos.

IV. PLANIFICACIÓN POR NIVEIS

Páxina

1.- Obxectivos xerais	88
2.- Educación Infantil	89
3.- Primeiro curso de Ed. Primaria	96
4.- Segundo curso de Ed. Primaria	101
5.- Terceiro curso de Ed. Primaria	106
6.- Cuarto curso de Ed. Primaria	112
7.- Quinto curso de Ed. Primaria	119
8.- Sexto curso de Ed. Primaria	128
9.- Especialidades	141
9.1 Área de Educación Física	141
9.2. Área de Lingua Inglesa	145
9.3 Educación Artística	150
9.4. Área de Relixión Católica	186
9.5. Atención educativa (Alternativa á Relixión)	193
9.6. Plan Anual do Departamento de Orientación e plan de atención á diversidade.	194
- Audición e Linguaxe	213
- Pedagogía Terapéutica	222

IV. 1.- OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio Corpo e o dos outros, respectar

as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

IV. 2.- PROGRAMACIÓN ED.INFANTIL

ALUMNADO

No curso 2023-2024 contamos, no mes de setembro, cun total de 64 alumnos e alumnas distribuídos do seguinte xeito:

4º EDUCACIÓN INFANTIL	17 nenas e nenos
5º EDUCACIÓN INFANTIL	18 nenas e nenos
6º EDUCACIÓN INFANTIL	25 nenas e nenos

MESTRAS E MESTRES QUE IMPARTEN DOCENCIA

- Titora 4º EI: Silvia Vidal Filgueiras
- Titora 5º EI: María Teresa Cornide Docal
- Titora 6º EI: Antía Fuentes Teijo
- Profesora Apoio e psicomotricidade EI: Celia Sanfiz Pérez.
- Inglés: Estefanía Cabarcos Blanco.
- Música: Andrea Carme Doural García, substituída por Jorge López Díaz
- Xefa do Departamento de Orientación: Victoria Mejuto Fernández
- Audición e Linguaxe: Amelia Seoane-Chanes Castiñeira e Iván Vázquez López.
- Pedagogía Terapéutica: Marta Lista Becerra e Clara Pérez Malillos
- Relixión: Santiago Ubaldo Rubio Arias

LIBROS DE TEXTO E METODOLOXÍA DE TRABALLO

Empregarase só un libro de texto para Relixión Católica, da Editorial ANAYA. Os ISBN son os seguintes.

3 anos	97-884-678-159-17
4 anos	97-884-678-159-24
5 anos	97-884-678-159-31

O resto da etapa educativa traballará sen libros de texto, a partir de materiais de creación propia, con unidades didácticas e por proxectos.

Levaremos a cabo unha metodoloxía cunha concepción construtivista da aprendizaxe, primando a experimentación directa e tendo en conta os intereses de nenos e nenas. É fundamental que sexa o alumnado o que constrúa o seu propio saber integrando as novas aprendizaxes no substrato do que xa coñece, fomentando así a adquisición das competencias clave. Así, varios puntos clave no día a día nas aulas, tendo en conta as orientacións no canto da metodoloxía recollidas en cada unha das 3 áreas do Decreto 150/2022 serán:

- ✓ Detectar os coñecementos previos do alumnado para poder levar a cabo unha intervención adecuada, así como ter en conta os seus intereses.
- ✓ Programar situacións adaptadas ás súas experiencias para provocar o conflito cognitivo que actuará de resorte para que os nenos e nenas presenten solucións a cada situación.
- ✓ Empregar as TIC na medida das súas posibilidades para coñecer o contorno máis afastado e darlles ferramentas para enfrontarse á información recollida nas mesmas de forma crítica.
- ✓ O establecemento de contidos que actúen como organizadores previos, a planificación dos eixes temáticos, centros de interese e o reparto regular e periódico dos contidos abordados con anterioridade contribúen a que os nenos e nenas sentan confianza e seguridade ante as situacións que se lles propoñan.
- ✓ Realización de actividades conxuntas internivel, para aproveitar así a riqueza das interaccións que se orixinan entre alumnado de diferentes idades.

Tendo en conta todo o comentado ata aquí, trataremos os contidos do 2º ciclo de forma global, interrelacionando os distintos ámbitos ou áreas de experiencia que conforman o currículo. Organizaranse así mesmo os contidos en unidades de programación, ou centros de interese, significativos para os nenos e nenas, de cara a que os vinculen debidamente coa información que xa posúen, adquirindo así aprendizaxes significativas.

En todo o ciclo, e como Proxecto Documental Integrado a nivel centro, levarase tamén a cabo o proxecto “OS XOGOS OLÍMPICOS”.

En canto á hora de atención educativa, como alternativa á relixión, levaranse a cabo diferentes actividades relacionadas coa educación en valores.

PROGRAMACIÓNS

Neste curso, seguindo instrucións da Consellería de Educación, as programacións didácticas elaboraranse por nivel empregando a aplicación PROENS, tomando como referente legal o Decreto 150/2022 e a Orde de 30 de maio de 2023. As mesmas, procuran adaptarse ao máximo á realidade de cada aula concreta, tendo en conta os intereses, motivacións e necesidades do alumnado de cada unha delas.

AVALIACIÓN

Seguiremos para a avaliación o establecido no artigo 22 do Decreto 150/2022 e todo o establecido na Orde de 30 de maio de 2023. Os *criterios de avaliación* serán os indicadores sobre que aprendizaxes debe conseguir o alumnado ao finalizar cada unidade didáctica. Non obstante, abordarase unha avaliación de xeito individualizado, tendo en conta as particularidades de cada neno e nena, seguindo deste xeito unha pedagogía sistémica. Estableceranse uns criterios de avaliación mínimos que todos os alumnos deben conseguir. A avaliación será:

- Continua, global e formativa: tendo en conta o progreso dos alumnos no conxunto das áreas. Contemplanse tres modalidades:
 - Avaliación inicial: Permite obter información sobre os coñecementos previos e características persoais que permitan unha atención e metodoloxía axeitada.
 - Avaliación formativa: Realízase ao longo de todo o proceso e permite ver as dificultades e progresos de cada un.
 - Avaliación final: Establece os resultados do proceso de aprendizaxe e a consecución de obxectivos.
- Individualizada: centrándose na situación inicial de cada alumno e na súa evolución
- Integradora: tendo en conta a existencia de diferentes grupos e situacións e permitindo flexibilidade na aplicación dos criterios.
- Cualitativa: na medida na que se aprecian todos os aspectos que inciden na situacións particulares e se avalían de xeito equilibrado, non só os aspectos cognitivos.
- Orientadora: proporcionándolle ao alumno estratexias para mellorar as súas aprendizaxes.

Os principais instrumentos de avaliación serán:

- Observación directa e sistemática, tanto dentro como fóra da aula (recreos, actividades complementarias, etc.).

- Entrevistas coas familias.
- Análise de producións feitas polo alumnado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: SAÍDAS E VISITAS

As actividades complementarias e saídas educativas supoñen un recurso fundamental e moi enriquecedor para o alumnado, para saír así das catro paredes que limitan ás aulas e poder aproveitar os recursos que o contorno nos ofrece.

As actividades solicitadas e programadas para levar a cabo ao longo do curso, tanto dentro como fóra do centro, son as seguintes:

1. Aquarium Finisterrae.
2. Visitas escolares a la biblioteca 23/24 (cultura).
3. Educación vial con la policía: os parruliños coñecen a rúa (a coruña vial).
4. Rutas urbanas animadas (coruña de aventura): Santa Margarida, María Pita e Xardíns de Méndez Núñez.
5. Alimentación y consumo (a coruña e o consumo):
 - Frutas y verduras para 3 años
 - Nutrición y dieta equilibrada para 4 y 5 años
6. CARREIRA SOLIDARIA no parque de Eirís.
7. Desfile de Entroido polo barrio.
8. Festival de Nadal.
9. Candamín: terapia asistida con animais.
10. Perros e letras: terapia con animais.
11. Orquesta Sinfónica de Galicia: Concertos Didácticos.
12. Día da Educación Física na rúa.
13. Lecturas na rúa en colaboración con biblioteca.
14. Saída de fin de curso polos parques da contorna.
15. Saídas polo concello e concellos limítrofes segundo o centro de interese que esteamos traballando.

ACTIVIDADES COLECTIVAS DO CICLO DENTRO DO DÍA A DÍA DO CENTRO

Participaremos a nivel centro nas propostas dos diferentes equipos de dinamización do centro: EDLG, equipo de Biblioteca, etc. A maiores, participaremos tamén en diferentes actividades complementarias a nivel centro:

- **Festival de nadal.** Acordouse en claustro a realización dun festival, para o que as aulas prepararán diferentes actuación para desenvolver ante os compañeiros e compañeiras do centro.

- **Entroido.** Levarase a cabo un meco a nivel centro, con diferentes celebracións, e un desfile polo barrio.
- **Samaín.** Na última semana de outubro realizaranse nas aulas e no barrio pequenas celebracións e contacontos en base a esta temática. Exposición de cabazas.
- **Letras Galegas.** Realizarase unha feira coincidindo con esa celebración.
- **Concertos de Música Tradicional.** A cargo de Asociacións da cidade.
- **Almanaque ano 2024,** que se realizará por parte do EDLG con colaboración de todas as aulas arredor da temática seleccionada polo equipo de biblioteca.
- **Rexistro e préstamo semanal de fondos da Biblioteca de centro.**
- **Apadriñamentos lectores.**
- **Certames do concurso Emilia Barreiro: narrativa, poesía e banda deseñada.**
- **A canción do mes.**
- **Semana da ciencia.**
- **Xornada especial no último día de curso.**

Todas estas actividades desenvolveranse en distintas dependencias do centro adaptadas para tal fin e conmemoraranse segundo se estableza na CCP.

A maiores, é importante salientar que se levarán a cabo actividades en conxunto con todo o alumnado de Educación Infantil para aproveitar así as interaccións que se poidan dar entre o alumnado de diferentes idades.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

As familias cobran un papel fundamental no día a día das nosas aulas. Ao longo do curso, serán varias os medios de colaboración coas mesmas:

- Reunión grupal presencial a comezo de curso en cada titoría. As familias de 4º de EI serán recibidas antes do comezo das actividades lectivas.
- Hora semanal de titorías os luns de 18:00 a 19:00.
- Comunicación escrita a través de ABALAR. Dende o centro preténdese manter canles de comunicación fluídas ás familias e acorde coa sociedade actual, por iso fomentase de xeito progresivo o uso de abalarmóbil

- Contacontos e obradoiros dentro da aula a cargo das familias en función dos centros de interese que se estean a traballar en cada momento, empregando diferentes recursos.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Seguindo as indicacións do Decreto 229/2011 e a Orde de 8 de setembro de 2021, durante todo o curso levaranse a cabo medidas xenéricas de atención á diversidade, co obxectivo de dar resposta ás necesidades de todo o alumnado do centro.

No caso de Educación Infantil, as medidas xerais que tanto as titoras como o resto de profesorado especialista poñerán en marcha son:

- Ter en conta a realidade da aula e do contorno no que vive o alumnado e partir dos seus intereses.
- Modificar os tempos programados a cada actividade para adaptalas ao ritmo de cada neno.
- Modificar, ou incluso suprimir, aquelas actividades que non dean resposta aos obxectivos establecidos.
- Manter altas expectativas con respecto ás posibilidades de aprendizaxe do alumnado.
- Motivar ao alumnado para que participe de bo grao nas actividades.

Cada titora, propoñerá na programación da súa aula as medidas específicas do alumnado que así o requira. Ademais da posta en práctica do obradoiro de PELO, que será impartido polas mestras titoras, podendo contar sempre co asesoramento dos especialistas de AL do centro.

O plan de estimulación da linguaxe oral cobra unha vital importancia na Educación Infantil, etapa na que é fundamental estimular todas as linguaxes, pero destacando a importancia da oral por ser o maior vehículo de comunicación nestas idades temperás. Así, a linguaxe verbal ten unha gran relevancia na aula. Traballarase así especificamente a área de comunicación e representación da realidade do noso Decreto 150/2022, e especialmente o bloque de contido de “comunicación verbal-oral, comprensión-expresión” e a competencia clave en comunicación lingüística. Co Decreto 79/2010 debemos ter tamén en conta a existencia de dúas linguas cooficiais na nosa Comunidade Autónoma, para non perder de vista a estimulación de ambas linguas dende a escola.

Como principal obxectivo co PELO, o equipo de ciclo propoñemos o seguinte:

- Fomentar o emprego da linguaxe oral para comunicarse cos iguais, respectando opinión e cuestión dos compañeiros/as, empregando palabras e tons de voz axeitados a cada situación.

Levarase a cabo unha sesión semanal de 50', no momento da asemblea, coincidindo así co momento de maior concentración do alumnado, tendo en conta a curva de fatiga de Kraepelin.

As actividades levadas a cabo adaptaranse aos diferentes centros de interese que se estean a traballar, e incidirán sobre todo en:

- Desenvolvemento e articulación de praxias bucofaciais.

- Discriminación auditiva.
- Conciencia fonolóxica.
- Sopros.
- Xogos de expresión e comprensión.
- Respiración.

REUNIÓN DO EQUIPO DE CICLO

O equipo de ciclo reunirse tendo en conta a planificación de reunións do centro, ademais das veces que sexan consideradas necesarias a maiores.

INCORPORACIÓN GRADUAL DO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN

No presente curso, o claustro e o equipo de ciclo acordaron a organización dunha incorporación gradual do alumnado de nova incorporación a 4º de Educación Infantil para levar a cabo no mes de setembro. Así, dividiuse ao alumnado en 2 grupos, seguindo como criterio para esta división nenos e nenas usuarios de comedor para ir na segunda quenda, e adaptáronse tamén as quendas de permanencia na aula. O resultado foi o seguinte:

Período de adaptación

LUNS 11	MARTES 12	MÉRCORES 13	XOVES 14	VENRES 15
GRUPO A 10:00-11:45	GRUPO A 10:00-11:45	GRUPO A+B 10:55-13:55	GRUPO A+B 10:30-13:55	GRUPO A+B 10:00-13:55
GRUPO B 12:10-13:55	GRUPO B 12:10-13:55			

É importante sinalar tamén a importancia de levar a cabo esta adaptación sempre que un neno ou nena se incorpore novo ao centro, polo que seguindo a Orde de 22 de xullo de 1997, se o profesorado de Infantil considera beneficioso para o alumnado esta incorporación gradual unha vez comezado o curso, estea no curso que estea, poderanse adaptar os seus tempos de permanencia no centro durante os primeiros días da súa incorporación.

Seguiranse, en todo caso, as medidas organizativas e pedagóxicas recollidas no Proxecto Educativo do centro.

O ciclo de EI propón a realización dunha XORNADA DE PORTAS ABERTAS

Neste curso, propónse a realización dunha xornada de portas abertas no segundo trimestre para recibir a aquelas familias interesadas en matricular aos seus fillos/as no centro no vindeiro curso.

O equipo de ciclo considera moi beneficiosa esta xornada de cara a que o centro estea aberto á sociedade e que as familias poidan así coñecer os servizos, instalacións e persoal do centro antes do período de matrícula.

IV. 3.- PRIMEIRO CURSO DE E.P.

EQUIPO DE PROFESORES

Titora 1ºA: Estefanía Novo Rebollo

Inglés: César de León del Río

Educación física: Gerardo Diego Parrado Regueira

Audición e linguaxe: Iván Vázquez López

Arts & Crafts: Jorge López Díaz

Música: Jorge López Díaz

Orientación: Mª Victoria Mejuto Fernández

Relixión: Santiago Rubio Arias

Proxecto competencial: Estefanía Novo Rebollo

Hora Lectura: Estefanía Novo Rebollo e Clara Pérez Malillos

ALUMNADO

O grupo está formado por 25 alumnos/as. Concretamente por 12 nenas e 13 nenos.

Algún destes nenos/as irán co profesor de AL xa que presentan dislalias.

Asisten a clases de Proxecto competencial 20 alumnos/as e 5 a clases de Relixión.

OBXECTIVOS XERAIS POR COMPETENCIAS

Competencia Plurilingüe

A competencia plurilingüe ou multilingüe baséase na capacidade de utilizar diversas linguas para comunicarse. Ademais de mellorar e perfeccionar a lingua materna, esta competencia anima a enriquecer a comunicación dos alumnos co dominio doutras linguas: linguas oficiais, linguas de uso estendido e mesmo linguas clásicas. Unha das mellores formas de coñecer unha cultura é precisamente a través da súa lingua e da súa linguaxe. Ao aprender novos idiomas, os alumnos tamén aumentarán o seu coñecemento sobre diferentes pobos, países e culturas, adquirindo unha visión máis ampla do mundo no que viven.

Competencia en comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística combina varias habilidades dos alumnos, xa que comprende todo tipo de comunicacións e soportes: desde a oralidade máis habitual ata a comunicación audiovisual ou outras que tamén precisan do dominio das tecnoloxías. Sexa cal for o modo en que nos comunicamos, esta primeira competencia trata da interacción entre as persoas.

Tamén falamos de léxico, gramática e ortografía; de dimensión sociolingüística, pragmática e discursiva. Traballaremos en clase para que os nosos alumnos melloren a lectura, a escritura, a fala, escoita e a conversación, ademais da análise da información e o seu sentido crítico.

Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería

A competencia relacionada coas STEM, combina a importancia das matemáticas, das ciencias e da tecnoloxía para facer fronte aos problemas do mundo moderno. Para desenvolver a competencia matemática, os alumnos traballan os números, as medidas e as estruturas, así como as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos. Con todo este coñecemento, poderán analizar problemas e datos, chegar ás súas propias conclusións e reflexionar sobre os procesos que seguiron para defendelas. Doutra banda, o enfoque da ciencia e a tecnoloxía vincúlase co coñecemento e a conservación do medio natural, así como o progreso. Tamén contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e forman aos nenos e nenas para ser cidadáns responsables e capaces de facer xuízos críticos sobre feitos científicos.

Competencia dixital

Ninguén dubida de que a competencia dixital é fundamental no mundo actual, e máis que o será no día de mañá! Por iso, a nova lei pon foco no uso das novas tecnoloxías, utilizándoas para que os nosos alumnos sexan máis creativos e tamén máis críticos, tendo máis acceso á información. Iso si, sempre facendo un uso responsable. Para desenvolver a competencia dixital, traballamos varias linguaxes (textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro) e aprendemos a manexar aplicacións e programas informáticos.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender

Esta competencia clave baséase na habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe e o seu obxectivo é que os alumnos logren unha aprendizaxe cada vez máis autónomo e eficaz. Para iso, deberán aprender a organizarse e a controlar os seus propios procesos de aprendizaxe. Neste punto, o alumno combinará o que sabe sobre a súa propia forma de aprender, o que sabe da materia e dos contidos que se traballan na aula e as estratexias de que dispón.

Competencia cidadá

Esta competencia comprende a competencia social e a cívica e trata temas tan importantes como a igualdade e a non discriminación, a democracia, a xustiza e os dereitos humanos. Para empezar, a competencia social busca o benestar persoal e tamén colectivo, cun bo estado de saúde físico e mental, ademais doutros factores socioeconómicos determinantes. Doutra banda, a competencia cívica céntrase no coñecemento de conceptos sociopolíticos e económicos de carácter máis global, por exemplo a solidariedade, a importancia dos eventos históricos. O mundo é lugar enorme e

complejo! Habemos de axudar aos nosos alumnos para ir comprendendo aos poucos como funciona e que podemos facer para melloralo, xa que os nosos actos locais tamén teñen consecuencias globais.

Competencia emprendedora

O sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE) axudaranos a transformar as ideas en algo real, recoñecendo as oportunidades persoais, profesionais e tamén comerciais, porque non esquezamos que se trata de formar a adultos competentes e capaces de desenvolverse no mundo actual. Esta competencia require de moitas habilidades, como a capacidade de análise, organización, adaptación, toma de decisións, resolución de problemas, traballo cooperativo, responsabilidade, sentido crítico, autonomía e confianza en si mesmo, porque para crear hai que crer en iso!

Competencia en conciencia e expresión culturais

A última das competencias clave fálanos da importancia e a riqueza das diferentes culturas: coñecelas, aprecialas e achegarnos a elas cunha actitude aberta e respectuosa. Tamén fomenta a creatividade e a participación na vida cultural, contribuíndo ao patrimonio cultural e artístico de todas as comunidades. Ademais, esta competencia tamén fai especial fincapé na expresión artística e plástica, fundamentais para mostrar tanto a identidade cultural compartida dos pobos como a persoal, de cada individuo.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será en todo momento activa, participativa, inclusiva e comunicativa para favorecer a integración dos diversos ritmos e necesidades que amosen os nenos e nenas. Buscarase a motivación do alumnado por medio de experiencias próximas á súa realidade, lúdicas e variadas.

Sempre que sexa posible empregaranse as TIC para consolidar coñecementos e favorecer o manexo das ferramentas dixitais. Tamén a biblioteca de aula terá unha grande importancia como elemento vivo da mesma para incentivar o hábito lector dos nenos e nenas.

Iniciarase aos alumnos na introdución ao coñecemento científico.

AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán os indicadores sobre que aprendizaxes debe conseguir o alumno ao finalizar cada unidade didáctica.

Estableceranse uns criterios de avaliación mínimos que o alumnado debe conseguir e que están sinalados nas correspondentes programacións.

A avaliación será continua e global, tendo en conta o progreso do alumno en todas as áreas.

- Farase unha avaliación inicial, durante as dúas primeiras semanas do curso, para establecer os coñecementos previos e as características persoais que nos permitan unha atención diferenciada.
- A Avaliación procesual, formativa, que nos dará visión dos progresos e dificultades de cada alumno, ao longo dos trimestres.

- A Avaliación final, sumativa, que establecerá os resultados e a consecución dos obxectivos.

Algúns dos procedementos e instrumentos que empregaremos para avaliar serán os seguintes:

- Observación sistemática: anecdotario, listas de control, escalas de observación, rúbricas, libros de texto.
- Análise das producións escritas: cadernos de clase, manuais da editorial e textos escritos.
- Análise das producións orais: diálogos, entrevistas, postas en común, asembleas...
- Técnicas alternativas: informes de actividades interactivas, mapas conceptuais, ...
- Nos casos que se considere necesario, realizaranse excepcionalmente probas específicas: obxectivas, abertas, resolución de exercicios...
- Autoavaliación da práctica docente e da adecuación da programación anual.

SAÍDAS E VISITAS

Estamos á espera de establecer coas diferentes entidades que xestionan as saídas as datas para levalas a cabo. Serán as seguintes:

1º trimestre

- Visita a Fundación María José Jove
- Carreira no parque de Eirís

2º trimestre

- Saída a biblioteca municipal do Castrillón
- Visita ao museo de Belas Artes

3º trimestre

- Ruta urbana (Os tesouros de María Pita)
- Visita ao Aquarium.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Considerarase a participación noutras actividades propostas e organizadas para o todo o Centro (día da Paz, Letras galegas, actividades de biblioteca...). Ademais contéplase a posibilidade de que ao longo do curso xurda algunha actividade ou saída de interese axeitada aos obxectivos do ciclo.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Prestarase atención á diversidade do alumnado se queremos que todos aprendan. En canto ao proceso ensinanza-aprendizaxe na aula distinguiremos varios tipos de actividades segundo a súa finalidade,

tendo en conta que non todos saben o mesmo, que non teñan as mesmas capacidades, intereses ou maneiras de aprender.

Ao inicio de curso realizarase unha avaliación da linguaxe oral dende o Departamento de Orientación para detectar posibles dificultades nos casos de alumnado que durante o curso anterior recibiu atención das especialistas de Audición e Linguaxe.

Despois da realización da avaliación inicial das alumnas, e tendo en conta os informes finais do curso anterior, estableceranse plans de reforzo en colaboración co Departamento de Orientación para as persoas que o precisen.

PLAN DE REFORZO

Tendo en conta os informes do curso anterior e partindo dos resultados da avaliación inicial realizada nas diferentes materias, teremos en conta que alumnos precisan algún tipo de apoio.

Ademáis, calquera caso da aula que precise reforzo ou apoio, recibirao por parte do mestre-titor, do correspondente especialista, dun mestre dispoñible do centro ou dos especialistas de PT e AL. Para salvar estas diferenzas planteáanse tanto actividades orais e escritas, como de reforzo e ampliación, e tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado

Plan de reforzo:

Durante o primeiro trimestre, adoptaranse as medidas necesarias para favorecer a transición do grupo entre as etapas de infantil e primaria que se basearán nas informacións correspondentes nas memorias finais da etapa de Educación Infantil e nas avaliacións iniciais.

Este plan inclúe os seguintes aspectos de maneira xeral:

- Repaso das letras maiúsculas e iniciación as letras minúsculas. Comezaremos polas vogais e continuaremos coas consoantes.
- Presentaremos as letras aos alumnos e despois practicaremos o trazo delas.
- Da mesma maneira iniciaremos a lectura. Para isto utilizaremos diferentes soportes.
- Repasaremos os números ata o 10, tanto no conteo, coma na grafía.
- Traballaremos tamén os diferentes obxectivos que vexamos que non están conseguidos adaptando en todo momento a nosa programación.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Realizaranse dúas reunións cos pais/nais, como mínimo, durante o curso.

Unha ao inicio do curso onde se lles informará das normas do centro, as competencias básicas e obxectivos do ciclo, horario de tutorías de pais/nais .

Outra realizarase ao final de curso na que se realizará unha valoración do mesmo e daranse unhas orientacións de cara ao verán.

Adicarse unha hora semanal á realización de entrevistas individualizadas ao longo do curso, a petición tanto das familias como do profesorado. Estas entrevistas terán lugar os luns de 18:00 a 19:00.

Estarase en contacto coas familias a través de Abalar móbil, correo electrónico, páxina web do centro...

IV. 4.- SEGUNDO CURSO DE E.P.

EQUIPO DE PROFESORES

Titores:

Estefanía Cabarcos Blanco (2º A)

Basilio Freán Bernedo (2º B)

Matemáticas e Proxecto Competencial: Cristina Culebras Yáñez (2ºA)

Inglés: Estefanía Cabarcos Blanco

Educación física: Gerardo Parrado Regueira

Audición e linguaxe: Iván Vázquez López

Pedagogía terapéutica: Clara Pérez Malillos

Arts & Crafts e música: Andrea C. Doural García, substituída por Jorge López Díaz.

Orientación: M. Victoria Mejuto Fernández

Relixión: Santiago Ubaldo Rubio Arias.

ALUMNADO

Neste curso hai matriculados 35 alumnos, divididos en dúas aulas. En segundo A temos 6 nenas e 12 nenos, cun total de 18 alumnos e alumnas. En segundo B temos 6 nenas e 11 nenos, cun total de 17 alumnos e alumnas. Varios alumnos/as de ambas aulas reciben apoio de PT e AL..Varios destes alumnos/as da aula reciben apoio de PT e AL.

En xeral, o dominio da lingua galega por parte do grupo é escaso, polo que se traballará na consecución deste obxectivo.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

OBXECTIVOS XERAIS POR COMPETENCIAS

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Competencia plurilingüe (CP).

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e inxeñaría (STEM).

Competencia dixital (CD).

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Competencia cidadá (CC).

Competencia emprendedora (CE).

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

METODOLOXÍA:

A metodoloxía caracterizarase por ser participativa, inclusiva, comunicativa e activa, sendo aberta e flexible ante calquera circunstancia ou cambio que se presente. Terase en conta a diversidade do alumnado e os ritmos, intereses, necesidades e estilos de aprendizaxe dos mesmos.

Empregarei diferentes recursos, ben a través de actividades motivacionais como a través das TIC, en definitiva, potenciando a mezcla de recursos para procurar aproveitar ao máximo o proceso ensino-aprendizaxe. Deste xeito o resumo dos devanditos recursos será:

- Partir das experiencias vividas polo alumnado.
- Fomentar o intercambio de ideas, o respecto cara as opinións dos demais, a participación en tarefas de grupo.
- Ter en conta a atención á diversidade do alumnado.
- Iniciar aos alumnos no coñecemento científico.

AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán os indicadores sobre que aprendizaxes debe conseguir o alumno ao finalizar cada unidade didáctica. Estableceráanse uns criterios de avaliación mínimos que todo os alumnos deben conseguir e que están sinalados nas correspondentes programacións.

A avaliación será continua e global, tendo en conta o progreso do alumno en todas as áreas.

Avaliación inicial, para establecer os coñecementos previos e as características persoais que nos permitan unha atención diferenciada e saber de onde partimos.

Avaliación continua, que nos dará visión dos progresos e dificultades de cada alumno no día a día.

Avaliación final, sumativa, que establecerá os resultados e a consecución dos obxectivos durante un espazo de tempo determinado.

Procedementos e instrumentos que empregaremos para avaliar serán os seguintes:

Observación sistemática.

Caderno de clase e textos escritos.

Colección de traballos.

Probas escritas moi puntuais e cunha determinada fundamentación.

Producións orais.

Intercambios orais cos alumnos: diálogos, entrevistas, postas en común, asembleas...

Probas específicas: obxectivas, abertas, resolución de exercicios...

Autoavaliación.

PLAN DE REFORZO

Tendo en conta os informes do curso anterior e partindo dos resultados da avaliación inicial realizada nas diferentes materias, teremos en conta que alumnos precisan algún tipo de apoio.

Ademáis, calquera caso da aula que precise reforzo ou apoio, recibirao por parte do mestre-titor, do correspondente especialista, dun mestre dispoñible do centro ou dos especialistas de PT e AL. Para

salvar estas diferenzas empregaremos actividades tanto orais coma escritas. Por exemplo, actividades de reforzo e ampliación, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

SAÍDAS E VISITAS

- Saída ao Parque de Eirís
- Visita á Fundación María José Jove
- Biblioteca do Castrillón
- Visita ao Museo de Belas Artes
- Aquarium
- Rutas urbanas
- Educación vial coa Policía

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Considerarase a participación noutras actividades propostas e organizadas para todo o Centro (día da Paz, Letras galegas, actividades de biblioteca, talleres na aula de igualdade, charlas e outras actividades que se realicen dentro do Centro...), así coma as ofrecidas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Prestarase atención á diversidade do alumnado se queremos que todos aprendan. No tocante ao proceso ensinanza-aprendizaxe distinguiremos na propia aula varios tipos de actividades segundo a súa finalidade, tendo en conta que non todos saben o mesmo, non parten do mesmo punto, que non teñan as mesmas capacidades, intereses ou maneiras de aprender, nin as mesmas circunstancias persoais. Algúns nenos recibirán reforzo por parte do titor; para outros solicitarase o apoio de outro profesor do centro, sempre que haxa dispoñibilidade horaria.

Os apoios dos especialistas serán fundamentais para reforzar o traballo ao alumnado, tanto de articulación con AL como coas PT.

COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

Realizaranse dúas reunións cos pais/nais como mínimo durante o curso.

- Unha, ao inicio do curso, onde se lles informará das normas do Centro, as competencias básicas e obxectivos do ciclo, horario de atención a país, saídas ao longo do curso....
- Outra, ao final de curso, na que se realizará unha valoración do mesmo e daranse unhas orientacións de cara ao verán e ao curso seguinte.
- Adicarase unha hora semanal á realización de entrevistas individualizadas ao longo do curso, a petición tanto das familias como do profesorado. Estas entrevistas serán preferiblemente presenciais.
- Estarase en contacto coas familias a través de Abalarmóbil, correo electrónico, páxina web do centro e contacto telefónico.

IV. 5.- TERCEIRO CURSO DE E.P.

1. ALUMNADO

O grupo do terceiro nivel está formado por 23 estudantes, 11 nenos e 12 nenas. Asisten a clases de Proxecto Competencial 13 alumnos e alumnas, e a clases de Relixión, 10. Cinco alumnos/as incorpóranse este ano ao centro, dous procedentes da nosa mesma comunidade autónoma, un doutra comunidade autónoma española, e dous do estranxeiro; os tres últimos non teñen coñecementos previos de galego, o que dificultará o seu estudo das CS e as CN.

2. PROFESORADO

Titor de 3º Nivel: Juan Antonio Vázquez Campo

Lingua inglesa: César de León del Río

Educación Física : Gerardo Parrado Regueira

Educación Artística: Andrea Doural García, substituída por Jorge López Díaz

Proxecto Competencial: Juan Antonio Vázquez Campo

Relixión: Santiago Ubaldo Rubio Arias

3. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte do alumnado, das capacidades que permitan:

- a- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d- Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e- Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f- Adquirir nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n- Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta será global e activa, entendendo por tal a actividade, tanto física como mental, que potencie a construción de aprendizaxes significativas. As estratexias metodolóxicas a empregar estarán fundamentadas nos seguintes criterios:

1 Os métodos de ensino-aprendizaxe atenderán á diversidade do alumnado e aos seus diferentes ritmos de aprendizaxe. Isto implica partir sempre dos coñecementos previamente adquiridos.

2 Propiciar a creatividade do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

3 Prestar especial atención á comprensión lectora e ao fomento da lectura como actividade lúdica.

4 Iniciación ao método científico a través de actividades que impliquen a observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses.

5 Emprego dos mecanismos de dedución, planificación e toma de decisións que lles permitan ser progresivamente autónomos.

6 Procurar estratexias de aprendizaxe acordes cos contidos. Crear hábitos para localizar a información, seleccionala e recoñecer as fontes e recursos máis apropiados para acceder a ela.

7 Procurar un uso eficaz e responsable das TIC nas actividades de ensino-aprendizaxe.

8 Promover o espírito emprendedor a través da elaboración de traballos persoais e en equipo que permitan en maior ou menor medida a decisión persoal.

9 Realizar con frecuencia traballo cooperativo, en parella ou en equipo, como medio para desenvolver hábitos de responsabilidade, boa convivencia e resolución pacífica de conflitos.

10 Desenvolver con frecuencia actividades que inclúan a necesidade de expresarse ante a clase, creando un hábito que lles permita sentirse cómodos nesa situación e reforzando así a seguridade en si mesmos.

11 Buscarase crear un ambiente de tranquilidade e benestar na aula que favoreza o desenvolvemento da estabilidade emocional individual.

5. AVALIACIÓN

5.1. A avaliación será:

Continua e global, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo.

Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.

Integradora, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións, e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

5.2. Contemplanse tres modalidades:

- Avaliación inicial. Proporciona unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
- Avaliación formativa. Concédelle importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada caso.
- Avaliación sumativa. Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo.

5.3. Criterios e instrumentos de cualificación

Matemáticas

As probas escritas suporán un 80% da cualificación. - O rexistro de avaliación continua (que poderá conter datos sobre fichas, saídas ao encerado, participacións na clase, cadernos, exercicios interactivos na aula virtual, observación do comportamento e esforzo) constituirá o 20% da cualificación.

Lingua Galega e Lingua Castelá

Realizaranse probas escritas que representarán un 60% da cualificación. O 40% restante corresponderá ao rexistro de avaliación continua, podendo rexistrarse datos sobre:

- comprensión lectora.
- outros traballos de redacción.
- lectura e expresión oral.
- cadernos, tarefas na aula virtual, observación da participación nas clases, o comportamento e o esforzo.

Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza

Realizaranse probas escritas que representarán un 70% da cualificación.

O 30% restante corresponderá ao rexistro de avaliación continua (traballos escritos individuais e de grupo, exposicións orais, cadernos, traballos en formato dixital a través da aula virtual, observación da participación nas clases, o comportamento e o esforzo.) Nestas dúas asignaturas, se un alumno ou alumna non acada o aprobado no exame sobre un tema, realizarase unha proba de recuperación.

Proxecto competencial

Realizárase a avaliación a través do rexistro de avaliación continua, no que se recollerán observacións sobre:

- a calidade das tarefas realizadas.
- a correcta actitude nos traballos de grupo: a disposición a axudar e recibir axuda, a responsabilidade nos compromisos asumidos e o interese pola consecución dun bo resultado final.
 - o sentido da responsabilidade mostrado coa entrega dos traballos na data indicada, así como no coidado do material.
 - o esforzo en presentar os traballos con boa execución, boa presentación e limpeza.
 - o interese mostrado mantendo a atención durante as clases.
 - o respecto ás normas de clase.
 - o respecto cara ás opinións e realizacións dos compañeiros.

5.4. Cualificacións finais

Para determinar a cualificación final das asignaturas de CS, CN e Proxecto Competencial realizárase a media das cualificacións das tres avaliacións.

Nas asignaturas de LG, LC e Matemáticas, dado o carácter progresivo da aprendizaxe, terá máis peso a cualificación do terceiro trimestre.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

A coordinación do Equipo Docente coas mestras especialistas de PT e AL e a Orientadora, así como coas familias do alumnado, será esencial para atender as necesidades propias de cada alumno ou alumna. Durante a avaliación inicial determinarase se algún neno ou nena precisa recibir apoios ordinarios e/ou extraordinarios. Nese caso, solicitarase a intervención de Orientación.

O alumnado que teña suspensa algunha asignatura do curso anterior recibirá un plan de reforzo que será elaborado e posto en práctica pola titora ou polo profesor ou profesora da materia correspondente.

Para aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades nalgunha das áreas durante o curso realizaremos as seguintes actuacións:

As actividades a desenvolver por este alumnado terán menor dificultade, se é preciso.

Prestaráselles unha atención máis individualizada na aula.

Terminada a avaliación inicial, solicitarase á Xefatura de Estudos a presenza dun profesor ou profesora de apoio na aula para mellorar a atención individualizada, durante o número de sesións que a dispoñibilidade de persoal do centro permita.

De ser posible contar coa axuda e colaboración da familia, estableceranse unha serie de actividades e medidas para realizar no domicilio coa supervisión dos pais.

Nos casos en que sexa necesario, solicitarase a intervención da Orientadora para realizar programas de reforzo que serán aplicados pola titora ou polas especialistas en PT ou AL.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS EDUCATIVAS

7.1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NO CENTRO E/OU CONTORNA

- A Coruña vial; educación viaria. Visita á sala de control de tráfico.
- A Coruña ambiental. O aire que nos arrodea. Inclúe charla e obradoiro.
- Publicidade e consumo.
A publicidade dos alimentos.

7.2. SAÍDAS E VISITAS EDUCATIVAS

- Itinerarios.
O mozo Picasso. De casa ao colexio.
A cidade de María Pita.
- Visitas escolares
- Concerto educativo da Orquestra Sinfónica de Galicia.
- Residuos urbanos en A Coruña.
Parque de Bens.

8. REUNIÓN PAIS/NAIS

- Realizaranse dúas reunións como mínimo durante o curso:

Unha reunión inicial na que se informará aos pais e nais das normas do centro, os obxectivos que os alumnos deben acadar neste ciclo, horario de visitas de pais e nais e calquera outro asunto do seu interese referido á educación do alumnado.

Unha reunión final para informar do grao de consecución do programado, e analizar as causas e consecuencias dos aspectos a corrixir.

Adicarase unha hora semanal, os luns de 18.00 a 19.00, a entrevistas coas familias dentro das funcións de acción tutorial.

-A comunicación coas familias realizarase preferentemente a través da aplicación Abalar Móbil, tanto para o intercambio de mensaxes como para concertar citas e para a xustificación de faltas dos alumnos e alumnas. Empregarase tamén o teléfono e o correo electrónico.

IV. 6.- CUARTO CURSO DE E.P.

1. ALUMNADO

O cuarto nivel está formado por dous grupos; 4º A con 13 e 4ª B con 14, sendo un total de 27 alumnos e alumnas.

Asisten a clases de P.C.15 un total de nenos e nenas e a clases de Relixión, 12.

Varios alumnos e alumnas proceden doutros países e non dominan a Lingua Galega. Nalgúns casos ese baixo coñecemento da lingua dificulta o seu traballo en Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.

Varios alumnos e alumnas recibían apoio en PT e AL durante o pasado curso, e está previsto que algúns continúen recibíndoo.

2. PROFESORADO

Titira de 4ºA: Eva Peteiro Castro.

Titira de 4º B: Sonsoles Mugarra Fernández-Roel.

Lingua inglesa: César de León del Río

Educación Física 4º A e 4º B: Gerardo Parrado Regueira

Educación Artística 4ºA e 4ºB : Andrea Doural García, substituída por Jorge López Díaz.

Proxecto Competencial 4ºA: Eva Peteiro Castro.

Proxecto Competencial 4ºB: Sonsoles Mugarra Fernández-Roel

Relixión 4ºA e 4ºB: Santiago Ubaldo Rubio Arias

Audición e Linguaxe: Amelia Seoane Chanes e Iván Vázquez López

Pedagogía Terapéutica 4ºA e 4ºB: Clara Pérez Malillos.

3. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte do alumnado, das capacidades que permitan:

a- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade n aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d- Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e- Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura nas dúas linguas.

f- Adquirir nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.

g- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e no deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como una actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n- Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. METODOLOXÍA

4.1. A **metodoloxía** proposta será **global e activa**, entendendo por tal a actividade, tanto física como mental, que potencie a construción de aprendizaxes significativas. As estratexias metodolóxicas a empregar estarán fundamentadas nos seguintes criterios:

- Favorecer a comprensión de conceptos, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar as competencias.
- Propiciar a creatividade do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara a súa aplicación en contextos diferentes.
- Procurar estratexias de aprendizaxe acordes cos contidos, empregando aqueles métodos a través dos cales poidan localizar a información, seleccionala e recoñecer as fontes e recursos máis apropiados para acceder a ela.
- Emprego, por tanto, dos mecanismos propios de dedución, planificación e toma de decisións que lles permita ser progresivamente autónomos.
- Uso das TIC nas actividades de ensino-aprendizaxe.
- Promover a elaboración de traballos persoais e en equipo, favorecendo o traballo cooperativo e a resolución pacífica de conflitos.
- Especial atención á educación emocional en todos os momentos do proceso ensino-aprendizaxe.
- Os modelos de ensino-aprendizaxe deberán atender á diversidade do alumnado.

5. AVALIACIÓN

Estableceranse uns criterios de avaliación mínimos que os alumnos deben conseguir.

A avaliación será:

Continua e global, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contemplanse tres modalidades:

- ***Avaliación inicial***. Proporciona unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
- ***Avaliación formativa***. Concédelle importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada caso.
- ***Avaliación sumativa***. Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo.

Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.

Integradora, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións, e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

Orientadora, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Criterios e instrumentos de cualificación

Matemáticas

- As probas escritas suporán un 50% da cualificación.
- O rexistro de avaliación continua (fichas, saídas ao encerado, participacións na clase, cadernos, exercicios interactivos na aula virtual, observación do comportamento e esforzo) constituirá o 50% da cualificación.

Lingua Galega e Lingua Castelá

- * Realizaranse probas escritas que representarán un 50% da cualificación.
- * O 50% restante corresponderá ao rexistro de avaliación continua (podendo rexistrarse datos sobre fichas de comprensión lectora, traballos de redacción, outros traballos, lecturas, exposicións orais, cadernos, aula virtual, observación da participación nas clases, o comportamento e o esforzo.)

Ciencias Sociais e Ciencias Naturais

- Realizaranse probas escritas que representarán un 50% da cualificación.
- O 50% restante corresponderá ao rexistro de avaliación continua (traballos escritos individuais e de grupo, exposicións orais, cadernos, traballos en formato dixital a través da aula virtual, observación da participación nas clases, o comportamento e o esforzo.)

Proxecto Competencial

Realizarase a avaliación a través do rexistro de avaliación continua, no que se recollerán observacións sobre:

- a calidade dos exercicios ou traballos en relación aos estándares traballados.
- o sentido da responsabilidade mostrado coa entrega dos traballos na data indicada.

- o esforzo en presentar os traballos con boa execución, boa presentación e limpeza.
- o interese mostrado mantendo a atención durante as clases.
- o respecto ás normas de clase.
- o respecto cara ás opinións e realizacións dos compañeiros.
- a correcta actitude nos traballos de grupo: a disposición a axudar e recibir axuda e o interese pola consecución dun bo resultado final.

5.4. Cualificacións finais

- Para determinar a cualificación final das materias de C.S. e C.N. realizarase a media das cualificacións das tres avaliacións.
- Nas materias de P.C., LG, LC e Matemáticas, dado o carácter progresivo da aprendizaxe, terá máis peso a cualificación do terceiro trimestre.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

A coordinación do Equipo Docente, as mestras especialistas de PT e AL e a Orientadora, así como coas familias do alumnado, será esencial para atender as necesidades propias de cada alumno/a.

-Durante o pasado curso, varios alumnos e alumnas recibían sesións de apoio en PT e AL e está previsto que algúns deles continúen recibíndoas. Durante a avaliación inicial determinarase se algún outro neno ou nena precisa incorporarse a dito apoio. Nese caso, solicitarase a intervención de Orientación.

-O alumnado que teña suspensa alguna asignatura do curso anterior recibirá un plan de reforzo que será elaborado e posto en práctica pola titora ou profesor/a da materia correspondente.

-Para aqueles alumnos/as que presenten dificultades nalgunha das áreas durante o curso realizaremos as seguintes actuacións:

- As actividades a desenvolver por este alumnado terán menor dificultade, se é preciso. Prestaráselles unha atención máis individualizada na aula.
- Terminada a avaliación inicial, solicitarase á Xefatura de Estudos a presenza dun profesor/a de apoio na aula para mellorar a atención individualizada, durante o

número de sesións que a disponibilidad de persoal do centro permita.

- De ser posible contar coa axuda e colaboración da familia, estableceráanse unha serie de actividades e medidas para realizar no domicilio coa supervisión dos pais.
- Nos casos en que sexa necesario, solicitarase a intervención da Orientadora para realizar programas de reforzo que serán aplicados polas titoras ou polas especialistas en PT ou AL.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS EDUCATIVAS.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NO CENTRO

Ambos niveis participarán de xeito activo nas distintas actividades propostas dende o propio centro, como poderá ser:

- Día do Libro.
- Carreira solidaria no parque de Eirís organizada polo profesor de EF en colaboración coa O.N.G. Save the Children.
- Mes da Ciencia.
- Certame Literario.
- Día da Paz.
- Teatro en inglés.
- Xornada de Xogos proposta polo Mestre de Educación Física.
- Feira das Letras,...

Participarase de calqueira outra actividade que, relacionada coas conmemoracións oficiais ou co currículo, que puidese xurdir durante o curso.

SAÍDAS E VISITAS EDUCATIVAS

Propostas polo Concello da Coruña:

- Visitas escolares. Coruña de aventura: Porto da Coruña.
- Itinerarios. O mozo Picasso.
- Concertos Didácticos da OSG e Conservatorio.

- Residuos urbanos na Coruña: O parque de Bens.

Exposición e taller de fotografía U.D.C.

Outras saídas a pé que se consideren necesarias para un mellor coñecemento da contorna ou para traballar diversos aspectos do currículo.

10. REUNIÓNS PAIS/NAIS

- Realizaranse dúas reunións como mínimo durante o curso:

- 2 Unha reunión inicial na que se informará aos pais e nais das normas do centro, os obxectivos que os alumnos deben acadar neste ciclo, horario de visitas de pais/nais, logros e calquera outro asunto do seu interese referido á educación do alumnado. Unha reunión final para informar do grao de consecución do programado, e analizar as causas e consecuencias dos aspectos a corrixir.

- Adicarase unha hora semanal, os luns de 18.00 a 19.00, a entrevistas coas familias dentro das funcións de acción tutorial. Mantendo sempre a flexibilidade en canto á comunicación e trato coas familias.

-A comunicación escrita coas familias realizarase preferentemente a través da aplicación Abalar Móbil, tanto para o intercambio de mensaxes como para concertar citas e para a xustificación de faltas dos alumnos e alumnas.

IV. 7.- QUINTO CURSO DE E.P.

ALUMNADO

O grupo de 5º nivel está composto por 26 nenos e nenas (14 no grupo A, e 13 no grupo B).

No grupo de 5º A hai 3 persoas atendidas por profesorado especialista do Departamento de Orientación. No grupo de 5º B hai 4 estudantes que recibe atención por parte do profesorado especialista do D.O.

Trátase dun grupo de alumnos e alumnas heteroxéneo e diversidade funcional polo que precisará apoios constantes e puntuais cando a situación o requira, así como levar a cabo a práctica docente a través de diversas metodoloxías de xeito especial.

PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA NO GRUPO:

- Titora de 5ºA: Paula Bermúdez Fernández.
- Titor de 5º B: Álvaro Fernández Álvarez.
- Lingua inglesa: César de León del Río.
- Educación Física: Gerardo Diego Parrado Regueira.

- Música e Art & Crafts: Andrea Dorural García. Substituída por Jorge López Díaz.
- Relixión Católica: Santiago Ubaldo Rubio Arias
- Pedagogía Terapéutica: Marta Lista Becerra.
- Audición e Linguaxe: Iván Vázquez López.

ÁREAS

- Lingua Galega e Literaura.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Lingua extranxeira-Inglés.
- Matemáticas.
- Ciencias Sociais.
- Ciencias Naturais.
- Educación Artística (Música e danza + Arts & Crafts).
- Educación Física.
- Relixión/Proxecto competencial.

Establecemos uns obxectivos xerais para este curso a partires dos referentes para toda a etapa e tendo en conta a proximidade da súa consecución total, seguindo a normativa vixente en materia educativa (LOMLOE).

OBXECTIVOS XERAIS POR COMPETENCIAS

Os obxectivos de área correspóndense coas competencias específicas establecidas no Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo.

Competencia en comunicación lingüística (CCL):

Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

Competencia plurilingüe (CP):

Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM):

Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

Competencia dixital (CD):

Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

Competencias persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

Competencia cidadá (CC):

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Competencia emprendedora (CE):

- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC):

- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

CONTIDOS

O decreto que establece o currículo en Galicia será referente básico para a elaboración das programacións de aula. Expoñemos aquí un resumo dos principais contidos das áreas e nos que se centrará o labor docente.

Linguas galega e castelá

Trátase dunha visión GLOBAL das linguas en todos os seus aspectos, destacando os aspectos comprensivos e expresivos das mesmas.

Vocabulario:

Utilizar un amplo rexistro nas dúas linguas de situacións habituais na súa vida: a escola, as viaxes, os amigos, a paisaxe, etc.

Recoñecer antónimos, sinónimos, familias léxicas, palabras polisémicas, xentilicios, refráns e frases feitas, etc.

Uso habitual do dicionario. Abreviaturas.

Ortografía:

Escribir sen faltas nas dúas linguas, incluídos os acentos.

Atender ás diferenzas ortográficas entre as dúas linguas (b-v; x-j/g; h, ll/y – i, etc.).

Signos de puntuación: punto, coma, dous puntos, punto e coma, guión.

Gramática:

Clases de palabras (análise morfolóxico).

Inicio do análise das oracións (análise sintáctico).

Comunicación, linguaxe e linguas.

Texto e parágrafo.

Expresión oral e escrita:

Descricións: propia, allea, dunha paisaxe, dunha escea...

Tipos de textos: anécdota, carta, correo electrónico, entrevista, conto, poemas, anuncios, etc.

Recursos literarios: repetición, metáfora, personificación. Estilo directo e indirecto

Comprensión oral e escrita:

Estrutura de textos: parágrafos, introdución – nó – desenlace.

Formato de textos: noticias, cómic, diálogos, versos...

Uso de fontes de información para resumir, ampliar, coñecer e aprender. Análise, dedución e síntese (alfabetización informacional).

Lectura individual e colectiva, en voz alta e interior.

Educación literaria:

Iniciación aos recursos literarios: a prosa, o verso, o teatro.

Autores galegos e hispanos de relevancia.

Literatura infantil: autores e obras. A banda deseñada.

Obras de transcendencia da literatura galega e española.

Matemáticas

Nesta área trátase de aplicar os conceptos matemáticos en situacións e acontecementos cotiás, reflexionando sobre a existencia da numeración, a medida e a xeometría no noso día a día, aplicando ademáis os conceptos á resolución de problemas.

Cálculo:

Numeración ata 9 cifras.

Números romanos.

Operacións de suma, resta, multiplicación e división (ata tres cifras no divisor).

Fraccións: suma e resta.

Operacións con decimais (ata a milésima). Os cartos: euro e céntimos.

Porcentaxes.

Cálculo mental.

Resolución de problemas:

Métodos de resolución de problemas.

Problemas en situacións cotiás coas operacións de cálculo especificadas. Problemas con unidades de medida do SMD, dos cartos e do tempo.

Xeometría:

Ángulos e a súa medida.

Figuras planas. Identificación de formas regulares e irregulares. Áreas.

Medida:

Medidas de lonxitude, capacidade e masa. Equivalencias.

Medidas de superficie.

Medida do tempo (sistema sexagesimal).

Tratamento da información.

Coordenadas, gráficos e pictogramas.

Probabilidade e estatística.

Ciencias Sociais

Non se pretende unha aprendizaxe memorística, senón que coñezan e sintan curiosidade pola organización e funcionamento social, a vida no pasado, os aspectos xeográficos da súa contorna máis próxima e que desenvolvan actitudes e hábitos de respecto por todas as culturas e pobos do mundo, dentro do desenvolvemento das competencias básicas establecidas no currículo.

Xeografía física:

O Sistema Solar. A Terra e a súa representación.

O clima e a paisaxe natural de España e Galicia. Elementos e factores do clima. Os climogramas. O relevo de Galicia e España.

Xeografía humana:

Características fundamentais da Unión Europea.

A organización política e territorial de España e Galicia.

A poboación en España e Galicia. As pirámides de poboación.

A actividade económica. Os sectores de produción.

Historia:

A Idade Media: o sistema feudal. A Hispania Visigoda. Al-Andalus e reinos cristiáns. A cultura e o arte medieval.

A Idade Moderna: sociedade e economía. Os Reis Católicos. A monarquía dos Austrias. A decadencia do século XVII. O reformismo do século XVIII. A arte na Idade Moderna: o Renacemento e o Barroco. O século de Ouro.

Da España dos Reis Católicos á dinastía borbónica.

Ciencias da Natureza

Igual que na área de CC. Sociais, a curiosidade polos elementos da Natureza, o respecto ao entorno e á vida natural e o desenvolvemento de actitudes de respecto polo medio ambiente (aforro enerxético, cambio climático...) primarán sobre o aspecto memorístico.

Os seres vivos: función vitais e clasificación. Estrutura e organización.

A protección do medio natural: ecosistemas e espazos protexidos.

A materia e as súas propiedades: cambios de estado e cambios químicos. Os materiais.

A enerxía e as súas formas: fontes renovables e non renovables. Desenvolvemento sustentable.

Novas tecnoloxías: coñecemento das máquinas e funcionamento das novas tecnoloxías.

Proxecto Competencial

Pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de

colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os diferentes saberes.

establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Obxectivos desta área son:

OBX1. Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.

OBX2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.

OBX3. Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso dos recursos informáticos e audiovisuais.

O proxecto competencial que levaremos a cabo neste curso 2023-2024, no nivel de 5º de E.P. terá como punto de partida os intereses do noso alumnado. Ao ser ambos titores novos con estas dous grupos grupo, non podemos definir antes de comezar o curso cal vai ser a temática do produto que realicemos ao longo do ano académico. Aínda así, podemos definir algunhas das liñas de aprendizaxe que imos a seguir nesta materia durante todo este ano, estas serán as seguintes:

- Desenvolver unha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade e as persoas que nela conviven
- Os proxectos desenvolveranse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto.
- As actividades dirixiranse a reforzar os aspectos máis transversais do currículo favorecendo interdisciplinabilidade.
- A realización do proxecto contribuirá á alfabetización informacional e dixital.
- Impulsarase o traballo cooperativo que lles permita a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.
- O profesorado estimulará e axudará ao alumnado favorecendo o traballo cooperativo. O carácter colectivo buscará a inclusión do alumnado.

- Empregaránse distintos métodos que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos.
- As propostas metodolóxicas favorecerán a súa integración na vida cotiá contribuíndo a súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo unha aprendizaxe permanente.
- No aula desenvolverase un clima emocional de confianza e seguridade, favorecendo a creatividade e as emocións positivas.
- Énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada e na prevención das dificultades de aprendizaxe, promovendo unha equidade nas oportunidades de aprendizaxe.

METODOLOXÍA

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, diariamente os alumnos/as adicarán un tempo á lectura non inferior a vinte minutos, tempo reflectido no horario antes do recreo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos **actividades de aprendizaxe integradas** que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Os recursos a empregar dentro da aula veñen definidos este curso polo Proxecto E-Dixgal. Os ordenadores persoais permitirán fomentar unha aprendizaxe máis próxima ás circunstancias actuais de traballo e comunicación, con especial fomento do uso das TIC's, Internet e Intranet, aprendizaxe a través de informacións variadas e múltiples de diferentes orixes, con intervención do sentido crítico para seleccionar e organizar esas informacións, e con respecto polo ritmo persoal de aprendizaxe. Ao mesmo tempo, e sendo este o primeiro curso no que este proxecto se aplica no Centro, manterase o uso de materiais tradicionais (libros de texto impresos do banco de libros, libretas...) para que este cambio sexa unha evolución suave para alumnado e familias.

Haberá momentos no que sexa necesario facer traballo na casa. En todo caso será traballo que non se rematou no tempo lectivo, actividades de reforzo ou resumo que se consideren necesarias, ou algunha actividade de investigación coas TIC's, lectura ou cálculo. O principal obxectivo destas tarefas é inculcar e asentir un hábito de traballo que é necesario, e tamén darse de conta de que o esforzo é necesario para acadar metas, e ás veces non é suficiente só coa asistencia a clase.

Calquera recurso que poda ser utilizado na aula, ben sexa humano, tecnolóxico, material ou bibliográfico e sexa potencialmente rendable para a aprendizaxe usarase na medida das posibilidades do centro.

AVALIACIÓN

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente mediante indicadores de logro.

Coa fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal cada trimestre.

Dado que tamén os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis veñen claramente especificados no currículo, cómpre sinalar os procedementos e instrumentos que se levarán a cabo para a avaliación das aprendizaxes dos alumnos.

Pártese da idea que a avaliación se leva a cabo en tres fases:

- **Avaliación inicial**, nas primeiras semanas de setembro, para comprobar que grao de competencia teñen xa asimilado os nenos e as nenas e para detectar, sobre todo, aqueles casos de atención específica, ben sexa por un baixo grao en determinadas competencias, ou, pola contra, en alumnos ou alumnas que amosen un grao alto nalgúns aspectos. Para esta tarefa usaremos:
 - Cuestionarios ou probas de avaliación inicial referidas aos contidos finais de 5º nas áreas instrumentais.
 - Listas de cotexo e observación directa na aula.
 - Lectura de informes/documentos educativos dos cursos anteriores.
 - De verse necesario realizaranse reunións coas familias ao comezo do curso que servirá tamén para obter información actualizada de cada neno no referente á súa saúde, situación familiar, desenvolvemento, etc.
 - Informes individualizados de recuperación do alumnado de reforzo educativo.

- **Avaliación formativa**, ao longo de cada trimestre e con resultados parciais que son informados ás familias. Para realizala atenderemos a:
 - * Observación do traballo na aula por parte do profesorado e do comportamento e actitudes expresadas polo alumnado.
 - * Análise das producións escritas do alumnado reflectidas sobre todo no caderno de clase, ou noutro tipo de traballos: resúmenes, actividades de expresión oral ou escrita, monografías, etc.
 - * Probas obxectivas (controis), baseados no desenvolvemento das competencias, con preguntas abertas e pechadas de razoamento, comprensión escrita, inxerencias, exposición de temas, problemas, etc.
 - * Intercambios orais cos alumnos: intervencións na aula, diálogos, entrevistas, asembleas, debates.

- **Avaliación sumativa**, ao final do curso, no que se valorará se se acadan os mínimos esixibles do nivel, valorando tamén o grao de adquisición das competencias básicas.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como xa se indicou na composición do grupo, existen casos de atención específica que seguirán o seu proceso de aprendizaxe dun xeito moi individualizado e sempre cos consellos e acordos do Departamento de Orientación. Non se descarta a posibilidade de que xurdan máis nenos e nenas con NEAE ao longo do curso, por diferentes motivos.

O traballo de coordinación entre o equipo docente habitual, profesores de apoio e orientadora será periódico e constante, tratando de verificar no momento preciso as necesidades educativas específicas que poidan xurdir así como a revisión das xa valoradas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS

Contémplanse as seguintes actividades, agardando nalgún caso a concesión por parte das institucións implicadas:

- Aprender igualdade creando.
- Participación no concurso de carteis 8M.
- Navega con Rumbo.
- Plan Director: charla contra o ciberacoso.
- O ceo nocturno.
- Colaboración coa Universidade da Coruña co taller artístico anual da fundación -Marta Ortega.
- Visita dun periodista con motivo da Semana da prensa.
- Actividades de Matemáticas recreativas. Crecer Creando.
- Visitas escolares Coruña aventura. Bonilla.
- Itinerarios do concello “Praza forte do Reino de Galicia”
- A ruta da auga: Taller + visita ao encoro de Cecebre.
- Visitas escolares “Espías no tempo”
- Obradoiro impartido polo equipo ABAC. Prevención dos TCA a través da identificación de estereotipos asociados.
- Visitas escolares á biblioteca municipal ou próxima 23/24.
- Teatro en Inglés. Trouble in the Jungle.
- Carreira Campo a Través – Programa XOGADE.
- “O Atlántico parte de ti”.
- Coñece o meu club: Judo Club Coruña.
- Coñece o meu club: SD As Xubias.
- Coñece o meu club: 100TOLOS Club de Esgrima.
- Coñece o meu club: outros clubs.
- Iniciación á escalada.
- Obradoiro de Primeiros Auxilios.
- Semana Saudable.
- Día da Educación Física na rúa.
- “Máis rápidas, máis altas, máis fortes”.
- Carreira solidaria “Kilómetros de Solidariedade”no parque de Eirís.
- Día Mundial da AF.
- Etapa Camiño de Santiago.
- Orientación deportiva.
- Xornada deporte e actividade física inclusiva.
- Equinosens

PROXECTO E-DIXGAL

Este curso é o inicio para estes nenos do “Proxecto E-Dixgal”, encamiñado non só á iniciación consciente da competencia dixital, senón tamén ao afianzamento das outras competencias que marca a LOMLOE, como:

- Avanzar na autonomía persoal, adquirindo responsabilidade no coidado do material informático que lles corresponde, así como na organización da información curricular (aprender a aprender) con sentido crítico e espírito emprendedor, reafirmando a seguridade propia na toma de decisións e con respecto polo ritmo persoal de aprendizaxe.
- Continuar coa utilización do soporte dixital e valorar o seu uso como ferramenta de aprendizaxe.
- Personalizar o seu ordenador creando carpetas e arquivos persoais onde almacenar os seus traballos, que sirvan ademáis para a organización da súa aprendizaxe.
- Elaborar producións propias en grupo ou individuais en soporte informático sobre contidos curriculares.
- Utilizar as TIC para o seu tempo de lecer, sendo críticos con aquelas prácticas que supoñen un risco para a súa integridade emocional.
- Implicar ás familias no uso das TIC e colaborar con elas na alfabetización dixital dos seus fillos.

REUNIÓN PAIS

Realizarase unha reunión presencial ao inicio do curso onde se lles informará das normas do Centro, as competencias básicas, contidos a traballar, horario de atención a pais, proxecto E-Dixgal...

O resto de titorías faranse de todos os luns de 18:00 a 19:00 atenderase ás familias que o desexen solicitando sempre cita previa, e tamén a aqueles pais que o profesorado deste curso considere necesario e cite.

IV. 8.- SEXTO CURSO DE E.P.

ALUMNADO

Durante o presente curso haberá 2 grupos de 6º nivel, cun total de 46 alumnos/as; (24 en 6ºA e 22 en 6ºB). Hai alumnado que necesitará unha atención máis personalizada por unha serie de circunstancias:

6ºB:

- Unha nena en 6ºB que recibiu apoio extraordinario o curso pasado, con dificultades nas instrumentais (LC, LG e Mat), e que recibirá reforzo por parte dunha mestra especialista de PT tres periodos semanais, e reforzo educativo desde o inicio do curso nas citadas materias pola mestra-titora.

- Unha neno de 6ºB que se incorporou a este centro o curso pasado chegado da Venezuela, que seguirá recibindo apoio por parte da mestra-titora na materia de lingua galega. Neste curso académico 2023/2024, seguirá exento da lingua galega.

6ºA:

- Hai 3 alumnos (2 nenas e un neno) que precisarán de apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria por ter moita dificultade nas instrumentais e non ser quen de seguir o ritmo normal da clase.

O conxunto do alumnado é un grupo heteroxéneo, con diferentes capacidades e actitudes diante do traballo. As familias son en xeral colaboradoras, pero algúns casos poderíamos cualificalos de socio- economicamente desfavorecidos, polo que as súas posibilidades de atención e apoio do alumnado por parte delas son escasas.

PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA

6ºB:

- D. César de León del Río, mestre de Inglés.
- D. Gerardo Parrado Regueira, mestre de Ed. Física.
- D^a. Andrea Doural García, mestra de Ed. Artística (substituída por D. Jorge López Díaz) (Música e Arts & Crafts).
- D. Santiago Ubaldo Rubio Arias, mestre de Relixión Católica
- D^a Cristina Culebras Yáñez, imparte dúas sesións á semana no Proxecto Lector.
- D^a Marta Lista Becerra, mestra de Pedagogía Terapéutica.
- D^a. Montserrat Couso García, mestra-titora (imparte Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Valores e Proxecto Competencial).

6ºA:

- D. César de León del Río, mestre de Inglés.
- D. Gerardo Parrado Regueira, mestre de Ed. Física.
- D^a. Andrea Doural García, mestra de Ed. Artística (substituída por D. Jorge López Díaz) (Música e Arts & Crafts).
- D. Santiago Ubaldo Rubio Arias mestre de Relixión Católica
- D^a M.^a Victoria Mejuto Fernández, orientadora do centro e que imparte dúas sesións á semana no Proxecto Lector.
- D^a Silvia Calvete Vázquez, mestra-titora (imparte Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Valores e Proxecto Competencial).

OBXECTIVOS, CONTIDOS E MATERIAIS A EMPREGAR

Dado que os obxectivos a acadar ao remate do curso deben ser os obxectivos finais de etapa, xa que os reflectidos no decreto do currículo (155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia).

Atenderase en todas as áreas aspectos de interese actual referentes a:

- Non discriminación por razón de raza, sexo, orixe, relixión, disfuncións persoais...
 - Coidado e protección do medio ambiente: aforro enerxético e dos recursos naturais.
 - Educación para a saúde, incidindo nunha boa alimentación, na hixiene e na práctica do exercicio físico regular.
 - Educación emocional, xestión das emocións propias para un desenvolvemento efectivo da intelixencia emocional de cara ao propio coñecemento e á prevención ou resolución de conflitos.
- Fomento da lectura, aparte do tempo destinado diariamente na “Hora de Ler”.
- Educación viaria.
 - Acontecementos informativos que poidan xurdir ao longo do curso (un centenario, a morte dunha persoa importante, un suceso extraordinario ou que marque historia...) tanto a nivel local como nacional ou mundial.

En canto aos contidos propios de 6º quedan recollidos dun xeito extenso na programación de nivel e fan referencia ao currículo antes mencionado. Por facer un pequeno resumo dos mesmos sería o seguinte:

Linguas Galega e Castelá e Literatura

- Leturas de diferentes tipos de textos (argumentativos, expositivos, periodísticos, descritivos, publicitarios...), de fragmentos literarios con adecuación e interese para o alumnado deste nivel, nos tres xéneros literarios: narrativa (ficción, histórica, aventuras, biografías...), poesía e teatro.
- Comprensión lectora oral e escrita, do contido dos textos, do significado e das conclusións, así como de aspectos gramaticais e de vocabulario.

- Identificación do argumento, persoaxes, partes do texto (introducción, nó, desenlace)
- Diálogos, instrucións, conflito, partes dunha noticia.
- Estilo directo e indirecto.
- Expresión oral e escrita de todo tipo de textos creados polos nenos e as nenas: expositivos, literarios, periodísticos, publicitarios, instrutivos, etc.
- Vocabulario:
 - A formación de palabras cos diferentes tipos de sufixos e prefixos.
 - Formación de sustantivos, adxectivos e verbos.
 - Onomatopeias, interxeccións, palabras coloquiais e frases feitas.
 - Siglas e abreviaturas.
 - Eufemismos e tabúes.
 - Arcaísmos, neoloxismos e estranxeirismos.
 - Sinónimos e antónimos
 - Palabras polisémicas, parónimas, compostas e homónimas.
- Gramática
 - Tipos de palabras e análise morfolóxica das mesmas, atendendo ás peculiaridades de cada lingua (uso dos pronomes en galego, por exemplo, ou verbos compostos en castelán).
 - Os verbos, as formas non persoais, as perífrases.
 - Análise sintáctica: grupo nominal, predicado e complementos.
 - Clases de oracións.
- Ortografía
 - Acentuación correcta das palabras. Acento diacrítico.
 - Escritura correcta das palabras con b/v; h; g/j (en castelán); ll/y (en castelán); uso do “x” (en galego). Interferencias entre o galego e o castelán.
 - Signos de puntuación internos na oración e outros signos ortográficos.
- Literatura: os xéneros literarios.
 - Narrativa: contos, lendas e novelas.
 - Lírica: medida de versos, rima e estrofas.
 - Teatro: a traxedia e a comedia. Actos e escenas.

- Números e operacións:
- Números ata nove cifras, operacións básicas con estes números.
- Operacións combinadas.
- Números romanos.
- Potencias.
- Números enteiros. Representación na recta e coordenadas cartesianas.
 - Divisores, criterios de divisibilidade, máximo común divisor e mínimo común múltiplo.
- Fraccións. Operacións con fraccións.
- Números decimais. Operacións, aproximacións e estimacións.
- Proporcionalidade e porcentaxes.
 - Medida:
- * Lonxitude, capacidade, masa e superficie.
- * Sistema sexagesimal.
- * Volume e capacidade.
 - Xeometría:
 - Figuras planas. Áreas de figuras planas.
 - Corpos xeométricos. Áreas e volumen de corpos xeométricos.
 - Estatística:
 - Frecuencia, media, moda, mediana, rango e probabilidade.
 - Resolución de problemas con especial atención á súa aplicación na vida real.
 - Cálculo mental.
 - Realizar tarefas que teñan un importante traballo matemático: análise da Bolsa, elaborar un orzamento, planificar unha viaxe, entender unha etiqueta alimentaria, analizar datos, etc.

Ciencias da Natureza

- Os seres vivos:
 - Funcións de nutrición, relación e reprodución.
 - Clasificación dos seres vivos: os cinco reinos.
 - O ser humano:
 - A nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.

- A reprodución: aparello reproductor feminino e masculino. A fecundación, o embarazo e o parto.
- A relación.
- A saúde:
 - Saúde e enfermidade. A prevención das enfermidades. Hábitos saudables. Prevencións de accidentes e primeiros auxilios.
- A materia e a enerxía:
 - Estados da materia.
 - Cambios físicos e químicos.
 - A enerxía.

Ciencias Sociais

- Historia:
 - As fontes históricas. O marco temporal.
 - A Idade Contemporánea. Revolucións en Europa.
 - O S. XIX en España: os reinados dos Borbóns e a I República.
 - Europa no s. XX: as Guerras Mundiais, os fascismos e a democracia.
 - España no s. XX: o reinado de Alfonso XIII, a II República, a Guerra Civil, a dictadura e a democracia. A Constitución de 1978.
 - O mundo actual: s. XXI.
 - A Unión Europea.
- Xeografía física:
 - As paisaxes de España: unidades de relevo interior e litoral, os ríos, as paisaxes e o clima.
 - As paisaxes de Europa: unidades de relevo interior e litoral, ríos e lagos, clima e vexetación.
- Xeografía humana:
 - A economía e os sectores económicos. A importancia do turismo en España.
 - O diñeiro e o consumo. O aforro. O emprendemento.

Os libros de texto de referencia serán os do proxecto E-Dixgal. Non serán estes os únicos materiais de traballo, pois haberá libros impresos da aula e da biblioteca, materiais dixitais diversos, e textos aportados polo propio alumnado puntualmente para ampliación dos temas. Tamén recursos diversos on-line.

Varios destes contidos tamén se traballarán cos proxectos que se van levar a cabo no centro dentro do Plan Proxecta e o Inlue-T, así como o plan de biblioteca centrado este curso.

METODOLOXÍA

As titoras dos grupos tamén foron titoras ao longo do curso pasado. A dinámica na aula sempre será moi participativa e tratando de buscar actividades innovadoras que sexan de interese para eles e elas. Continuaremos neste curso ofrecendo actividades que lles resulten interesantes, avanzando na competencia dixital con E-Dixgal.

Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias chave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Os mecanismos de reforzo, poñeranse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias chave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, diariamente os alumnos/as adicarán un tempo á lectura non inferior a vinte minutos, tempo reflectido no horario antes do recreo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos **actividades de aprendizaxe integradas** que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Continuarase cos proxectos iniciados en cursos pasados con este grupo, publicados no blogue da Biblioteca do Centro. Nestes proxectos trabállanse múltiples competencias.

Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

Os recursos a empregar dentro da aula veñen definidos este curso polo Proxecto E-Dixgal. Os ordenadores persoais permitirán fomentar unha aprendizaxe máis próxima ás circunstancias actuais de traballo e comunicación, con especial fomento do uso das TIC,s, Internet e Intranet, aprendizaxe a través de informacións variadas e múltiples de diferente orixe, con intervención do sentido crítico para seleccionar e organizar esas informacións, e con respecto polo ritmo persoal de aprendizaxe. Ao mesmo tempo manterase o uso doutros materiais tradicionais (libros de texto impresos do banco de libros, libretas...).

Haberá momentos no que sexa necesario facer traballo na casa. En todo caso será traballo que non se rematou no tempo lectivo, actividades de reforzo ou repaso que se consideren necesarias, ou algunha actividade de investigación coas TIC's, lectura ou cálculo. O principal obxectivo destas tarefas é inculcar e asentar un hábito de traballo que é necesario, e tamén darse de conta de que o esforzo é necesario para acadar metas, e ás veces non é suficiente só coa asistencia a clase.

Calquera recurso que poda ser utilizado na aula, ben sexa humano, tecnolóxico, material ou bibliográfico e sexa potencialmente positivo para a aprendizaxe usarase na medida das posibilidades do centro.

AVALIACIÓN

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente.

Coa fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal cada trimestre.

Dado que tamén os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis veñen claramente especificados no currículo, cómpre sinalar os procedementos e instrumentos que se levarán a cabo para a avaliación das aprendizaxes dos alumnos.

Pártese da idea que a avaliación é continua, global e formativa e que se leva a cabo en tres fases:

- Avaliación inicial, nos primeiros días do curso, para comprobar qué grao de competencia teñen xa asimilado os nenos e as nenas. Para esta tarefa usaremos:
 - As cualificacións de 5º.
 - Os informes elaborados polas mestras titoras provisionais o curso pasado, e que xa constan en poder do titor, sendo de grande axuda para saber o grao de competencia curricular do alumnado.
 - Primeiras reunións coas familias e posteriores individuais que se poidan celebrar nas horas de tutoría.
 - Cuestionarios ou probas de avaliación inicial referidas aos contidos finais de 5º.
- Avaliación formativa, ao longo de cada trimestre e con resultados parciais que son informados ás familias no Nadal e Semana Santa. Para realizala atenderemos a:
 - Observación do traballo na aula por parte do profesorado e do comportamento e actitudes expresadas polo alumnado.
 - Análise das producións dos alumnos reflectidas sobre todo no caderno de clase, na Aula Virtual (entrega e corrección dos

traballos individuais propostos polo titor) ou noutro tipo de traballos: resumes, actividades de expresión oral ou escrita, monografías, etc.

- Probas obxectivas (controis), baseados no desenvolvemento das competencias, con preguntas abertas e pechadas de razoamento, comprensión escrita, inxerencias, exposición de temas, problemas, etc.
 - Intercambios orais cos alumnos: intervencións na aula, diálogos, entrevistas, asembleas, debates.
- Avaliación sumativa, ao final do curso, no que se valorará se se acadan os mínimos esixibles do nivel e da etapa, valorando tamén o grao de adquisición das competencias básicas.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como xa se indicou na composición do grupo en 6º hai nenos e nenas que recibirán apoio ordinario en base ás súas dificultades curriculares. Hai tamén alumnado con apoio extraordinario de PT e AL e corresponderalle ao Departamento de Orientación establecer as horas precisas de apoio para estes nenos e nenas.

É posible que algún neno ou nena teña que recibir algún reforzo puntual. Nestes casos, a coordinación co Departamento de Orientación será absoluta e atenderase sempre ás súas recomendacións.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS

Contémplanse as seguintes actividades, agardando nalgún caso a concesión por parte das institucións implicadas:

Saídas fóra do Centro:

- Itinerarios. “Prazas con Poder” (organiza o Concello)
- Visitas escolares “Coruña de Aventura” (organiza e escolle o Concello)
- “O Atlántico parte de ti” (organiza o Concello en colaboración con clubs marítimos)
- Visita á casa-museo Casares Quiroga (organiza o Concello)

- Visita á colección de arte da Fundación María José Jove (organiza a fundación)
- Visita pola cidade da Coruña para coñecer distintos aspectos históricos, urbanos e culturais.
- Saídas pola contorna relacionadas cos contidos traballados.
- Visita ao Parque Eólico Experimental Sotavento - Xermade (6ºB premio Pim Pam Experimental).
- Sogama; visita ás instalacións de tratamento de residuos.
- Repsol; promoción de actividades vinculadas á promoción de vocacións científicas.
- Emalcsa; visita ás instalacións para coñecer o tratamento da auga da comarca.
- Visita ao porto da Coruña e á lonxa para coñecer o funcionamento dos sectores económicos e o abastecemento dos negocios da cidade.
- Visita ao teatro (Colón, Rosalía) se xurde algunha actividade de interese.

Actividades dentro do Centro:

- Plan Director: charla contra o ciberacoso (Consellaría de Educación e Policía)
- “Iso xa non é unha broma”: prevención de acoso escolar e ciberacoso (organiza o Concello)
- Educación viaria: “Multa ou flor” (organiza o Concello)
- Alimentación e consumo: “Dispendio alimentario” (organiza o Concello)

Participaremos igualmente noutras actividades programadas para o noso nivel por mestres/as especialistas e Departamentos do Centro (TIC,s, Biblioteca, EDL)

- Actividades relacionadas coa proposta do “mercado solidario”.

A celebración de moitas saídas educativas dependerá da súa concesión por parte das entidades organizadoras. Tamén pode suceder o contrario, que ao longo do curso entidades públicas ou privadas propoñan actividades que poidan ser de interese. Nese caso, informaremos ás familias oportunamente e dependerán da súa aprobación polo Consello Escolar.

PROXECTO E-DIXGAL

Este curso continuamos coa aplicación do “Proxecto E-Dixgal”, encamiñado non só á iniciación consciente da competencia dixital, senón tamén ao afianzamento das outras competencias que marca a LOMLOE, como:

- Avanzar na autonomía persoal, adquirindo responsabilidade no coidado do material informático que lles corresponde, así como na organización da información curricular (aprender a aprender)

con sentido crítico e espírito emprendedor, reafirmando a seguridade propia na toma de decisións e con respecto polo ritmo persoal de aprendizaxe.

- o Continuar coa utilización do soporte dixital e valorar o seu uso como ferramenta de aprendizaxe.
- Personalizar o seu ordenador creando carpetas e arquivos persoais onde almacenar os seus traballos, que sirvan ademais para a organización da súa aprendizaxe.
- Elaborar producións propias en grupo ou individuais en soporte informático sobre contidos curriculares.
- Utilizar as TIC para o seu tempo de lecer, sendo críticos con aquelas prácticas que supoñen un risco para a súa integridade emocional.
- Implicar ás familias no uso das TIC e colaborar con elas na alfabetización dixital dos seus fillos.

Empregarase tamén a aula virtual de modo complementario, especialmente para non perder o alumnado unhas rutinas que poden serlle de utilidade ao longo do seu proceso educativo.

REUNIÓN PAIS/NAIS

Realizarase unha reunión presencial ao inicio do curso onde se lles informará das normas do Centro, as competencias básicas, contidos a traballar, horario de atención a pais, continuación do proxecto E-Dixgal... , e outra a fin de curso.

Todos os luns de 18:00 a 19:00 atenderase aos pais que o desexen solicitando sempre cita previa, e tamén a aqueles pais que o profesorado deste curso considere necesario e cite.

A colaboración entre centro e familias é imprescindible para garantir o éxito do proceso de ensino-aprendizaxe.

IV. 9. ESPECIALIDADES

9.1.- ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Neste curso atopámonos nunha situación de transición entre dúas leis educativas: LOMCE e LOMLOE. No momento da elaboración deste documento aínda no está aprobado oficialmente o decreto polo que se establecerá o novo currículo educativo para Primaria baseado na LOMLOE polo que as referencias legais as que aludiremos serán as determinadas pola LOMCE todavía vixente en 2º, 4º e 6º de Educación Primaria.

Atendendo ao *Decreto 155/2022, de 15 de setembro*, a principal finalidade da educación física é o desenvolvemento da competencia motriz, é dicir, a superación de problemas motrices. Dita competencia permite comprender o corpo, desenvolver as habilidades, relacionarse, respectar, colaborar, traballar en equipo, resolver conflitos, recoñecer o esforzo, aceptar regras, desenvolver a iniciativa individual, etc. Ademais produce múltiples beneficios no aparello locomotor, cardiovascular, respiratorio, e sistema nervioso.

O proceso didáctico vaise realizar dende o enfoque global respectando o nivel de partida de cada alumno/a. Promoverase a participación igualitaria de ambos xéneros. Así como os xogos cooperativos.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a seguir vai ter en conta os principios seguintes:

- * *Flexible*. Axustando as propostas na medida do posible ao ritmo de cada alumno/a.
- * *Activa*. O alumnado é protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.
- * *Indutiva*. Favorecerá a autoaprendizaxe.
- * *Lúdica*. O xogo ocupará unha parte moi importante na actividade do neno/a.
- * *Creativa*. Estimulará a creatividade do alumnado evitando modelos estereotipados.
- * *Integradora*. Aglutinando nun só proceso as técnicas, habilidades e destrezas propias da Educación Física
- * *Participativa*. Promoverá o traballo en equipo fomentando o compañeirismo e a cooperación.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA

Seguindo o *Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece la ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* na área de Educación Física establécense os seguintes obxectivos:

- OBX1. Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.
- OBX2. Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de

percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.

- OBX3. Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.
- OBX4. Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.
- OBX5. Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.

CONTIDOS

Segundo o *Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece la ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* na área de Educación Física establécense os seguintes contidos a traballar:

- B1 Vida activa e saudable
- B2 Organización e xestión da AF
- B3 Resolución de problemas en situacións motrices
- B4 Autorregulación emocional e interacción social
- B5 Manifestación da cultura motriz
- B6 Interacción coa contorna

Tal e como recolle este decreto trátase de bloques que non poden ser traballados de forma illada e que deben ser combinados a través de distintas situacións de aprendizaxe, polo que ó longo da programación serán tratados de xeito transversal sempre outorgando o maior protagonismo posible á competencia motriz do noso alumnado.

RECURSOS E MATERIAL EMPREGADOS

Os recursos empregados van a ser: un patio cuberto provisto dunha pista pintada , un patio descuberto, salón de actos e pequeno e gran material diverso (porterías móbiles, canastras fixas e móbiles, colchóns, conos, pelotas, cordas, picas, paracaídas,etc). Ademais cóntase con material elaborado polo propio alumnado, material no convencional e de refugallo, etc.

AVALIACIÓN

Tendo en conta o establecido na *Orde de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e a *Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato* en el sistema educativo de Galicia. teremos en conta os seguintes factores de cara a avaliar ó noso alumnado:

- Grao de desenvolvemento e adquisición de competencias, obxectivos, criterios de avaliación e, no seu caso, de estándares de aprendizaxe.
- Actitude, esforzo, participación activa, respecto ó mestre e compañeiros así como cumprimento das normas establecidas para as sesións de Educación Física.
- Adquisición e posta en práctica de hábitos de hixiene relacionados coa práctica de actividade física: preparación, indumentaria axeitada e aseo ao remate das sesións de Educación Física.
- Aprendizaxe de contidos teóricos relacionados coa área de Educación Física: traballos de investigación/reflexión ou outro tipo de actividades puntuais.

Os *instrumentos* para obter información á hora de *avaliar* son:

- *Observación diaria e sistemática*: rexistrando feitos significativos da sesión, que permitan valorar o progreso nas distintas aprendizaxes.
- *Rexistros obxectivos*: probas, test, rúbricas... que permiten recopilar información para obter a cualificación do alumnado. Centrarémonos non só na avaliación do alumnado, senón tamén na coavaliación e atuoavaliación do proceso de ensino - aprendizaxe

As actividades de avaliación contemplaranse:

- Ó *inicio* do proceso, *avaliación inicial* das distintas capacidades e habilidades, para coñecer por un lado as posibilidades de cada alumno e por outro adaptar a programación ás súas necesidades.
- *Durante* o proceso, para detectar acertos e erros con vistas a modificacións que se poidan ir facendo na programación.
- Ó *final* do proceso, para comprobar o grado de adquisición das aprendizaxes, obtido desde o punto de partida de cada alumno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Seguindo o *Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece la ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* na área de Educación Física establécense os seguintes obxectivos que serán adaptados en función do curso no que se estea a traballar:

- Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.
- Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.
- Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.

- Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.
- Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.
- Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.
- Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.
- Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.
- Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.
- Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.
- Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.
- Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical, e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.
- Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.
- Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.
- Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.

Buscaremos crear situacións de aprendizaxe a través dunha metodoloxía que sexa:

- *Flexible*. Axustar as propostas ó ritmo de cada alumno/a.
- *Activa*. O/a alumno/a é protagonista da súa acción.
- *Indutiva*. Favorecerá a autoaprendizaxe.
- *Lúdica*. O xogo ocupará unha parte moi importante na actividade do/a neno/a.
- *Creativa*. Estimulará a creatividade do alumnado evitando transmitir modelos estereotipados.
- *Integradora*. Integrará nun só proceso as técnicas, habilidades e destrezas propias da Educación Física
- *Participativa*. Favorecerá o traballo en equipo fomentando o compañeirismo e a cooperación.

Promoveranse, por tanto, estilos e metodoloxías que se adapten á individualidade do alumnado e poida garantir os cumprimentos das aprendizaxes propostas por todos e cada un deles. En canto ós estilos de aprendizaxe intentarase optar sempre que sea posible por aqueles que se centren no propio alumno/a e que fomenten unha aprendizaxe máis significativa: descubrimento guiado /ou resolución de problemas. Noutros momentos no que prime o control do grupo ou o mantemento de medidas de seguridade e hixiene optarase por *métodos máis directivos*.

Unha opción interesante, especialmente para os cursos superiores, poden ser os Modelos Pedagóxicos e dentro deles, por exemplo, o *Modelo de Ensinanza Personalizada* que permitirá á rapazada avanzar en función das súas propias posibilidades e ritmos de aprendizaxe, o *Modelo de Educación Deportiva*, na iniciación ós deportes individuais e de equipo, ou *Modelo de Ensino Baseado no Xogo*, para unha aprendizaxe crítica e reflexiva dos elementos técnico-tácticos dos deportes.. Por último cando se opte por unha *Aprendizaxe Cooperativa*, entre outras medidas, formaremos grupos estables que se manteñan durante varias sesións para garantir así as medidas de seguridade e hixiene.

9. 2.- AREA DE LINGUA INGLESA

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS PARA O SEGUNDO CICLO DE ED. INFANTIL

1.-Obxectivos

- Achegar os nenos e nenas a unha nova lingua e cultura.
- Usar un código lingüístico diferente, especialmente centrado en audición e produción de novos sons e coñecer distintos aspectos socioculturais.
- Potenciar no alumnado a capacidade de discriminación auditiva dos sons do idioma inglés e a súa comparativa cos sons que xa coñece.

Introducir o alumnado na comprensión oral de vocabulario e mensaxes breves e sinxelas en inglés.

- Afacer ó neno a cumprir instrucións orais dadas noutra lingua.
- Comprender e utilizar correctamente as fórmulas básicas de interacción social: saúdos, fórmulas de cortesía ...

- Ofrecer respostas físicas e posteriormente, tamén orais a mensaxes orais ou ordes.
- Crear no alumnado unha actitude positiva e de interese cara a lingua inglesa e tamén cara outras linguas estranxeiras.
- Apoiar outras áreas de formación do currículo.

2.-Contidos

- A linguaxe oral como medio de comunicación.
- Comprensión e expresión de mensaxes.
- Comprensión e reprodución de textos de tradición cultural.
- Iniciativa e interese por participar na comunicación oral nunha lingua estranxeira.
- Actitude de respecto cara a pluralidade lingüística.
- Utilización de sinais extralingüísticas para atribuir e reforzar significado das mensaxes recibidas e transmitidas.

Todos estes contidos, referiranse basicamente aos seguintes tópicos:

- *GREETINGS*
- *NUMBERS*
- *COLOURS*
- *FAMILY*
- *HOUSE*
- *SCHOOL*
- *ANIMALS (farm & wild)*
- *FESTIVALS (Halloween, Christmas, Easter, Birthdays...)*

3.- Estratexias metodolóxicas

A lingua deberase practicar en **contextos comunicativos reais** e funcionais nos que o alumnado se implique e participe activamente nun clima de intercambio. O proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas a esta idade é sobre todo **kinestésico**, é dicir, aprenden a través do tacto e co seu corpo, e necesitan actividade física.

Tratarase de canalizar a enerxía natural dos nenos e nenas mediante o proceso de aprendizaxe coa utilización de rimas que inclúen accións, **TPR**(resposta física total) e diversos tipos de actividades relacionadas co movemento. As actividades participativas fan que os nenos e nenas estean entretidos; isto os capacita para centrar a súa atención e desenvolver a súa concentración e motivación co fin de interactuar a través da lingua inglesa.

Será tamén moi importante o **establecemento de rutinas** claras que o alumnado sexa quen de seguir para facilitar o desenvolvemento das actividades , e para que se sintan seguros có que se espera deles. Utilizaranse as **cancións e os chants** para a exposición a esta linguaxe esencial debido a que os nenos e as nenas prestan máis atención á linguaxe rítmica.

Este ano o centro participa no proxecto Pluriinfantil, impartindo así a área de Ed. Musical en inglés nos tres niveis de Ed. Infantil, coa axuda do auxiliar de conversa que achega a voz nativa do seu país de orixe (USA) , posibilitando as prácticas de conversa en lingua estranxeira e representando un auténtico vehículo de achegamento á cultura do seu país.

4.-Distribución espacial e temporal

As sesións de clase impártense nas propias aulas de Ed. Infantil. A temporalización é a indicada na lexislación.

5-Materiais

A selección de materiais farase en base a diferentes criterios: adecuación, variedade, diversidade, coherencia metodolóxica, e significatividade.

Á luz dos criterios anteriores podemos establecer como materiais básicos para a posta en práctica do proxecto os que seguen:

- Contos
- CD's e videos infantís
- Fichas
- Posters
- Flashcards e storycards
- Materiais funxibles
- Ordenador
- Pantalla táctil

6-Pautas de avaliación formativa.

A avaliación será global, continua e formativa, establecendo como principal técnica avaliativa a observación directa e sistemática.

A avaliación inicial permitirá unha planificación de obxectivos, contidos e actividades de traballo d'accordo cos intereses do alumnado, así como un bo punto de partida á hora de programar.

A avaliación continua (ao longo do curso) terá como obxectivo establecer cal é o estado do proceso de aprendizaxe de cada neno en todo momento e, deste xeito, avaliarase tamén o mesmo proceso de ensino co fin de realizar os cambios necesarios.

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS PARA ED. PRIMARIA

Seguindo as indicacións do Consello de Europa no Marco Común Europeo de Referencia, a aprendizaxe das linguas estranxeiras e a súa certificación organízanse nunha serie de niveis comúns ordenados en graos de competencia lingüística progresivamente máis amplos e ligados a distintos contextos sociais de uso da competencia comunicativa.

O estudo da lingua inglesa terá como meta na educación primaria a paulatina familiarización coa nova lingua e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para os nenos e nenas desa idade. Como centro Plurilingüe contaremos coa axuda dun auxiliar de conversa que como recolle a Orde de 12 de maio de 2011 (DOG de 20 de maio) colaborará para:

- a) Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.
- b) Achegar o alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.
- c) Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.
- d) Colaborar co profesorado na elaboración de materias didácticas na lingua estranxeira correspondente.

e) Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro.

f) Apoiar o alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.

O currículo de lingua estranxeira para educación primaria promove un ensino integrador das linguas, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e da competencia intercultural e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación **verbal, non verbal, audiovisual e dixital**.

O currículo artellase en cinco bloques:

1.-Comprensión de textos orais.

2.-Producción de textos orais.

3.-Comprensión de textos escritos.

4.-Producción de textos escritos “expresión e interacción”.

5.-Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

Aínda que estes bloques se presentan separados, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo.

1. OBXECTIVOS

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidades no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Adquirir nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

2. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Na educación primaria o enfoque comunicativo dirixirá a comunicación oral, obxectivo prioritario nesta etapa, e a motivación sentará as bases para a aprendizaxe, de xeito que a atención sexa máis intensa, a aprendizaxe máis rápida e a actitude tranquila e relaxada ante a lingua estranxeira e a sociedade e cultura que esta implica. Será unha metodoloxía baseada no descubrimento guiado e colectivo e na resolución de problemas, evitando o traballo analítico e favorecendo en todo momento a participación e implicación activa dos nenos e das nenas, coa finalidade de lograr aprendizaxes eficaces desde o punto de vista cognitivo, comunicativo e socio afectivo.

O currículo de lingua estranxeira para a educación primaria promove un ensino integrador das linguas, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e da competencia intercultural e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, audiovisual e dixital.

Para fomentar o interese por coñecer información sobre as persoas e a cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira traballaranse distintas celebracións dos países de fala inglesa.

3. CRITERIOS DE AVALIACION.

- ❑ Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse.
- ❑ Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da nova lingua.
- ❑ Comprender mensaxes verbais, significativas e contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.
- ❑ Participar comprensivamente, empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.
- ❑ Amosar comprensión, mediante respostas verbais sinxelas e básicas.
- ❑ Producir mensaxes significativas sinxelas.
- ❑ Participar comprensivamente en situacións de comunicación.
- ❑ Memorizar e producir textos orais coñecidos.
- ❑ Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios.
- ❑ Respetar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.
- ❑ Participar en situacións de comunicación simuladas, utilizando con propiedade as fórmulas de relación social máis habituais na lingua estranxeira.
- ❑ Extraer o sentido global e algunhas informacións específicas de textos escritos breves cun desenvolvemento lineal, unhas estruturas e un vocabulario sinxelos.
 - Producir textos escritos moi breves, comprensibles e adaptados ás características da situación e á intención comunicativa, que reflectan os contidos traballados na clase.
- Identificar e empregar de forma contextualizada os rasgos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira para unha mellor comprensión e produción das mensaxes, e analízalos comparativamente como medio para comprender e valorar os rasgos característicos da cultura galega.

4. MATERIAIS DIDÁCTICOS DE INGLÉS

Libros de texto:

All about us now 1º e 2º(Class book). Ed. OUP

All about us now 3º e 4º (Class book+ Activity book). Ed. OUP

5º e 6º (Edixgal). Ed. Aula planeta

- Programas informáticos.
- Flash-cards.

- Edixgal.

Cos alumnos de 5º e 6º de Primaria usarase a plataforma Edixgal este curso na aula de Inglés. E o terceiro ano que se está a usar neste centro.

9. 3.- EDUCACIÓN ARTÍSTICA

○ Introducción

A educación artística é de especial relevancia na educación primaria, xa que segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía. En consecuencia, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal (*Decreto polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*).

○ **1. Educación Musical**

○ **1.1. Educación Infantil**

Impártense dúas sesións de Educación Musical en cada curso cunha duración de 25 minutos cada unha. A lingua vehicular será a inglesa debido a pertencer ao programa Plurininfantil. A sesión correspondente será apoiada por un auxiliar de conversa nativo (entre os meses de outubro a maio).

▪ **1.1.1. Obxectivos**

Neste punto establécense os obxectivos da materia segundo o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:

- OBX1. Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.
- OBX3. Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.
- OBX5. Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

1.1.2. Contidos

A continuación enuméranse os contidos da materia:

Área de Comunicación e Representación da Realidade	
Bloque 1 “Intención e interacción comunicativa”	➤ Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
	➤

<p>Bloque 6 “Linguaxe e expresión musical”</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. ➤ Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. ➤ Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. ➤ Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. ➤ Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. ➤ O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. ➤ Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. ➤ Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
--	--

1.1.3. Metodoloxía

Combinaranse as metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do século XX, considerando aspectos como a adaptación das pedagogías á realidade e características do alumnado e a busca do equilibrio no uso e combinación das mesmas. Podemos observar achegas de Dalcroze (traballando as figuras mediante o movemento); Martenot (actividades de relaxación); Willems (apreciación rítmica mediante movementos naturais do corpo e utilización de materiais como os tubos sonoros, campás ou cascabeis); Orff (comprensión das figuras mediante ritmo-linguaxe, prosodia rítmica e emprego dos instrumentos Orff); Kodaly (fononimia e cancións folclóricas) ou Wuytack (musicograma). A práctica docente partirá do nivel de desenvolvemento do alumnado e tratará de garantir a construción de aprendizaxes significativas, desenvolver as capacidades de aprender a aprender ademais de transmitir o gusto pola música.

A introdución temperá das linguas estranxeiras debe ser entendida en relación ao contexto educativo no que ten lugar. Por tanto, debe basearse nos principios de aprendizaxe en Educación Infantil: o enfoque globalizador e integrador das aprendizaxes, abordando todos os aspectos que inflúen no desenvolvemento das alumnas e dos alumnos nos campos expresivo, psicomotor, social e intelectual, de tal maneira que as aprendizaxes se complementen entre si, para tratar de facilitar a súa asimilación por parte do alumnado, sendo a experimentación coa realidade presente o referente fundamental para o deseño das actividades.

1.1.4. Avaliación

A avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación, facendo constancia de aspectos relevantes no caderno do profesor.

Os criterios a ter en conta para a avaliación do alumnado serán os seguintes:

Área de Comunicación e Representación da Realidade	
Bloque 1 “Intención e interacción comunicativa”	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CA2.6. Relacionarse con normalidade a través da fala na ➤ pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, ➤ manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.
Bloque 6 “Linguaxe e expresión musical”	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CA6.1. Percibir, identificar e discriminar sons.
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CA6.2. Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando ➤ e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CA6.3. Valorar as producións dos demais de forma crítica, ➤ respectuosa e empática.
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CA6.4. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de ➤ manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso ➤ creativo.
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CA6.5. Expresar gustos, preferencias e opinións sobre ➤ distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións ➤ que produce o seu gozo.
	<ul style="list-style-type: none"> ➤ CA6.6. Interpretar musicalmente mensaxes expresadas ➤ noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), ➤ indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as ➤ transferencias entre elas.

○ 1.2. Educación Primaria

Impartirase unha sesión semanal de Educación Musical en cada curso de Educación Primaria.

○ **1.2.1. Obxectivos**

- Xerais

Os obxectivos xerais da materia son os seguintes:

OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

OBX3. Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

- Específicos

- Promover a escoita activa.
- Descubrir e desenvolver a sensibilidade musical do neno/a por medio da participación activa na práctica musical, a observación dos estímulos sonoros e das posibilidades sonoras do propio corpo.
- Actuar con autonomía nas actividades e nas relacións de grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas.
- Educar o oído e o sentido rítmico, distinguindo e relacionando as cualidades principais do son: intensidade, duración, timbre e altura.
- Observar e valorar o silencio de maneira práctica.
- Realizar coreografías adoptando os movementos a unha fonte sonora externa.
- Utilizar correctamente o propio corpo e algúns instrumentos de percusión sinxelos para a reprodución do son, secuencias rítmicas...
- Utilizar a fruta doce como instrumento de fácil e cómodo manexo para a interpretación dalgunhas cancións (segundo e terceiro ciclo).
- Educar a voz mediante a canción individualmente e en grupo.
- Aprender cancións populares do noso patrimonio cultural.
- Iniciarse na grafa musical.
- Fomentar o gusto e o hábito de participar na expresión, audición e manifestacións musicais en directo que teñan lugar na propia cidade así como as que podan ser escoitadas na aula.

- Descubrir o ritmo sobre o espacio mediante a improvisación e a interpretación de danzas dramatizadas, modernas, etc.

- **1.2.2. Contidos**

1º CURSO

- ***Bloque 1. Educación musical: percepción e análise. Estratexias básicas de recepción activa.***

- Estratexias básicas de recepción activa.
- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes graffías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de creación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición

- ***Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación***

- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

- **Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise**

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

- **Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación**

- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

2º CURSO

- **Bloque 1. Educación musical: percepción e análise. Estratexias básicas de recepción activa.**

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.

- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de graffas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.
- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico de música.
- Recursos dixitais básicos para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

- ***Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación***

- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

- **Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise**

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.

- **Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación**

- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversión.
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

○ **Bloque 1. Educación musical: percepción e análise**

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

○ **Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación**

- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

- ***Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise***

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

- ***Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación***

- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4º CURSO

- **Bloque 1. Educación musical: percepción e análise**

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

- **Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación**

- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.

- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

- ***Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise***

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

- ***Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación***

- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

5º CURSO

○ ***Bloque 1. Educación musical: percepción e análise***

- Estratexias de recepción activa.
- Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais.
- Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición.

- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión.
- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Aproximación aos principais xéneros musicais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. ■ Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

- ***Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación***

- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.

- ***Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise***

- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.
- Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
 - ***Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación***
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

6º CURSO

Bloque 1. Educación musical: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.
- Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.
 - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.
 - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.
 - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición
 - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria.
 - A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon.
 - A harmonía. Concepto de acorde, consonancia e disonancia. Diferenciación auditiva entre acorde maior e menor.
 - A textura. Aproximación á discriminación auditiva de monodía, melodía acompañada e textura fuxida.
 - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
 - Principais xéneros musicais.
 - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
 - Vocabulario específico de música.
 - Recursos dixitais de uso común para música.
 - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación

- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, orixes e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración.
- Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas.
- Elementos fundamentais da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.

- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación

- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

1.2.3. Metodoloxía

➤ Ao igual que en Educación Infantil, combinaranse as metodoloxías dos grandes pedagogos musicais do século XX, considerando aspectos como a adaptación das pedagogías á realidade e características do alumnado e a busca do equilibrio no

uso e combinación das mesmas (Dalcroze, Martenot, Willems, Orff, Kodaly, Wuytack...).

Así mesmo, farase énfase na integración das TIC e da robótica para traballar os contidos da materia.

1.2.4. Avaliación

Partindo dunha avaliación inicial, a avaliación levarase a cabo de forma continua e formativa, valorando fundamentalmente a participación, a atención, a actitude e o interese.

Utilizaranse diversos procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática (rexistrando aspectos relevantes no caderno do profesor).
- Gravación de audio e vídeo nas interpretacións.
- Rúbricas de avaliación.
- Probas e traballos escritos

○ **1.3. Recursos e materiais**

Espaciais	<ul style="list-style-type: none">➤ Aulas de Educación Infantil (3)➤ Aulas das titorías de Educación Primaria (11) Aula de informática.
Materiais	<ul style="list-style-type: none">➤ Impreso: cancioneros e bibliografía Audiovisual e multimedia: PDI, ordenador. Instrumentos musicais.

2. Educación Plástica

Impartirase unha sesión semanal de Educación Plástica en cada curso de Educación Primaria. Tratándose dun centro Plurilingüe a materia será impartida en lingua inglesa, denominándose Arts&Crafts. Contarase co apoio dun auxiliar de conversa (de outubro a maio).

○ **2.1. Obxectivos**

- Xerais

OBX1. Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.

OBX2. Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

OBX3. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.

OBX4. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

▪ **Específicos**

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia e respectando as ideas do grupo.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua inglesa, lingua vehicular na materia de Arts and Crafts.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, axeitando as técnicas e materiais as tarefas encomendadas.

○ **2.2. Contidos**

1º CURSO

Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

2º CURSO

Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

3º CURSO

Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.
- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.

- Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelos e actividades manipulativas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.
- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.

- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4º CURSO

Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual.
- Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.

- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos e actividades manipulativas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.
- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.
- Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.

- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.
- Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.



5º CURSO

Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.

- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor.
- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais en debuxos e modelados.
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.

- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais

Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise

- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

6º CURSO

Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise

- Estratexias de recepción activa.

Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.

- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais en debuxos e modelados.
- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise

- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación

- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.

- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

○ **2.3. Metodoloxía**

Á hora de abordar a Educación Plástica, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

Facilitarase que o alumnado realice proxectos tanto individuais como colectivos fomentando o traballo participativo e cooperativo. Posibilitarase que o alumnado empregue os medios técnicos e procedimentais propios da expresión artística, seleccionando aqueles que sexan máis afíns as súas inquietudes, habilidades e idade na que se atopan. Ademais, a aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e proponse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos co uso das novas tecnoloxías,

facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

A maiores dos obxectivos e competencias directamente relacionados coa Educación Plástica hai tamén obxectivos e competencias de índole lingüística, concretamente en lingua estranxeira, dado que é a lingua vehicular na que se imparte esta materia. A coordinación de proxectos con esta área de coñecemento posibilitará a consecución dos obxectivos da etapa, outorgando un sentido globalizador á materia.

○ 2.4. Avaliación

-Observación. (En situacións espontáneas).

- -Revisión de tarefas.
- -Realización dos traballos.

○ 2.5. Recursos

Espaciais	<ul style="list-style-type: none">➤ Aulas de titorías de Educación Primaria. Aula de informática.➤ Patio.
Materiais	<ul style="list-style-type: none">➤ Material funxible: ceras brandas e duras, rotuladores, cartolinas, folios de cores, feltro, goma eva, pinces, témperas...➤➤ Material de refugallo diverso.➤➤ Audiovisual: ordenador con internet, proxector e pantalla.

○ 3. Atención á diversidade

Entendendo por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións,

intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado rexerese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Isto levarase a cabo seguindo o *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* e baixo o asesoramento do Departamento de Orientación e dos profesionais que o conforman (Orientadora, especialistas en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe).

- **Actividades complementarias**

Desenvolveranse as seguintes actividades:

- Concertos de distinta temática no centro educativo

- Saídas a concertos didácticos na cidade

-

9. 4.- ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

Obxectivos

- Valorar e respetar as persoas e o resto da creación que Deus nos regalou.
- Descubrir a Deus como Pai bo e a Xesús como o noso amigo e o fillo de Deus.
- Descubrir que a Boa Nova do Reino de Deus e o amor a Deus e os demais.
- Recoñecer a Biblia como libro sagrado para os cristiáns e coñecer algúns dos seus relatos.
- Coñecer algúns personaxes bíblicos e a súa importancia para a relixión cristiá: Abraham, Moisés, María, Xosé...
- Valorar e recoñecer as manifestacións, festas, e celebracións religiosas: Nadal, Pascoa...
- Recoñecer e valorar o Domingo como día de festa cristiá.
- Valorar o perdón e como Xesús nos ensina a perdoar.
- Descubrir que os cristiáns forman a gran familia de Deus, a Igrexa.
- Recoñecer símbolos propios da relixión cristiá: Cruz, pan,vino...
- Coñecer o carácter sagrado da Semana Santa.

- Descubrir a María como Nai de Xesús e Nai nosa.
- Identificar elementos comunes a todas as relixións e distinguir os que son propios da Igrexa católica.

Contidos

EDUCACIÓN INFANTIL:

- O relato da creación, Deus Pai e Creador.
- María a Nai de Xesús
- Nadal.
- O amor cristián e as relacións cos demais.
- Relatos bíblicos: Xesús cos mestres, a ovella perdida, Noé...
- Símbolos relixiosos: o pan, o viño, a luz.
- A familia e os seus membros, e a Igrexa como gran familia de Deus.
- Celebracións de festas cristiás: Nadal, Pascoa...

1º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- A Creación como obra admirable de Deus para o ser humano.
- A Biblia coma a Palabra de Deus e a comunicación de Deus co home.
- Deus maniféstase como Deus Pai, creador e misericordioso.
- Xesús coma modelo de vida.
- Xesús manifesta o amor de Deus dando a vida por nós.
- Xesucristo resucitou e está connosco.
- A gran familia dos fillos de Deus, a Igrexa cre, reza e xúntase para celebrar o amor de Deus.
- As festas e celebracións do ano litúrxico. O sentido da festa cristiá: Deus connosco.
- Significado das festas marianas máis importantes.
- Significado e sentido dalgúns símbolos relixiosos nas celebracións: a auga, o lume, a luz, o aceite, os xestos, a música.
- A gran festa do ceo como agasallo de Xesús para os seus amigos.

2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA :

- O amor a Deus e aos demais.
- A Creación, obra de Deus que nos regalou.
- As Boas novas, o anuncio do nacemento de Xesús, Advento e o Nadal
- María Nai de Xesús e a nosa Nai.
- Xesús o noso amigo que nos ensina a amar.

- Xesús ensina a perdoar, a importancia do perdón.
- Celebración das festas cristiáns: Nadal, Pascoa...
- A Semana Santa.
- Os cristiáns formamos a gran familia de Deus, a Igrexa.
- O día festivo dos cristiáns, o domingo.
- A Biblia, libro sagrado dos cristiáns, personaxes bíblicos: Abraham, Moisés...
- Xesús fai presente a Boa Nova do Reino de Deus.

3º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA :

- A acción de Deus creador do home e da muller. Valores da creación, igualdade e fraternidade.
- O ser humano necesita a axuda de Deus. Xesús puxo a súa confianza no seu Pai Deus.
- A ruptura do home con Deus polo pecado. e a resposta de Deus, a misericordia.
- A celebración da chegada de Xesús no Nadal. O seu amor e a súa salvación.
- A salvación de Deus chéganos coa morte e coa resurrección de Xesucristo.
- A acción do Espírito Santo sempre presente na Igrexa.
- Os sacramentos da Igrexa. Penitencia.
- A fe e o seguimento dos apóstolos é a súa resposta ao amor que Xesús lles amosa.
- O mandamento do amor a Deus e ao próximo e os mandamentos, expresión da lei natural e do amor de Deus. Regra de conduta humana e cristiá.
- O valor das festas no novo pobo de Deus. A acción de grazas a Deus nas festas relixiosas.
- O cristián realiza un camiño que culmina na vida eterna

4º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- A Creación, obra de Deus que temos que coidar.
- O amor de Deus.
- O Advento preparación para a chegada do Mesías, O Nadal.
- A Boa nova do Reino de Deus.
- A liberdade de elexir facer o ben.
- A Paixón, morte, e resurrección de Xesús, a Semana Santa.
- O Espírito Santo, forza interior que nos axuda a seguir a Xesús.
- A Igrexa, familia de Deus.
- Domingo, día festivo para os cristiáns.
- A Biblia, libro sagrado para os cristiáns (relatos e personaxes bíblicos)
- Historia do pobo de Israel (patriarcas, Éxodo, profetas...)
- Nova alianza de Deus a través de Xesús.

- María nos momentos importantes da vida de Xesús.
- Os Sacramentos.

5º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA :

- O fenómeno relixioso.
- As respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte.
- A Biblia como fonte de valores para o mundo actual. A solidariedade, a igualdade entre mulleres e homes, o compromiso cos pobres e o respecto ás conviccións relixiosas.
- O gran misterio da salvación e redención de Xesucristo, vencedor do pecado e da morte.
- A presenza da Virxe María no Evanxeo. María signo de vida, de fe e de esperanza.
- Xesús chama e envía aos seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A expansión da Igrexa.
- Os sacramentos para o crecemento e propagación do Pobo de Deus: Confirmación, Orde sacerdotal.
- A Igrexa, novo Pobo de Deus. A estrutura e composición da Igrexa un signo visible do amor do Pai. O Papa, os Bispos, os Sacerdotes, a Igrexa Universal e a Igrexa diocesana.
- A Biblia e a promesa do Señor que ten que vir por segunda vez. A vida eterna.
- A Unción dos enfermos.

6º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA :

- As persoas buscan a Deus, as relixións camiños na procura de Deus e da felicidade.
- As relixións monoteístas, e politeístas.
- As principais relixións monoteístas: xudaísmo, islam e cristianismo.
- Xesús e os seus seguidores.
- Festas relixiosas Nadal, Pascoa, Pentecoste.
- Benaventuranzas; palabras e xestos de Xesús, signos do Reino de Deus.
- O amor a Deus e os demais.
- Xesús entrega a súa vida por amor as persoas.
- Paixón, morte e resurrección de Xesús, a Semana Santa.
- María nai de Xesús.
- O Espírito Santo, Pentecoste.
- A Igrexa, o novo pobo de Deus.
- Testemuñas de Xesús.
- Historia do pobo de Israel, personaxes destacados: Abraham, Moisés, os profetas...
- Misión da Igrexa no mundo.
- A Igrexa galega: dióceses, parroquias..
- A arte na relixión.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL

A avaliación na educación infantil basearase en observacións e traballos elaborados na aula. Valorarase a participación e implicación no desenvolvemento das actividades, ademais da adquisición dos contidos traballados.

- Identificar a Xesús e a María.
- Recoñecer e aplicar as actitudes segundo o modelo de Xesús: respecto, axuda, perdón...
- Distinguir algunhas festas cristiás, Nadal, Pascoa, festas marianas...

1º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Apreciar o amor de Deus ao ser humano e á súa Creación.
- Recoñecer a mensaxe e a ensinanza das parábolas de Xesús.
- Saber aplicar á propia vida os valores das ensinanzas de Xesús.
- Comprender que Cristo nos amosa o seu amor ensinando o camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o seu Espírito.
- Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
- Comprender e respectar o domingo, Día do Señor.
- Saber que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa, e valoralo.
- Valorar a Vida Eterna como un agasallo de Deus.
- Respectar aos demais, aceptar e valorar as súas opinións, escoitar as súas aportacións.

2º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Coñecer o relato bíblico sobre a creación e comprender a mensaxe de amor de Deus e a importancia de comprometernos no seu coidado.
- Distinguir algúns personaxes bíblicos: María, Xesús, Abraham, Moisés....
- Comprender que Xesús móstranos o seu amor como camiño para chegar a Deus, dando a vida e agasallándonos co Espírito Santo.
- Identificar símbolos e festas cristiás.
- Comprender, respectar e valorar o domingo como día do Señor.
- Respectar aos demais, aceptar e valorar as súas opinións, escoitar as súas aportacións.

3º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Saber en que consiste a acción creadora de Deus e como convida ao ser humano a colaborar con El.

- Tomar conciencia de que Deus axuda ao ser humano aceptando a súa liberdade. Confiamos en Xesús como El confiou no seu Pai Deus.
- Reflexionar ante a realidade de que as nosas accións poden ser boas ou malas. O pecado como ir contra o proxecto de Deus, a nosa felicidade.
- Descubrir como Xesús nos ensina o amor incondicional de Deus é Pai misericordioso que sempre perdoo e acolle.
- Valorar que no Nadal Xesús vén para salvarnos, amosándonos o camiño, a verdade e a vida.
- Comprender o amor de Xesús, anunciado e encarnado na súa vida, en palabras, xestos e opcións que lle levaron a dar a vida por nós.
- Tomar conciencia de que Xesús convidanos a seguilo e a ser os seus discípulos. Vivir e anunciar o Evanxeo, compartir vida coma irmáns amándonos e celebrando a Eucaristía.
- Valorar a comunidade dos discípulos de Xesús, a Igrexa, na súa vivencia do Evanxeo, aínda que aceptando a súas limitacións. Sendo o Espírito Santo o garante da fidelidade e a unidade.
- Saber que a Igrexa ten a misión de transmitir o amor de Deus no sacramento do perdón e a importancia da nosa resposta aceptando o seu amor e perdoando aos demais.
- Coñecer e valorar o mandamento de amar a Deus e ao próximo. O único mandamento que nos deixou Xesús e que leva ao Decálogo á súa máxima vivencia.
- Orientar a vida dende Deus a través do encontro con El. Coñecer modelos de persoas que encarnaron o Evanxeo, os santos.
- Respetar aos demais, aceptar e valorar as súas opinións, escoitar as súas aportacións.

4º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Distinguir as relixións monoteístas e os seus fundadores.
- Descubrir a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos, nos santos e outras persoas modélicas e a súa plenitude en Xesús.
- Identificar feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao ser humano.
- Comprender co pecado rompe a relación con Deus, sendo Xesús garante da reconciliación.
- Distinguir e comprender os sacramentos da iniciación, do servizo e a reconciliación.
- Saber explicar a imaxe da Igrexa como Corpo de Cristo.
- Recoñecer algunhas advocacións de María.
- Respetar aos demais, aceptar e valorar as súas opinións, escoitar as súas aportacións.

5º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Recoñecer o desexo de Deus da perfección na Creación e na felicidade do ser humano.
- Coñecer os diversos camiños en que o ser humano ten intentado acercarse e buscar o encontro con Deus, dando lugar ás diversas expresións relixiosas.

- Comprender o sentido e a mensaxe do relato bíblico da Creación, descubriendo a súa compatibilidade coas aportacións da ciencia.
- Recoñecer que Deus se manifesta na Escritura, camiña co Pobo de Israel que o vai comprendendo cada vez mellor.
- Recoñecer e valorar a novidade que supón a forma de comunicación divina e a gratuidade da súa linguaxe baseada no amor que se expresa na persoa de Cristo na Biblia.
- Valorar o amor de Deus que nos crea libres e respecta a nosa liberdade.
- Apreciar a acción salvadora de Xesucristo. Comprender que nos marcou un camiño en que o pecado e a morte non ten que determinar a nosa vida.
- Descubrir en Xesucristo Salvador un modelo novo de vida que leva a unhas opcións que, ás veces, contrastan coa escala de valores da nosa sociedade.
- Valorar a fe, o amor e a esperanza da Virxe María. Entender a importancia da promesa de Deus que se cumpre no nacemento de Xesús en Belén.
- Identificar na vida de Xesús a andaina á que estamos invitados: responder á súa chamada, fiarse da súa Palabra, camiñar no seu proxecto imprecándose nos na construción do Reino de Deus.
- Coñecer o contido dos sacramentos afondando neles como celebracións festivas e comunitarias da comunidade cristiá.
- Coñecer o sentido que Cristo lle dá á autoridade na Igrexa, a autoridade coma servizo.
- Coñecer a organización da Igrexa e comprender a súa importancia, sen deixar de ser comunidade de irmáns.
- Comprender o sentido da vida eterna e as implicacións no noso modo de vivir.
- Respetar aos demais, aceptar e valorar as súas opinións, escoitar as súas aportacións.

6º CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Identificar algúns signos, festas e símbolos das relixións da Antigüidade.
- Relacionar as grandes relixións actuais descubriendo as semellanzas e diferenzas.
- Describir as implicacións que ten sentirnos creados e amados por Deus como fillos.
- Sintetizar os puntos esenciais da Historia da Salvación culminada en Xesús.
- Describir a misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.
- Situar a presenza de María nos momentos importantes da vida de Xesús.
- Razoar o valor da liberdades e responsabilidade dos propios actos a luz do Evanxeo, e saber aplicar mandamento do amor.
- Identificar algunhas institucións da Igrexa.
- Respetar aos compañeiros, ao profesor/a e a clase de Relixión

MATERIAL

Para acadar os obxetivos propostos na area de relixión católica, utilizamos distintos materiais: Libros de texto, libretas, ordenador, CDs, vídeos, ordenador, libros de consulta, Biblia, ...

TEMPORALIZACIÓN

A asignatura de relixión impártese:

- 1 sesión semanal en cada grupo de Educación infantil e de Educación primaria.

9.5.- PLAN DE ACTIVIDADES PARA AS HORAS DE “ATENCIÓN EDUCATIVA” (ALTERNATIVA Á RELIXIÓN) EN E.I.

As actividades a realizar nas sesións de Alternativa á relixión (Atención Educativa) adicaremonos a traballar:

- Educación en valores
- Educación emocional
- Educación ambiental

9.6.- PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. INTRODUCCIÓN:

A orientación é unha necesidade da persoa ao longo de toda a súa vida e, cada persoa desenvolve múltiples accións en busca de orientación nas distintas etapas do seu ciclo vital. Ademais, a moderna sociedade dos nosos días, caracterizada por unha progresiva diversidade de opcións, está a favorecer a organización de distintos sistemas de orientación. Esta necesidade de orientación adquire unha especial transcendencia durante o proceso de escolarización, por canto supón a conformación dos parámetros fundamentais polos que se guiará o individuo na súa vida adulta.

Concíbese a orientación educativa como o proceso continuo de apoio e asesoramento achegados polo sistema educativo ao alumnado sobre os aspectos escolares, persoais, académicos e profesionais.

Aos efectos do presente Plan, concédese á expresión "orientación educativa" un sentido amplo, que abrangue as actuacións de orientación desenvolvidas polo sistema educativo tanto no ámbito propiamente escolar e curricular como as levadas a cabo a través da acción titorial e en relación coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

A orientación achegada no ámbito educativo debe centrarse no logro do mellor axuste da resposta educativa ás características de cada alumno/a, á vez que desenvolve a súa capacidade para orientarse por si mesmo e saber tomar decisións.

Por esta vía dáse resposta ás necesidades que teñen todos os/as alumnos/as de ser asesorados/as e axudados/as en distintas vertentes durante o seu proceso de escolarización.

A orientación constitúe unha vertente de actuación que completa e complementa a acción estritamente docente e propicia que o/a alumno/a logre unha educación integral.

Dende esta perspectiva, a orientación é unha acción necesaria da comunidade educativa para achegar unha educación de calidade.

Así, os departamentos de orientación deben ser os garantes, en cada centro, de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao profesorado e ás familias.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, LOMLOE, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recolle e mantén no fundamental o disposto neste ámbito polas leis orgánicas anteriores:

- Educación de calidade para todo o alumnado.

- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades.
- Esfuerzo compartido por todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.

No CAPÍTULO II Equidade e compensación das desigualdades en educación salientase a importancia das medidas de atención á diversidade, por medio da prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica dos apoios e reforzos que sexan precisos para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que poidan acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cos demais.

A LOE introduciu no currículo as competencias básicas denominadas “clave” na LOMCE e LOMLOE: a bagaxe formativa indispensable para unha participación satisfactoria na sociedade ao longo da vida. Tamén inclúe como fins primordiais, o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado.

Por outra parte, o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, concede unha gran responsabilidade aos departamentos de orientación en todo o relativo ao tratamento da atención á diversidade, confiando neles a elaboración da proposta do plan que concrete e desenvolva o conxunto de principios, medidas e actuacións que dean resposta á súa propia realidade e á da comunidade educativa.

Dentro deste marco, e en coherencia co desenvolvemento normativo que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 120 do 23 de abril; Orde do 24 de xullo de 1998, circulares anuais, circular 10/2010), foi deseñado este Plan anual de Orientación, que recolle tanto os principios teóricos que inspiran o modelo de orientación, como os obxectivos que persigue e as actuacións concretas que se prevén para o curso 2023/24.

2.- COMPOSICIÓN E FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

2.1 COMPOSICIÓN

O Departamento de Orientación como órgano de coordinación das accións orientadoras e titoriais que se levan a cabo no centro está composto por:

- Profesorado Especialista en Pedagogía Terapéutica:
 - Marta Lista Becerra.
 - Clara Pérez Malillos.
- Profesorado Especialista en Audición e Linguaxe:
 - Amelia Seoane-Chanes Castiñeira (compartida co CEIP Sal Lence).
 - Iván Vázquez López.

- Representantes de mestres/as:
 - Paula Bermúdez Fernández (3º Ciclo).
 - Sonsoles Mugarra Fdez-Roel (2º Ciclo).
 - Basilio Freán Bernedo (1º Ciclo).
 - Antía Fuentes Teijo (Infantil).

Xefa do Departamento: M^a Victoria Mejuto Fernández

2.2 FUNCIONES

2.2.1 Xefa de Departamento:

1. Dirixir e coordinar as actividades do Departamento.
2. Redactar o plan de orientación e velar polo seu cumprimento, elaborar a memoria final de curso.
3. Participar na elaboración dos proxectos educativo e de etapa.
4. Convocar e presidir as reunións do Departamento.
5. Velar pola confidencialidade dos documentos.
6. Coordinar a organización de espazos e adquisición de material.
7. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
8. Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
9. Coordinar, en colaboración cos profesores de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
10. Representar ao Departamento na Comisión Pedagóxica.

2.2.2. Profesores de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

- Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requiran.
- Asistir ás reunións da Comisión Pedagóxica e do Departamento de Orientación.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, plans de intervención individualizados e das medidas de reforzo.

2.2.3. Representantes de mestre/as

- * Asistir ás reunións da Comisión Pedagóxica e do Departamento de Orientación.
- * Ser a portavoz das inxerencias dos seus niveis na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Departamento e trasladar aos/ás compañeiros/as os acordos tomados en cada unha das reunións.
- * Colaborar na organización de actividades de apoio, reforzo educativo, adaptación curricular e

actividades complementarias.

- * Coordinar as actividades académicas do ciclo.

2.2.4. Titores/as

- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación do seu grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercutan no rendemento académico de cada alumno/a.
- Facilitar a integración do/a alumno/a no grupo clase e no centro.
- Coordinar o proceso de avaliación e intercambio de información entre os profesores/as.
- Efectuar un seguimento do proceso de aprendizaxe dos/as seus/súas alumnos/as.
- Coordinar as actividades de reforzo e as adaptacións curriculares necesarias para os/as seus/súas alumnos/as.
- Informar aos/ás pais/nais de todo o que afecte á educación dos/das seus/súas fillos/as.
- Colaborar co Departamento de Orientación no desenvolvemento dos seus programas.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e á orientación dos/as seus/súas fillos/as.

3.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Plan de orientación do presente curso continúa as directrices do Plan Xeral de Orientación e o labor iniciado nos cursos precedentes. Referirémonos a aqueles aspectos que ofrecen variación, mantendo a xustificación teórica do Plan Xeral.

O C.E.I.P. Plurilingüe Anxo da Garda é un centro situado na rúa Monte das Moas, no barrio coruñés de Os Castros.

Conta cun número aproximado de 250 alumnos/as, distribuídos en tres grupos de Educación Infantil e dez grupos de Educación Primaria (o 2º, 4º, 5º e 6º curso de E.P. conta con dúas unidades)

Os recursos humanos fórmanos os/as mestre/as especialistas en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Musical, Educación Física, Inglés e Francés, o centro conta tamén con Orientadora, e este curso con dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica e unha especialista en Audición e Linguaxe e outra compartida co CEIP Sal Lence. Tamén conta cun auxiliar de conversa, ao ser centro plurilingüe e con dúas auxiliares coidadoras, para atención do alumnado con necesidade educativa específica.

O estudo da poboación escolar apórtanos datos significativos sobre o incremento da diversidade poboacional coa correspondente correlación de necesidades educativas que leva consigo. Atopamos unha grande variabilidade de alumnado no referente ás necesidades educativas que manifestan, pois hai alumnos/as con necesidades de carácter permanente, por estar asociadas a trastornos específicos, e por outra parte, alumnado procedente de minorías étnicas, alumnado estranxeiro e alumnado con dificultades de aprendizaxe que precisan dunha atención de carácter máis transitorio.

A diversidade pois, é unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a, da singularidade de cada familia e de cada un/unha dos/as mestres/as, tamén das peculiaridades do centro e da comunidade educativa no seu conxunto.

Neste colexio contamos cun departamento de orientación, desde o cal procuramos a identificación de forma temperá das necesidades educativas do noso alumnado e procuramos que a súa atención integral se inicie desde o momento da identificación da necesidade tendo en conta os principios de inclusión e normalización.

No actual curso 2023-2024 o alumnado que presenta necesidades educativas que no momento actual recibe apoio de PT e/ou AL:

- Seis alumnos/as con TEA.
- Dous/dúas alumnos/as con plurideficiencia.
- Un/a alumno/a con trastorno da conduta e dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
- Oito alumnos/as con dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
- Dous/dúas alumnos/as con posible dislexia e dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
- Un/ha alumno/a con TDAH.
- Un/ha alumno/a con capacidade intelectual baixa e trastorno de aprendizaxe.
- Dous/dúas alumnos/as con atraso madurativo e dificultades da linguaxe
- Dezasete alumnos/as con dificultades da linguaxe.
- Dous/dúas alumnos/as con dificultades de aprendizaxe asociadas ás súas condicións sociofamiliares.

- Nove alumnos/as con dificultades asociadas á súa escolarización tardía no sistema educativo español con desfase curricular e/ou descoñecemento das linguas de formación.
- Diversos alumnos con necesidade específica de apoio que precisan reforzo e apoio ordinario por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.

Está en vías de observación o alumnado novo e é posible que vaian xurdindo máis necesidades ao longo do curso.

4.-OBXECTIVOS

Os obxectivos propostos para o curso 23-24 son os seguintes:

Obxectivos xerais

- Promover e coordinar, desde o departamento, actuacións dirixidas a mellorar a calidade do proceso de ensinanza - aprendizaxe que se leva a cabo no centro.
- Priorizar actuacións no ámbito do tratamento da atención á diversidade e as necesidades educativas especiais.
- Axudar ao desenvolvemento integral do alumnado na vertente persoal e na formación como futuros cidadáns.
- Facilitar os servizos do departamento a toda a comunidade educativa.
- Contribuír á mellora da convivencia no centro.

Obxectivos específicos

- Analizar as necesidades educativas dos/as alumnos/as, en xeral, para axustar a resposta educativa individualizada máis axeitada en cada caso (a atención a toda a diversidade, que regula o Decreto 229/2011)
- Abrir un proceso de exploración, valoración e avaliación no momento de detectar dificultades como paso previo á toma de decisións organizativas e curriculares.
- Fomentar actuacións e medidas dirixidas á prevención de dificultades no ámbito da aprendizaxe, e da aparición de problemas na vertente persoal.
- Contribuír á personalización da educación axustando a resposta educativa ás necesidades particulares dos/as alumnos/as.
- Contribuír ao desenvolvemento da propia identidade, dos procesos de madurez persoal e da toma de decisións.

- Previr as dificultades de aprendizaxe intentando evitar a inadaptación escolar e o abandono.
- Fomentar unhas relacións construtivas e adecuadas entre todos os membros da comunidade educativa.
- Coordinar e axustar as propostas de apoio educativo, no caso dos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo, con intervencións orientadas polo potencial de aprendizaxe e as necesidades dos mesmos.
- Efectuar o seguimento e a avaliación das actuacións e medidas de intervención propostas.
- Elevar propostas desde o departamento aos órganos ou comisións que procedan no referido aos criterios organizativos e pedagóxicos, incidindo na atención á diversidade en xeral, e aos/ás alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Colaborar no proceso de avaliacións individualizadas e finais externas promovidas pola Administración educativa.
- Prestar o asesoramento necesario aos/ás titores/as no desenvolvemento do Plan de acción tutorial (PAT)
- Proponer actuacións relacionadas coa mellora da convivencia a través do PAT.
- Asesorar e proporcionar os recursos necesarios a todos os membros da comunidade educativa en materia de convivencia.
- Intervir directamente en labores de orientación cando a demanda estea debidamente xustificada e se axuste ao procedemento establecido.
- Ofrecer o servizo de orientación persoal e educativa ás familias, sen prexuízo das funcións propias dos/as titores/as.
- Colaborar e asesorar, no ámbito das propias competencias, na actualización de calquera dos documentos que integran o proxecto educativo do centro.
- Tomar en consideración os recursos que ofrecen os servizos externos sempre que resulte necesario, adoptando os mecanismos precisos para garantir unha adecuada coordinación nos casos tratados.
- Prever reunións periódicas de coordinación e seguimento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (N.E.A.E.), coa presenza dos profesionais que interveñen na atención deses/as alumnos/as.
- Elaborar a concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro para o curso 2023/24, que se xuntará á PXA.
- Asesorar acerca de todo o procedemento relacionado coas decisións, elaboración e solicitude de adaptacións curriculares significativas, así como das actualizacións que se precisen.

- Facilitar a xestión dos recursos materiais e humanos necesarios para o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Facilitar a información demandada polos Servizos Centrais da Consellería, mediante a aplicación informática DRD Orienta e DRDadi.

5.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

5.1.- Principios de actuación.

Desde a xefatura do departamento procúrase un tipo de orientación que considere distintos contextos educativos, escolares e extraescolares, que atenda as dificultades, pero tamén as dimensións preventiva e de desenvolvemento, dirixida aos escolares e a todos/as os/as axentes que participan no proceso educativo. Concrétanse nos seguintes:

Avaliativo ou de diagnóstico.

Implica a avaliación de necesidades dos individuos ou grupos destinatarios como punto de partida para calquera intervención, considerando os contextos familiar, escolar e social, e mesmo sanitario, segundo o caso.

De prevención.

Reducir o índice de novos casos - problema implica traballar para anticiparse a eles, desenvolvendo unha actuación proactiva. Inténtase actuar sobre os factores que orixinan os problemas, a distintos niveis de prevención:

- 1º) Reducindo riscos, anticipándose.
- 2º) Actuando o antes posible sobre os que xa apareceron.
- 3º) Diminuíndo os efectos dos trastornos unha vez producidos.

Do desenvolvemento.

Entendendo a orientación como un proceso continuo, integrándoa no currículo escolar co fin de contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado. Conseguir o máximo desenvolvemento de todas as potencialidades dos/as alumnos/as, considerando ao individuo en continuo proceso de evolución persoal.

Universalidade.

Actuación dirixida a todo o alumnado, aínda que adaptada segundo os distintos niveis.

Cooperación.

Articular un traballo conxunto e coordinado de todos/as os/as axentes implicados/as.

Demanda.

Iranse elaborando programas de intervención na medida na que fosen sentidos como necesidades pola comunidade educativa.

Ecolóxico.

Representa o valor de ter en consideración os contextos escolar e extraescolar nos que se desenvolve o individuo, sen os cales resulta difícil explicar a conduta humana.

5.2.- Ámbitos de intervención

5.2.1. Atención á diversidade:

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que soliciten os/as profesores/as tutores/as.
- Asesorar as adaptacións curriculares que decida elaborar o equipo educativo dos/as alumnos/as
- Realizar os informes finais de etapa dos/as alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Actualizar os informes psicopedagóxicos dos/as alumnos/as que se considere que necesitan unha adaptación curricular.

5.2.2. Funcionamento do Departamento de Orientación:

- Seguir as normas de funcionamento (horario de reunións, periodicidade...) e procedementos de actuación aprobadas no plan de acción tutorial sobre:
 - Solicitudes de avaliación psicopedagóxica.
 - Organización de reforzos educativos
 - Organización de apoios.
 - Alumnos/as que deben acudir á aula de apoio.
 - Elaboración de informes psicopedagóxicos.
 - Elaboración de adaptacións curriculares.

5.2.3. Apoio á acción tutorial

- Colaborar na posta en práctica e potenciación do plan de acción tutorial.
- Facilitar material de apoio para o desenvolvemento persoal, académico e profesional de todos/as

os/as alumnos/as.

5.2.4. Intervención na comunidade

- Facilitar a colaboración da familia no proceso ensino - aprendizaxe.
- Coordinar a intervención das distintas institucións que inciden na atención á diversidade.
- Proporcionar información ao profesorado sobre programas de intervención que cubran as necesidades educativas detectadas.
- *Orientar aos/ás pais/nais para que faciliten o desenvolvemento persoal e académico dos/as alumnos/as con necesidades educativas especiais* .

ACTUACIÓNS		RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
01	Asesoramento á Comunidade Educativa	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso
02	Proposta de adquisición de material do Departamento	Orientadora	Departamento de Orientación	Todo o curso
03	Proposta de organización dos apoios do profesorado de AL e PT	Orientadora e mestre/as/as de AL e PT	titores/as do alumnado NEAE	1ª e 2º quincena de setembro
04	Colaboración na avaliación inicial do alumnado de nova incorporación ao centro	Orientadora e mestre/as/as de AL e PT	Alumnado de nova incorporación ao centro	2º quincena de setembro e ao longo de todo o curso
05	Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio	Orientadora	Xefatura de estudos	2ª quincena de setembro e 1ª quincena de outubro
06	Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.	Orientadora	Departamento de Orientación, Claustro de Profesores e Consello Escolar	Setembro/Octubro

	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACI ÓN
07	Elaboración dos informes específicos solicitados no caso de alumnado con NEE, destinatario de axudas convocadas polo MEC para a reeducación pedagóxica e/ou da linguaxe.	Orientadora	MEC, familias	Setembro
08	Revisión e reactivación de solicitudes realizadas no curso anterior aos EOE que non foran atendidas.	Orientadora	EOE	Setembro
09	Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, e dos correspondentes informes.	Orientadora	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias	De outubro a maio
10	Asesoramento na realización e seguimento das ACS	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos	Todo o curso
11	Asesoramento respecto dos asuntos a tratar nas reunións xerais coas familias.	Departamento de Orientación	Profesorado	Todo o curso
12	Reunións do Departamento	Orientadora	Membros do DO	Todo o curso
13	Asistir ás sesións de avaliación	Orientadora	Equipos docentes	Na avaliación inicial e ao remate de cada trimestre

ACTUACIONES		RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
14	Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación	Departamento de Orientación	Profesorado titor/a e profesorado de apoio	Maio - Xuño
15	Realización da avaliación do desenvolvemento do Plan Anual de Actividades do Departamento	Departamento de orientación	Membros do Departamento	Maio- Xuño
16	Elaboración dos informes do alumnado que remata Primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica.	Orientadora	Xefa de Estudos. Expediente persoal dos/as alumnos/as.	Xuño
	Deseño, desenvolvemento e aplicación do Plan de Aproximación para a E.S.O. en colaboración coa orientadora do I.E.S e en coordinación cos restantes centros adscritos.	Orientadora/Equipo directivo e titor/a de 6º	Alumnado de 6º E.P. e familias	Maio - Xuño
17	Redacción da memoria do Departamento de Orientación.	Orientadora	Departamento, Claustro de Profesores e Consello Escolar	Xuño

5.3.- Definición de accións prioritarias

3 Actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade...

- Aceptar e respectar a diversidade por parte de toda a comunidade educativa.
- Mellorar a atención ao alumnado de necesidades educativas permanentes.
- Mellorar a atención ao alumnado con necesidades educativas de carácter transitorio atendendo aos problemas desde o momento que xorden.

- Facilitar a incorporación do alumnado que inicia a súa escolaridade.
- Favorecer o proceso de adaptación do alumnado de nova escolarización no centro organizando o plan de acollida.
- Mellorar o proceso lecto - escritor e a lectura comprensiva
- Utilizar as novas tecnoloxías como recurso educativo.
- Facilitar os materiais curriculares necesarios para unha mellor aprendizaxe.
 - Accións a desenvolver:
- Levar a cabo a avaliación psicopedagóxica do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.
- Participar nas reunións de avaliación para detectar as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Organizar, o Departamento de Orientación, os apoios aos/ás alumnos/as con necesidades educativas e realizar un seguimento dos mesmos.

2. *Actuacións que teñan como eixo o desenvolvemento do plan de Acción tutorial.*

- Revisar e modificar o Plan de Acción Tutorial, adecuándoo aos cambios lexislativos e nos aspectos referentes ao acollemento de novo alumnado, sobre todo de procedencia estranxeira e como atender ás súas necesidades.
- Apoio aos/ás titores/as para a realización da avaliación inicial do alumnado.
- Facilitar aos/ás titores/as datos familiares e psicopedagóxicos do seu alumnado (respectando a Lei de protección de datos)
- Colaborar coas profesoras de educación infantil na recollida de datos e observación que lle faciliten cumprimentar as fichas de avaliación inicial e informe final de infantil.
- Colaborar na avaliación inicial do alumnado que inicia primaria, para detectar e prever dificultades de aprendizaxe. Dando preferencia ao dominio da lecto -escritura.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para alumnado procedente do estranxeiro, dirixidos ao coñecemento da lingua ou a actuar sobre as posibles carencias de coñecementos básicos.
- Colaborar cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie a aprendizaxe das áreas instrumentais que facilitan a adquisición doutros contidos curriculares.
- Tentar dar resposta a todas as necesidades formuladas polo profesorado.
- Diagnóstico psicopedagóxico ou seguimento dos/as alumnos/as que asisten ás clases de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Analizar as conclusións das medidas de atención á diversidade postas en marcha:
 - Aulas de P.T. e A.L.
 - Reforzo proporcionado polos/as profesores/as titores/as.

- Seguimento e actualización dos documentos de A.C. dos/as alumnos/as con n.e.e. en colaboración co profesorado implicado.
- Diagnóstico psicopedagóxico dos/as alumnos/as propostos polo profesorado, que poidan presentar necesidades educativas especiais.
- Continuar cun estudio máis profundo dos/as alumnos/as detectados/as como “posibles problemas de aprendizaxe” e realizar programas de intervención.

3. *Actuacións en relación ao fomento da convivencia e resolución pacífica de conflitos.*

- Fomentar a tolerancia e a mellora da convivencia.
- Realizar programas de intervención en habilidades sociais para os/as alumnos/as que mostren maiores dificultades de comportamento.
- Elaboración de documentos de rexistro de condutas (Colaboración de tutores/as -Orientación e Xefatura de Estudos na resolución de conflitos)
- Participación na elaboración de protocolos para a prevención e control de absentismo escolar, xunto coa Xefatura de Estudos e a colaboración dos Servizos Sociais.

4. *Actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias.*

- Participación nas reunións de pais/nais.
- Dinamizar a comunicación entre familias e o centro para acadar unha maior eficacia e coherencia na educación dos/as alumnos/as.

5.4.- Horario de traballo do departamento.

A Xefa do Departamento de Orientación presenta o seguinte horario, onde terá que dar resposta ás coordinacións mencionadas anteriormente.

Orientadora: M ^a Victoria Mejuto Fernández					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 - 9:50	Coordinación Extra e Comp	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
9:50 - 10.40	Orientación	Orientación	Garda	Coordinación Extra e Comp	Orientación
10:40 – 11:30	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
11:30 - 12:00	Plan Lector	Plan Lector	Orientación	Orientación	Orientación
12:00 - 12:30	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
12:30 - 13. 15	Orientación	Coordinación Benestar	Orientación	Orientación	Orientación
13:15 -14:00	Orientación	Coordinación Benestar	Orientación	Orientación	Orientación
16:00 - 17:00	Coordinación e xuntanzas				

17:00 - 18:00	Coordinación e xuntanzas Reunión D.O.	
18:00 - 19:00	Atención a familias	

Nas *horas lectivas, de atención ao departamento*, inclúense entre outras accións, as seguintes: avaliación do alumnado (aplicación e análise cuantitativa e cualitativa de probas), avaliacións psicopedagóxicas e elaboración de informes; seguimento de alumnos/as e actualización de informes; preparación das reunións do departamento e cumprimentación das correspondentes actas; elaboración de documentos diversos (orientacións, programas, etc.) destinados a calquera membro da comunidade educativa con fins tanto informativos como de intervención en casos; procura de recursos, rexistro e control do material do departamento; accións relacionadas coa mellora da convivencia, entrevistas individuais ou por grupos; atención ás familias; comunicación cos servizos externos; coordinación con titores/as para a atención de alumnado con N.E.A.E. e/ou desenvolvemento da acción tutorial, entre outras.

As horas *complementarias de permanencia no centro*, destínanse a:

- Coordinacións coas mestras de PT e AL, titores/as e mestres/as que realizan tarefas de apoio, e atención a pais/nais.
- Reunións ordinarias do departamento, tanto en pleno como en comisións, dependendo do asunto, especialmente no referente a seguimento e coordinación de casos de alumnos/as con N.E.A.E.
- Asistencia ás reunións de CCP que se fixen mensualmente.
- Reunións da dinamización de TICs.
- Participación nas reunións convocadas pola comisión de convivencia do centro.
- Asistencia a todas as reunións de avaliación que se realicen no centro, de claustro ou calquera outra convocada pola dirección.

O horario está ideado para atender a diversidade e variedade de actuacións e demandas; non pode ser ríxido, xa que a orientación é un servizo que se propón responder en atención á prioridade das demandas.

6.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

6.1 Metodoloxía

O Departamento de Orientación debe considerar a súa actuación dende a colaboración e o acordo na procura da mellora do proceso de ensinanza - aprendizaxe, asumindo as premisas derivadas da LOE e a LOMLOE, que acentúan o protagonismo da aprendizaxe. Isto reflíctese no concepto de competencias básicas ou clave, entendidas como o elemento do currículo que vai permitir ás persoas integrarse plenamente no mundo no que viven e a servir de base para seguir construíndo o seu propio coñecemento: a aprendizaxe ao longo de toda a vida, sen esquecer o desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, así como a transmisión de valores.

A asunción destes principios implica un funcionamento globalizado e integrador á hora de promover a función orientadora, facilitando a toda a comunidade educativa un marco teórico coherente co proxecto educativo, a normativa vixente e as directrices comúns a todos os departamentos. Só desde uns principios e fundamentos consensuados e asumidos por todos terán sentido as actuacións e as intervencións que se establezan.

En canto aos modelos de actuación baséanse en dous:

- Programas. O fin é atender a toda a comunidade educativa, tendo en conta as características contextuais do alumnado. Os programas ou plans que se desenvolvan deben centrarse máis en axudar aos/ás alumnos/as a identificar e desenvolver competencias que en remediar simplemente déficits ou paliar problemas: a función máis que diagnóstica e terapéutica, debe ser preventiva e de desenvolvemento.
- Consulta. Trátase dun modelo de intervención indirecta individual e/ou grupal. As súas funcións pódense desempeñar tanto desde a perspectiva preventiva, como da terapéutica ou a do desenvolvemento, e a súa actividade vai dirixida a axudar a afrontar e resolver non só os problemas e deficiencias que unha persoa, institución, servizo ou programa amosa, senón a previr e desenvolver iniciativas que contribúan a mellorar os ambientes nos que se desenvolven os individuos.

O *modelo de consulta* no campo educativo enténdese como un intercambio de información entre a orientadora e o profesor, titor/a ou familia co fin de axudar ao alumnado. O proceso adoita iniciarse desde a perspectiva terapéutica (problema do/a alumno/a) para derivar, posteriormente, a un enfoque máis preventivo ou de desenvolvemento. Xeralmente é o/a mestre/a (consultante) o que intervéen directamente, aínda que en ocasións tamén pode facelo a orientadora (consultora) Asumir o modelo de

consulta implica traballar con todos os axentes educativos, creando un medio escolar adecuado e incluíndo a información e asesoramento a pais/nais e profesores/as.

Esta función de consulta no ámbito da orientación convértese nun elemento dirixido a promover o cambio, a mellorar as relacións entre os distintos estamentos da institución escolar, a aproveitar os recursos humanos do centro e do medio e a inserir a acción orientadora no proceso educativo.

6.2 Técnicas de intervención

Como técnicas básicas de diagnóstico e intervención temos, entre outras:

- A avaliación psicopedagóxica: proceso de recollida, análise e valoración da información relevante dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe, coa finalidade de identificar as necesidades de determinados/as alumnos/as que presentan ou poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal e/ou académico, co obxectivo de fundamentar as decisións respecto de aspectos tales como a modalidade de escolarización máis axeitada, elaboración de adaptacións curriculares individualizadas, recursos e apoios específicos e, en xeral, todos aqueles aspectos que se precisen para progresar no desenvolvemento harmónico das capacidades.
- A consulta.
- Entrevista individual.
- Charlas individuais e grupais.
- Observación directa.
- Recollida de información a través de pais/nais, titores/as, familias e outras institucións.
- Aplicación de probas estandarizadas e non estandarizadas.

6.3 Procedementos

Para as funcións de asesoramento e consulta, serán os/as titores/as os que dirixan as súas demandas á orientadora. No caso das familias, se a consulta está relacionada con cuestións estritamente escolares ou tutoriais, terá que solicitala a través do/a titor/a correspondente. Para consultas doutra índole, a petición pode realizarse directamente á orientadora.

No caso de solicitar a intervención da xefa do departamento para a realización de diagnósticos, avaliación psicopedagóxica, actualización de avaliacións, etc, as solicitudes formalizaranse por medio da cumprimentación de documentos de derivación.

6.4 Recursos

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro e o propio departamento, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos, cando así o requira a actuación demandada ou programada, con autorización das familias implicadas, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos medios existentes.

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

O plan está sometido a un proceso de avaliación continua, tanto nos seus compoñentes como na planificación da intervención para analizar a consecución e idoneidade dos obxectivos previstos.

Os criterios de avaliación empregados farán referencia ao grao de consecución dos obxectivos específicos previstos neste plan anual, desenvolvidos na concreción das actuacións previstas para o curso.

Como paso previo, hai unha fase de **avaliación inicial** baseada na análise de necesidades tanto no ámbito da ensinanza-aprendizaxe como no relativo á acción tutorial, que se deben plasmar nos obxectivos do plan.

-Avaliación do proceso: prevé a recollida de información nas propias reunións do departamento, así como nas sesións de seguimento e avaliación das actuacións realizadas. No caso de detectar aspectos susceptibles de mellora, tomaranse as decisións necesarias, orientadas a introducir as modificacións pertinentes.

-Avaliación final: supón a verificación final do grao de consecución dos obxectivos establecidos e das actuacións previstas. Realizarase a finais do curso, coas achegas da orientadora, das coordinadoras ou representantes de etapa, dos/as titores/as, así como das impresións que se teñan recibido das familias e outros/as axentes da comunidade educativa durante o curso. Poderase desenvolver a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, etc.

7.1. Criterios xerais

- Referidos ao alumnado:

Grao de adquisición de información e procedementos, evolución e cambios nas actitudes sobre convivencia, superación de dificultades, satisfacción subxectiva da participación nas actividades.

Instrumentos: Análise da avaliación académica, probas e cuestionarios específicos...

- Referidos ao profesorado, titores/as, orientadora:

Grao de implicación no desenvolvemento curricular, calidade comunicativa co alumnado, calidade da información utilizada.

Instrumentos: cuestionario de hetero e auto-valoración entre os/as axentes implicados/as.

- Referidos ao deseño e desenvolvemento curricular:

Adaptación das diferentes programacións aos novos deseños curriculares (currículo de Educación Primaria), adecuación dos obxectivos ás necesidades detectadas, desenvolvemento das competencias básicas, pertinencia dos contidos seleccionados, eficacia da metodoloxía empregada, idoneidade do modelo interdisciplinar de integración curricular...

Instrumentos: contraste de resultados dos cuestionarios, posta en común e discusión nas reunións de coordinación e seguimento.

- Referidos ao asesoramento:

Grao de implicación dos participantes nas medidas acordadas, satisfacción subxectiva dos/as participantes sobre o proceso e sobre os resultados.

Instrumentos: entrevistas persoais, análise verbal das actuacións.

7.2 Estratexias para a toma de decisións sobre planificación e execución:

- Reflexión e valoración desde a práctica real.
- Activación periódica da análise de necesidades.
- Análise crítica de progresos e dificultades.
- Conversión de demandas e inxestións realizadas á orientadora en obxectivos e contidos susceptibles de integración curricular e/ou colaboración interdisciplinar.
- Difusión das actuacións do Plan e recollida de valoracións incidentais.
- Referidos ao servizo de axuda: calidade da resposta ante as demandas, coordinación e grao de implicación dos/as axentes no proceso, resultados obxectivos e subxectivos.
- Instrumentos: entrevistas persoais e análise verbal das situacións.
- Referidos ao propio plan: información descritiva cualitativa do proceso e dos efectos mediante cuestionarios e entrevistas aos/ás axentes implicados/as.
- A valoración e as incidencias da realización do plan serán recollidas na memoria de fin de curso.

Estas conclusións finais reflectiranse na memoria de fin de curso e servirán de referencia para a avaliación inicial do curso seguinte.

PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE, CURSO 2023/2024

Especialistas de audición e linguaxe

Iván Vázquez López

Amelia Seoane-Chanes Castiñeira

1 OBXECTIVOS A NIVEL DE CENTRO

A intervención de Audición e Linguaxe vai dirixida ao desenvolvemento de cada un dos niveis da linguaxe.

Considerando prioritario a adquisición dunha linguaxe funcional, os aspectos nos que se pretende incidir dunha maneira directa ou indirecta son:

- Colaborar na consecución da plena integración dos/as alumnos/as no grupo clase e en todos os ámbitos do centro.
- Orientar aos/ás titores/as en relación ás adaptacións metodolóxicas que requiren cada un/ha dos/as alumnos/as tratados/as. Deste xeito, colaborar na realización e desenvolvemento das Adaptacións Curriculares.
- Participar na proposta de medidas tendentes á unificación de criterios, en relación con este alumnado.
- Asesorar a titores/as en canto a estratexias que poden utilizar para previr alteracións, estimular a linguaxe e detectar posibles trastornos no desenvolvemento da fala, da linguaxe e da comunicación.
- Planificar e desenvolver programas de prevención: estimulación lingüística, habilidades metafonolóxicas...
- Desenvolver capacidades que permitan ao/á alumno/a crear e manter relacións sociais cos/as seus/súas compañeiros/as. Implica polo tanto a adquisición de estratexias e habilidades relacionadas coa pragmática da linguaxe.
- Reeducación dos distintos trastornos relacionados coa fala, linguaxe e comunicación, isto inclúe:
 - Desenvolvemento de habilidades prelingüísticas: atención, observación, memoria e seguimento de instrucións.
 - Nivel fonolóxico: mellorar a funcionalidade do aparato fonoarticulatorio (respiración, sopro, praxias, discriminación auditiva e fonética, ritmo...) Conseguir a correcta articulación dos distintos fonemas e a súa integración na linguaxe espontánea (articulación, conciencia fonolóxica...)
 - Nivel semántico: ampliar e reforzar o vocabulario que posúen. Desenvolvemento da expresión e comprensión oral.

- Nivel morfosintáctico: favorecer a emisión de frases de estrutura correcta progresivamente máis complexas (estrutura da frase, orde dos elementos, tipos de oracións...).
- Nivel pragmático: potenciar o aspecto funcional da linguaxe nos distintos contextos nos que se desenvolven.

Para acadar estes obxectivos levaranse a cabo as seguintes actuacións:

Valoración dos/as alumnos/as que recibiron apoio en Audición e Linguaxe o curso pasado coa finalidade de dar continuidade, se é necesario, ao devandito apoio.

Valoración dos/as alumnos/as novos propostos polos/as titores/as a través da xefa do Departamento de Orientación.

Intervención directa cos/as alumnos/as que o precisen, acompañada de pautas de actuación a pais/nais ou mestres/as titores/as e especialistas.

Colaboración na elaboración das AC dos/as alumnos/as que presenten NEE no ámbito da comunicación e a linguaxe.

Colaborar na adaptación e/ou elaboración de materiais para dar resposta ás necesidades que presenten os/as alumnos/as.

2-ÁMBITOS DE ACTUACIÓN:

FAMILIAR:

Información-formación aos/ás pais/nais dos/as alumnos/as atendidos directa ou indirectamente.

Esta información refírese ás características da alteración, influencia que ten no desenvolvemento da linguaxe e programa que se vai levar a cabo así como pautas para o traballo na casa.

ESCOLAR:

Participación en claustros, reunións de Ciclo, CCP.

Participación na revisión do PAD, como membro do Departamento de Orientación.

Información-formación a titores/as: sobre as características e repercusións do trastorno de cada un/ha dos/as alumnos/as.

Pautas a seguir para dar unha resposta adecuada ás súas necesidades.

Planificación e desenvolvemento de programas de prevención.

Orientacións metodolóxicas. Referidas a: localización do/a alumno/a na aula, adaptacións de materiais de uso diario, etc.

Información a titores/as sobre pautas a seguir con cada un/ha dos/as alumnos/as atendidos.

Ofrecedemento de recursos propios da aula de Audición e Linguaxe para o apoio ao desenvolvemento das programacións de aula, co fin de dar mellor resposta á diversidade.

Propoñer e participar na elaboración de adaptacións a nivel de centro.

Colaborar a nivel de centro e/ou aula coas decisións que teñan relación coa atención á diversidade.

INDIVIDUAL:

En canto á atención directa cos/as alumnos/as será sistemática, individual ou en pequeno grupo. Para a organización dos agrupamentos e sesións terase en conta o horario da aula ordinaria. E realizarase dentro ou fóra da aula dependendo das necesidades concretas de cada alumno/a ou grupo de alumnos/as. Preferiblemente fora da aula ordinaria.

As sesións serán estruturadas en función dos/as alumnos/as atendidos e necesidades que presentan. En calquera caso será flexible e incluíranse actividades relacionadas con todos os compoñentes da linguaxe.

Para facer máis atractivas as sesións, os exercicios realizaranse na medida do posible, por medio de xogos e sempre nun ambiente distendido que lle aporte confianza ao/á alumno/a. Reforzaranse os logros por pequenos que sexan.

Levarase a cabo tamén unha atención indirecta mediante orientacións ao/á titor/a e á familia.

3. OBXECTIVOS CON RESPECTO AOS/ÁS ALUMNOS/AS:

OBXECTIVOS XERAIS:

- Desenvolver ao máximo a linguaxe en todas as súas funcións como instrumento de comunicación e interacción social, mellorando aquelas áreas nas que presente dificultades.
- Empregar a linguaxe como medio de comunicación co seu entorno, interactuando con el.
- Interactuar coas persoas para expresar opinións, desexos, necesidades, obter información, pedir...
- Empregar diferentes formas de comunicación: verbal, escrita, mímica, empregando a expresión facial ou corporal...
- Mostrar interese polo uso da linguaxe, así como as súas diferentes manifestacións, gozando da comunicación cos demais e das actividades lingüísticas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Adquirir e mellorar os prerequisites lingüísticos necesarios para desenvolver a linguaxe, como a atención, a memoria, a imitación ou o contacto ocular.
- Mellorar a capacidade respiratoria e de sopro.
- Adquirir as praxias necesarias para alcanzar unha calidade articulatória, sempre en función das características de cada alumno/a e as súas posibilidades. Mellorar a mobilidade e o ton da lingua e labios e o do padal brando.
- Articular os diferentes fonemas en función das súas diferentes posicións.
- Xeneralizar o punto e modo de articulación dos fonemas a tratar na súa linguaxe espontánea.
- Discriminar sons, fonemas, sílabas e palabras.
- Desenvolver a comunicación dando prioridade á súa funcionalidade.
- Desenvolver a comprensión oral de contos, adiviñas, ordes, frases, palabras...
- Mellorar a expresión oral en función das posibilidades do/a alumno/a.
- Traballar a construción de frases e a estrutura da linguaxe.
- Desenvolver a competencia semántica, ampliando e estimulando o vocabulario.
- Conversar en diferentes situacións e sobre distintos temas aumentando os intercambios comunicativos.
- Empregar adecuadamente as normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- Dramatizar de forma oral diferentes situacións da vida cotiá.
- Recoñecer e valorar a linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas, intereses e desexos de coñecer aos demais.
- Interese por mellorar as propias producións lingüísticas.
- Desenvolver a capacidade simbólica e o uso dos diversos códigos de representación, expresión e comunicación.
- Desenvolver a conciencia segmental (fonolóxica, silábica, de palabra) para favorecer a aprendizaxe da escritura.
- Crear gusto pola comunicación e o diálogo como vehículos de transmisión de sentimentos, experiencias e vivencias.

4. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

Uso das catro destrezas básicas: falar, escoitar, ler e escribir. Falar e escoitar trabállanse en todas as sesións e con todo o alumnado. No caso do alumnado dos niveis máis baixos, falar e escoitar trabállanse de forma prioritaria, pero tamén se incide nas outras dúas, mediante actividades de achegamento ao código escrito (contos, interpretación de secuencias, etc.)

Como contidos destacan: prerequisites da linguaxe, uso da linguaxe para expresar e comunicar, adquisición e uso de normas que rexen o intercambio comunicativo, estruturas gramaticais, a entoación, a articulación, aprendizaxe e uso do léxico, dramatizacións e xogo simbólico xunto ao uso de xestos e expresión corporal.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**

Contribúese cando, ao traballar o vocabulario, incidimos na aprendizaxe e uso de termos espazo-temporais que axudan ao/á alumno/a a organizar o seu pensamento e a expresarse con maior precisión. Tamén se contribúe coas actividades de comprensión de problemas e/ou situacións relacionadas co uso funcional das matemáticas, ciencia ou tecnoloxía.

Contidos máis relevantes: localización temporal de actividades e experiencias, nocións básicas temporais (onte-hoxe-mañá, antes-despois...), ordenación temporal de secuencias, descrición, actividades de categorización con campos semánticos...

- * **Competencia dixital:**

Contribúese cando a metodoloxía elixida ou a principal ferramenta de traballo sexa o ordenador e o uso de software educativo interactivo: xogos interactivos, fichas de traballo, sons para a discriminación, música para a relaxación.

Os contidos serán entre outros moitos: uso do rato, conexión e desconexión de periféricos, utilización do teclado para a busca de información, aprendizaxe de criterios para a busca de información.

- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender:**

Un dos obxectivos desta área é dotalos de estratexias para que vaian aprendendo en situación naturais. Igualmente a auto - avaliación, a reflexión sobre a tarefa realizada tamén contribúen ao desenvolvemento da mesma.

- **Competencias cidadá:**

Favorecer a comunicación, dotando ao alumnado das estratexias que poda necesitar para poder relacionarse cos demais, participando activamente na vida social e cívica.

Contidos máis relevantes: comprensión e execución de ordes, expresión oral, contidos incluídos na reeducación da fala, linguaxe e comunicación que lle van axudar a actuar con máis seguridade e eficacia na relación cos demais.

- **Competencia emprendedora:**

Mediante o traballo no desenvolvemento das habilidades necesarias para fomentar a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar proxectos.

- **Competencia en conciencia e expresións culturais:**

Trabállase esta competencia cando facemos uso de manifestacións culturais como os contos, cancións, refráns, poemas, etc.

Como contidos destaca o uso das diferentes linguaxes como instrumento de comunicación e representación.

5- OS CONTIDOS PLANIFICADOS SON:

A. Condutas previas á linguaxe oral:

1. Atención.
2. Capacidade de contacto visual e de observación.
3. Discriminación visual.
4. Imitación xestual e de sons.
5. Memoria.
6. Ritmo con instrumentos e partes do corpo.

B. Bases funcionais:

1. Audición.
 - Discriminación auditiva de ruídos e sons.
 - Discriminación auditiva de cualidades do son.
 - Asociación de estímulos auditivos e visuais.
 - Discriminación auditiva de fonemas.
2. Aparato fonador
 - Respiración, relaxación e sopro.
 - Habilidade motora de lingua e labios.
 - Aspectos prosódicos: entoación e ritmo.
 - Voz.

C. Dimensións da linguaxe:

1. Forma
 - Fonoloxía: vocalizacións.
 - Adquisición do sistema fonolóxico.
 - Sintaxes: lonxitude da frase.
 - Complexidade da frase.
 - Desenvolvemento sintáctico.
 - Orde de organización dos enunciados.
2. Contido:

- Amplitude do vocabulario.
- Establecemento de categorías semánticas.
- Relacións entre as compoñentes do discurso.

3. Uso:

- Adquisición e uso das funcións da linguaxe e comunicación.
- Competencia na conversación.

D. Conciencia fonolóxica

6- METODOLOXÍA:

Procurarase levar a cabo unha metodoloxía que siga os principios fundamentais da aprendizaxe significativa, tratando de que sexa individualizada, personalizada e activa.

Como principio xeral intentarase combinar o modelo estruturalista (organización prevista e estruturada) e funcional (respecto ás iniciativas do/a neno/a) e aprendizaxe incidental.

A motivación será fundamental para que o/a alumno/a teña unha actitude positiva cara o traballo e desexo de mellorar.

Partirase do nivel no que se atopa cada alumno/a e respectarase o ritmo de evolución de cada un/ha.

A intervención por un lado será directa, é dicir, intervírase cos/coas alumnos/as con necesidades educativas de maneira individual ou en pequeno grupo para traballar aspectos lingüísticos nas súas diferentes dimensións (forma, contido e uso) e no ámbito expresivo e comprensivo.

As sesións asignadas irán conforme ás súas necesidades e á cantidade de alumnos/as que precisen de apoio en Audición e Linguaxe. Esta intervención levarase a cabo na aula de audición e linguaxe para traballar algún aspecto e dentro do grupo clase para traballar outros.

Por outro lado, a atención indirecta implica un traballo de asesoramento e colaboración co resto do profesorado e as familias con pautas e orientacións que guíen o proceso. Trátase pois, de axudar ao alumnado, non só a construír coñecementos que poida aplicar en diversas circunstancias, senón tamén empregar os novos na consecución doutras aprendizaxes, é dicir, aprender a aprender. Facendo uso en todo momento das diferentes competencias básicas.

A intervención dende este plantexamento terá os seguintes criterios metodolóxicos:

- Facilitar as interaccións entre alumno/a-alumno/a e alumno/a-profesor/a.

- Partir dos coñecementos previos do/a alumno/a e da súa zona de desenvolvemento próximo, coa finalidade de ofrecer actividades que esperten o seu interese e poidan relacionarse con experiencias anteriores, contribuíndo así á aprendizaxe significativa.
- As aprendizaxes serán funcionais tendendo a facilitar a súa xeneralización.
- A organización do tempo flexible para adecuarse aos ritmos e adaptarse ás moitas e variadas necesidades.
- Vaise do simple ao complexo, do concreto ao abstracto, segundo a dificultade.
- Fomentando sempre a cooperación entre familia e escola.
- Búscanse situacións que favorezan a interacción comunicativa.
- Ofrécense diversas axudas que se desvanecerán progresivamente.
- Polo tanto, partírase dunha metodoloxía lúdica, variada, baseándonos nas súas experiencias, intereses, así como no entorno. Respectando o seu ritmo e proporcionándolle todo tipo de axuda.
- No desenvolvemento das sesións priorízase a utilización de material para manipular dentro dun contexto lúdico.

7. ACTIVIDADES

4. Actividades co ordenador ou coa tableta.
5. Actividades de discriminación auditiva: dar palmadas cando escoiten un son, bingos sonoros, ruídos co corpo, xogos co ritmo, palabras curtas e longas, adiviñar palabras que soan diferente, asociar imaxe - son, dicir palabras que comece por un son determinado...
6. Actividades de relaxación.
7. Actividades de memoria auditiva: escoitamos sons e repetímolos en orde, dicir palabras que conteñan unha letra determinada...
8. Actividades de vocabulario: centros de interese, ante unha imaxe dicir o nome, describir láminas e comentalas, “Enséñame a falar”, dadas varias pistas adiviñar unha palabra e viceversa, xogos tipo “De la Habana viene un barco cargado de...”, etc.
9. Dramatizacións.
10. Xogos orais: completamos oracións, adiviñas, isto serve para ..., imitamos sons de animais e o outro adiviña...
11. Exercicios temporais: secuencias con diferentes fotos que contan feitos.
12. Imaxes asociadas a diferentes aspectos: respiratorios, movementos de lingua, sopro... comentámolas, imitamos.
13. Xogo simbólico: cociña, oficios, simulacións, médicos, mamás e papás, tendas ...
14. Contos: aquí traballáranse todos os aspectos da linguaxe, dende a comprensión do texto, pronunciación, construción de frases, atención e escoita, pragmática e imitación.

15. Cancións e adiviñas.
16. Textos de diferentes tipos e con diferentes graos de dificultade, a través dos cales se traballará a mecánica lectoescritora, a comprensión e o vocabulario.
17. Exercicios de expresión escrita de diferentes niveis de dificultade.

8. RECURSOS

Aparte dos recursos persoais (sesión de AL fóra e dentro do grupo de referencia) e organizativos que se dispoñen no centro, cóntase cos seguintes materiais básicos:

- Material de discriminación auditiva.
- Material para xogo simbólico: marionetas, peluches, figuras de alimentos, animais,...
- Material para traballar os fonemas: mans plastificadas, diversas tarxetas de diferentes temáticas.
- Material manipulativo de atención.
- Láminas e debuxos de diferentes ambientes (campo, cidade, partes da casa, estacións, animais, profesións...)
- Láminas plastificadas para traballar a estrutura sintáctica.
- Contos xerais e máis concretos para a estimulación da linguaxe.
- Tableta con diferentes aplicacións educativas.
- Variedade de pictos.
- Ordenador para programas informáticos e acceso a Internet.
- “Enséñame a falar”.
- Obxectos reais.
- Tarxetas de secuencias.
- Tarxetas de vocabulario: da casa, partes do corpo, alimentos, a escola...
- Cadernos impresos para fotocopiar con exercicios para dislexia, dislalias, comprensión lectora, adestramento fonético, disortografía, estimulación da linguaxe...

9. AVALIACIÓN

Avaliación inicial co fin de diagnosticar as alteracións e para establecer a liña de traballo, unha avaliación procesual ao longo da intervención para seguir un control do desenvolvemento do tratamento ou para introducir os cambios necesarios ou seguir o mesmo plan de traballo, unha avaliación final co fin de destacar os avances e finalizar o tratamento naqueles casos que se superasen as alteracións ou propoñer a súa posible continuidade no seguinte curso.

Para as avaliacións utilizaranse diferentes técnicas e instrumentos de avaliación, entre eles: a observación, o xogo, linguaxe espontánea, describir láminas ou debuxos, diálogos, diarios de clase...

Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos e contidos xerais expresados e os específicos para cada alumno/a. Por último engadir que os obxectivos están planificados para todo o curso escolar pero tendo en conta que nalgúns casos a súa consecución requirirá máis dun curso escolar, e noutros (como casos de dislalias funcionais) seguramente se acaden en menos tempo. O grao de adquisición dos mesmos será o que vaia indicando a necesidade de levar a cabo modificacións ou dar por rematada a intervención.

PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA CURSO 2023/2024

MESTRAS DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Marta Lista Becerra

Clara Pérez Malillos

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEXISLATIVO

O sistema educativo desempeña funcións esenciais para a vida dos individuos e das sociedades. O postulado principal da educación é que a finalidade da integración escolar consista en conseguir no alumnado con necesidades educativas especiais a máxima normalización social.

A programación é unha tarefa fundamental e básica no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe (Marchesi, 1997) Así, esta é entendida, no contexto pedagóxico como o conxunto de accións mediante as cales se transforman as intencións educativas máis xerais en propostas didácticas concretas que permiten acadar os obxectivos previstos.

Se a necesidade de programar está xustificada, o é no ensino do alumnado con necesidades educativas especiais. Non todos os escolares aprenden da mesma forma. Somos conscientes da importancia de atender ás diferenzas que presentan asociadas ás súas capacidades persoais e circunstancias sociais. O profesorado exerce como facilitador da aprendizaxe e favorece a adquisición autónoma dos coñecementos.

Para elaborar a programación de P.T. é necesario facer referencia a:

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Proxecto de Decreto de 2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación do currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006.

No entanto, deberase axustar ás posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento dun alumnado cuxas características diferenciais están marcadas pola afectación en grao extremo, dos procesos de desenvolvemento psicomotor, cognitivo, comunicativo, afectivo e social.

MARCO LEXISLATIVO

-Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación

-Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG 21-10-1996), sobre Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

-Orde do 22 de xullo de 1997, (DOG 0-09-1997), sobre Organización e Funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria

-Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG 27-04-1998), e Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG 31-07-1998), sobre organización e funcionamento da Orientación Educativa e profesional.

-Resolución do 22 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa (DOG 04-01-05), sobre os departamentos de orientación nos CEE.

-Decreto 254/2012, de 13 de decembro (DOG 26-12-2012), e Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15-03-2013), pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos.

-Lei 4/2011, do 30 de xuño, da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG 15-07-2011), sobre Convivencia e participación da comunidade educativa.

-Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, sobre Convivencia e participación da comunidade educativa.

-Decreto 229/2011, do 7 de decembro (DOG 21-12-2011), sobre a Atención á Diversidade do alumnado.

-Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa a etapa de Educación Primaria.

-Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de

Educación Primaria.

-Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da Educación Infantil.

-Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual (2018)

-Protocolo de Tratamento Educativo do alumnado con Trastorno do Espectro Autista (2016)

-Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario (2014)

-Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia (2014)

-Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá (2015)

-Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe (2020)

2. O CENTRO

CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO

O C.E.I.P Plurilingüe Anxo da Garda está situado nun barrio da cidade de A Coruña, concretamente no barrio dos Castros. A cidade conta cunha poboación de aproximadamente 247.000 habitantes, vindo rexistrando un descenso progresivo dende os anos 90, seguindo a tendencia de crecemento dos municipios da contorna (Arteixo, Culleredo...) e debido tamén a un crecemento vexetativo negativo.

ALUMNADO DE APOIO NO CENSO DO CENTRO

No presente curso o equipo de mestras de pedagogía terapéutica atenderá, en principio, a 17 alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, asociadas estas a diferentes causas: alumnado con necesidades educativas especiais de carácter permanente, alumnado con patoloxías que interfieren nos procesos de ensinanza-aprendizaxe; alumnado procedente de minorías étnicas así como de procedencia estranxeira que precisan dunha atención compensatoria e alumnado con dificultades de aprendizaxe de diferentes orixes.

O censo do alumnado atendido polas mestras de PT pode sufrir variacións ao longo do curso a través do alta daqueles/as alumnos/as que superen as súas dificultades ou pola incorporación de novos casos unha vez avaliados.

3. CARACTERÍSTICAS DOS/AS ALUMNOS/AS NEAE DO CENTRO

A programación vai dirixida ao seguinte grupo de nenos e nenas:

- Seis alumnos/as con TEA.
- Dous/dúas alumnos/as con plurideficiencia.
- Un/a alumno/a con trastorno da conduta e dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
- Oito alumnos/as con dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
- Dous/dúas alumnos/as con posible dislexia e dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
- Un/ha alumno/a con TDAH.
- Un/ha alumno/a con capacidade intelectual baixa e trastorno de aprendizaxe.
- Dous/dúas alumnos/as con atraso madurativo e dificultades da linguaxe
- Dous/dúas alumnos/as con dificultades de aprendizaxe asociadas ás súas condicións sociofamiliares.
- Nove alumnos/as con dificultades asociadas á súa escolarización tardía no sistema educativo español con desfase curricular e/ou descoñecemento das linguas de formación.
- Diversos alumnos con necesidade específica de apoio que precisan reforzo e apoio ordinario por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.

4. OBXECTIVOS

A continuación detállanse os obxectivos xerais de aula así como os dirixidos á atención do alumnado, os cales poden ir variando dependendo das necesidades que poidan ir aparecendo no contexto xeral do centro. Para iso partírase dunha análise do contexto sociocultural e económico do centro, ao que debe darse resposta, ademais dunha análise individual de cada un, tendo en conta que se satisfagan as necesidades de todo o alumnado, intentando que isto se realice no marco máis normalizador posible.

Como mestras de PT neste centro plantexamos os seguintes obxectivos xerais, para a presente Programación Anual:

- Colaborar cos/as titores/as no deseño, aplicación e seguimento da adaptación da programación de aula.
- Colaborar no deseño e aplicación das Adaptacións Curriculares do alumnado atendido.
- Colaborar na selección, elaboración e adaptación do material didáctico, tanto de uso ordinario como daqueles máis específicos, e optimizar os recursos existentes potenciando o uso das novas tecnoloxías.
- Asesorar ao profesorado sobre estratexias metodolóxicas específicas, de actuación e prevención das NEAE.
- Coordinar a nosa labor cos distintos especialistas de atención ás NEAE que colaboran no proceso educativo dos/as alumnos/as (mestras de A.L, especialistas, orientadora, EOE...)
- Motivar ás familias para que participen de forma activa no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Ademais destes obxectivos xerais, tamén nos propoñemos uns obxectivos a nivel curricular, que se adecuarán de forma individualizada ás características e necesidades que presente cada alumno/a mediante os correspondentes programas específicos. Entre eles podemos destacar os seguintes:

- Participar ao máximo do currículo ordinario, mediante unha programación de aula adaptada aos seus niveis de competencia e aos seus intereses.
- Dispoñer de apoio individualizado e especializado a través de métodos e actuacións específicas, que permitan ao alumnado acceder con maior autonomía ás aprendizaxes curriculares.
- Favorecer a xeneralización das aprendizaxes a contextos significativos.
- Favorecer o desenvolvemento e/ou adquisición dos elementos básicos da psicomotricidade humana: coordinación, lateralidade, esquema corporal, etc.
- Favorecer o desenvolvemento cognitivo e enriquecer os procesos de atención, percepción, memoria e elaboración de conceptos.
- Desenvolver estratexias de axuste e control da propia conduta, así como favorecer a relaxación.
- Aprender de forma explícita os mecanismos necesarios para a organización espazo-temporal da propia actividade e así minimizar as sensacións de illamento e ansiedade.
- Desenvolver un coñecemento positivo de si mesmos, motivación e autoestima.
- Reforzar as áreas instrumentais:

4. **Linguas:**

-Comprender o sentido global dos textos orais.

-Expresar ideas e opinións con claridade e aplicando as normas.

-Participar activamente e con coherencia en distintas situacións comunicativas.

-Utilizar un vocabulario axeitado nos distintos contextos.

-Adquirir e reforzar a conciencia fonolóxica incidindo nos primeiros cursos co fin de que os alumnos e alumnas logren unha base sólida e prever así futuros problemas de aprendizaxe.

-Lograr un nivel adecuado en canto a fluidez, velocidade e expresividade na lectura en voz alta en función de cada nivel educativo e das características individuais dos/as alumnos e alumnas.

-Comprender o sentido global dos textos.

-Realizar frases que resuman o contido dun texto.

-Opinar e reflexionar sobre o contido dun texto.

-Traballar a linguaxe escrita (copia, ditado e escritura espontánea) incidindo en distintos aspectos en función de cada nivel educativo e das necesidades de cada alumno e alumna.

-Coidar os aspectos formais da escritura: trazo, lexibilidade, alienación, presentación,...

-Escribir palabras sen omisións, inversións, substitucións, ...

-Escribir oracións con sentido completo e cunha lonxitude progresivamente maior.

-Producir pequenos textos con sentido completo.

-Escribir textos narrativos, descritivos e informativos adecuados a cada idade.

-Estruturar correctamente as oracións (con coherencia, con concordancia e sen omisións)

-Falar e expresarse axeitadamente, tendo en conta a entoación, o xesto e o uso das normas lingüísticas.

-Contar con coherencia e corrección as súas propias experiencias persoais.

-Describir persoas, obxectos e lugares.

-Expresar opinións persoais.

-Manter un diálogo, asemblea ou debate cos/as seus/súas compañeiros/as.

-Identificar as distintas estruturas que compoñen a linguaxe.

-Distinguir palabras da mesma familia léxica e identificar nelas o lexema.

- Recoñecer o suxeito e o predicado nunha oración.
- Recoñecer e diferenciar os substantivos: clases.
- Recoñecer o adxectivo: clases.
- Recoñecer os pronomes e as súas clases.
- Identificar e recoñecer o verbo e as súas formas non verbais, o número, formas simples e compostas.
- Identificar e clasificar os adverbios.
- Recoñecer as preposicións e conxuncións e a súa funcionalidade dentro dunha oración.
- Realizar análises morfosintácticos das oracións propostas.
- Realizar análises morfolóxicos de distintos tipos de palabras.
- Coñecer e empregar correctamente as regras xerais de acentuación.
- Utilizar correctamente o til diacrítico.
- Coñecer e aplicar as principais regras ortográficas e as palabras de especial dificultade.
- Incrementar o vocabulario do noso alumnado e no caso do de procedencia estranxeira, proporcionarlle os medios para que a nosa lingua constitúa para eles/as unha ferramenta eficaz de comunicación e chave para as distintas aprendizaxes.

5. Matemáticas:

- Analizar e comprender o enunciado dos problemas.
- Reflexionar sobre o proceso de resolución de problemas.
- Planificar os procesos de traballo.
- Iniciarse na utilización de ferramentas tecnolóxicas.
- Identificar, ler e escribir números naturais (variando o número de cifras en función do nivel de cada alumno e alumna)
- Descompoñer números naturais e identificar o valor posicional das cifras (variando o número de cifras en función do nivel de cada alumno e alumna)
- Comparar e ordenar series numéricas ascendentes e descendentes.

- Resolver sumas, restas, multiplicacións e divisións de distintos niveis de dificultade.
- Lembrar e utilizar con soltura e seguridade as táboas de multiplicar.
- Recoñecer e comprobar as propiedades da suma e da multiplicación.
- Desenvolver estratexias de comprensión e resolución de problemas matemáticos.
- Traballar o razoamento e a lóxica matemática.
- Identificar, comparar e debuxar segmentos.
- Recoñecer os elementos que forman un ángulo e os tipos de ángulos.
- Recoñecer e debuxar liñas poligonais abertas e pechadas.
- Recoñecer as unidades principais de lonxitude, peso e capacidade.
- Identificar as expresións horarias con precisión e reloxos de agullas e dixitais.
- Coñecer e nomear polígonos regulares segundo o número de lados que teñan.
- Identificar e distinguir circunferencia e círculo.
- Recoñecer os corpos xeométricos (prisma, cubo, pirámide, cilindro, cono e esfera)
- Identificar os días da semana e os meses no almanaque.
- Interpretar gráficos de barras.

5. CONTIDOS

Os contidos curriculares que se abordan son numerosos e correspóndense cos establecidos para os niveis educativos das etapas de Educación Infantil e Primaria. A temporalización destes, está en función das capacidades de cada alumno/a, do seu ritmo de aprendizaxe, e da priorización de obxectivos e contidos que se realiza das diferentes Programacións de Aula dos/as titores/as onde se atopa integrado noso alumnado. No caso das Adaptacións Curriculares cada alumno/a terá secuenciados os contidos segundo o nivel de competencia curricular no que se atopen.

Ademais traballaranse outros contidos máis específicos:

- Apoio á adquisición da técnica lectoescritora.
- Habilidades perceptivas e procesos cognitivos básicos.
- Conceptos básicos.
- Motricidade.
- Autoconhecimento e autoestima, xestión emocional, habilidades sociais e resolución de conflitos.

Así que podemos priorizar os seguintes bloques de contidos:

- Comprensión Oral e Escrita: vocabulario correspondente ás diferentes Unidades traballadas nas aulas de referencia dos/as alumnos/as, a idea principal e a secuencia lóxico-temporal dunha mensaxe.
- Expresión oral: saúdos e despedidas, contestar preguntas con frases coherentes e completas, intención comunicativa, linguaxe espontánea, descrições, concordancias gramaticais...
- Expresión escrita: correspondencia entre fonemas e grafías, normas ortográficas básicas.
- Nocións lóxico-matemáticas básicas: conceptos espaciais, temporais, posicionais, de orde, etc.
- Comprensión e resolución de problemas.
- Coñecemento e manexo do euro.

6. METODOLOXÍA

6.1. Principios Xerais:

Os principios metodolóxicos da aula de PT baséanse nas orientacións recollidas nos decretos de currículo de Educación Infantil e Primaria da nosa Comunidade Autónoma, nos principios do enfoque constructivista-interaccionista da aprendizaxe e nos principios de normalización, inclusión, non discriminación e igualdade de oportunidades do ensino. Son entre outros:

- Ambientes que favorezan a interacción, a comunicación, a investigación e a reflexión mediante a creación dun clima de aula cálido e próximo onde se fai ao/á alumno/a protagonista da súa aprendizaxe.
- Ao mesmo tempo, o ambiente de aprendizaxe será estruturado e predicible, para fomentar a seguridade e autonomía dos/as alumnos/as. Así se programarán actividades reiterativas con dinámicas rutinarias, fomentando a aprendizaxe sen erro ou mediante ensaio - erro (segundo as necesidades dos/as alumnos/as), facilitando modelos de execución (imitación, modelado, moldeado...)
- Potenciar o xogo e a actividade como elemento que favorece a elaboración e desenvolvemento de estruturas de coñecemento, de relación interpersonal e de desenvolvemento na contorna (xogos de roles, dramatizacións, xogos regulados, xogo espontáneo)
- Perspectiva globalizadora. En dous sentidos:
 - Considerar ao/á alumno/a como un todo en desenvolvemento, polo que os distintos programas de intervención ou actividades de reforzo non poden levarse a cabo de xeito illado e descoordinado, senón relacionados entre si.
 - Os programas de actuación da aula de apoio emanarán das respectivas programacións de aula, para así facer un desenvolvemento coherente dos obxectivos educativos.
- Aprendizaxes significativas, partindo do que os/as alumnos/as coñecen e pensan e conectar cos seus

intereses e necesidades.

- Aprendizaxes relevantes, considerar aquelas aprendizaxes que realmente sexan útiles e transferibles a contextos cotiáns do/a alumno/a.
- Ensinar de forma explícita determinadas aprendizaxes (capacidades ou habilidades: atención, percepción, memoria, hábitos básicos), que os/as compañeiros/as de igual idade adquiriron de forma espontánea, e que constitúen unha base para aprendizaxes elementais e posteriores.

6.2. Agrupamentos e distribución temporal (horario)

Á hora de organizar as sesións de PT seguimos os seguintes criterios:

- A confección do horario de apoio baséase no principio de equilibrio, entre a necesidade de reforzo máximo e a menos separación dos/as alumnos/as dos/as seus/súas compañeiros/as.
- Primarán os apoios e reforzos dentro da aula ordinaria para normalizar a resposta educativa ao máximo.
- Teranse en conta as orientacións ofrecidas polo D.O. nos informes de avaliación psicopedagóxica e nos Ditames de Escolarización, no referente ás estimacións de horas de apoio semanais que han de recibir os/as alumnos/as.
- Os horarios dos grupos-clase onde están integrados os/as alumnos/as, serán un dos referentes para confeccionar o horario da Aula de PT, xa que as sesións de PT levaranse a cabo durante o intre de impartir as áreas instrumentais.
- Este horario será flexible en función das actividades complementarias que se realicen, e en función dos resultados do seguimento do proceso de E-A dos/as alumnos/as (cambios significativos na evolución dos/as xa atendidos/as, e inclusión de novos/as alumnos/as avaliados/as psicopedagógicamente durante o curso)
- Teranse en conta os horarios dos demais profesionais do Departamento de Orientación.
- As características do alumnado (n.e.e., curva de rendemento, momentos con maiores niveis de atención, etc.), e a resposta educativa que requiren (actividades específicas individualizadas, apoio dentro da aula, etc.) marcarán os momentos da xornada escolar nos que o reforzo pedagóxico é máis produtivo e aconsellable.
- Para realizar os agrupamentos teremos en conta aspectos como o nivel de competencia curricular, a idade, ...
- Este horario preséntase para a súa aprobación á Xefatura de Estudos do centro.

Esta programación será aplicada para un curso académico, con sesións de **50 minutos**, nun clima de traballo relaxado, variando as actividades para evitar a monotonía, e realizándoas de forma lúdica sempre que sexa posible.

6.3 Recursos humanos e materiais:

- **Humanos:**

Profesorado, Orientadora, Profesoras de P.T. e A.L. e Coidadoras.

- **Materiais:**

Libros de texto, material escolar, material de apoio, material manipulativo, xogos, programas educativos para ordenador...

7. COORDINACIÓN

- Reunións do Departamento de Orientación.
- Profesorado: as reunións cos/as titores/as realizaranse sempre que sexa necesario no marco das respectivas reunións de nivel. Así mesmo existe un calendario establecido polo Equipo Directivo para as diferentes reunións de Equipos Docentes e Sesións de Avaliación.
- Coordinación coas familias: o centro ten establecido un horario de atención ás familias, este será os luns de 18-19h.

8. AVALIACIÓN

Debe caracterizarse por ser, ademais de inicial, global (terá en conta todos os aspectos do desenvolvemento do alumnado), continua (dende o principio ata o final do proceso de ensino-aprendizaxe) e formativa (debe servir para formar o profesorado e mellorar a práctica educativa) e integradora. Terá en conta o progreso do alumnado no conxunto de todas as áreas do currículo.

Ademais destes trazos característicos deberá abranguer ao/á alumno/a, ao proceso de ensino-aprendizaxe, ao profesorado, así como á adecuación das concrecións do currículo, das programacións e do currículo ás características do centro e necesidades dos/as alumnos/as.

Para avaliar ao alumnado realizarase un seguimento do seu proceso de ensino-aprendizaxe, en coordinación e colaboración co/a titor/a e co resto de profesores/as.

Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe terase en conta a consecución dos obxectivos formulados nos diferentes programas e o desenvolvemento das competencias básicas.

Para avaliar a práctica docente utilizaranse técnicas como o diario, a autocrítica profesional, o intercambio de ideas entre profesionais, o rexistro de anécdotas, ...

En canto aos instrumentos de avaliación serán o máis diversos posible, para permitir o contraste da información, tales como: a observación sistemática, a entrevista, os cuestionarios, as actividades de indagación, os diarios de clase,...

CONCRECIÓN DO PXAD Curso 2023/24

1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

Contexto legal.

O Plan de Atención á diversidade (decreto 229 de 7 de decembro de 2011) entende por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxes, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

O Plan Xeral de atención á diversidade ten como finalidade a coordinación de todas aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Entendendo a diversidade como a adaptación do centro ás necesidades que pode presentar calquera alumno/a xa sexan de maneira temporal ou permanente.

O noso centro asume o tratamento á diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando os elementos do currículo e previndo os servizos necesarios, polo cal o noso currículo é aberto e flexible, favorecendo así o aprender a aprender, de acordo coas características e peculiaridades de todos/as os/as alumnos/as.

Así o Plan de atención á diversidade enténdese como un proceso de adaptación de toda a Comunidade Educativa ás necesidades de todos/as os/as alumnos/as que debe garantirse desde as primeiras idades do alumnado permitindo así a prevención e detección temperá das súas dificultades tanto no desenvolvemento persoal como da aprendizaxe.

É un proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino - aprendizaxe e á toma de decisións. Polo tanto faise necesario que os centros contan cun Plan Xeral de Atención á Diversidade no que colaboren tanto os/as profesores/as como as familias para

lograr o maior desenvolvemento do alumnado.

O estudo da poboación escolar do noso centro apórtanos datos significativos sobre o incremento da diversidade poboacional coa correspondente correlación de necesidades educativas que leva consigo. Atopamos unha grande variabilidade de alumnado no referente ás necesidades educativas que manifestan, pois hai alumnos/as con necesidades de carácter permanente, por estar asociadas a trastornos específicos, e por outra parte, alumnado procedente de minorías étnicas, alumnado estranxeiro e alumnado con dificultades de aprendizaxe que precisan dunha atención de carácter máis transitorio.

A Diversidade pois, é unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada un/unha dos/as nosos/as alumnos/as, da singularidade de cada familia e de cada un/unha dos/das mestres/as, tamén das peculiaridades do centro e da comunidade educativa no seu conxunto.

Neste colexio contamos cun departamento de orientación, desde o cal procuramos a identificación de forma temperá das necesidades educativas do noso alumnado e procuramos que a súa atención integral se inicie desde o momento da identificación da necesidade tendo en conta os principios de inclusión e normalización.

Liñas xerais de atención á diversidade.

A educación infantil e a educación primaria (primeira etapa do ensino obrigatorio) é o primeiro contacto do noso alumnado co mundo escolar. Como tal, caracterízase por unha especial atención á diversidade, pola prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de apoios ou reforzos tan pronto como sexan detectados, acudindo ás medidas que sexan precisas.

A orientación como instrumento fundamental para conseguir o axuste pedagóxico entre os procesos de ensino - aprendizaxe, considerámola un proceso sistemático e continuo de axuda aos/ás alumnos e alumnas, no que participan todos os elementos da comunidade educativa.

Forma parte esencial da actividade educativa e inclúe a toda a comunidade; comeza no momento da escolarización do/a alumno/a e abrangue a toda a poboación escolar.

Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, procesos de ensino - aprendizaxe e toma de decisións.

A actuación sobre toda a comunidade educativa implica a necesidade de coordinación cos profesionais especializados, tanto no ámbito da psicopedagogía como servizos sociais ou sanitarios.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES:

A detección de necesidades levarase a cabo de forma especial ao principio de cada curso escolar, especialmente co alumnado de nova incorporación ao centro, manténdose un seguimento ao longo do curso, así como o control de alumnado que se incorpore despois do comezo do mesmo.

O estudo da poboación escolar apórtanos datos significativos sobre o incremento da diversidade poboacional coa correspondente correlación de necesidades educativas que leva consigo.

Detección durante o proceso de nova escolarización.

Refírese ao alumnado que solicita ser admitido no segundo ciclo de educación infantil e tamén aquel que solicite ser admitido en calquera curso de Infantil ou Primaria. Neste proceso, a familia declara na solicitud de admisión que presenta necesidades educativas especiais, altas capacidades ou que precisa actuacións de carácter compensatorio. Nese mesmo momento, poñeranse en marcha os mecanismos de identificación de NEAE e o proceso de elaboración do ditame de escolarización.

Detección durante o proceso de ensino - aprendizaxe.

O profesorado e a familia teñen a capacidade para detectar indicios de NEAE no alumnado. Con carácter orientador, considerarase que un/unha alumno ou alumna presenta indicios de NEAE cando se observe algunha das seguintes circunstancias:

5. Rendemento inferior ou superior ao esperado pola súa idade e/ou o seu nivel educativo.
6. Diferenza significativa con respecto á media dos seus iguais en calquera dos ámbitos do desenvolvemento e/ou no ritmo/estilo de aprendizaxe.
7. Indicios da existencia dun contexto familiar pouco favorecedor para a estimulación e desenvolvemento do/a alumno ou alumna.
8. As circunstancias anteriores non se explican por factores conxunturais ou transitorios.

Para a detección destes indicios, consideraranse os seguintes ámbitos do desenvolvemento e da aprendizaxe:

- Desenvolvemento cognitivo: dificultade para realizar actividades rutineiras, memoria (escasa ou superior), lagoas, dificultade na asimilación de conceptos, desinterese...
- Desenvolvemento motor: torpeza xeneralizada, coordinación óculo - manual defectuosa, evita actividades de manipulación...
- Desenvolvemento sensorial: non responde a estímulos visuais/auditivos, reaccións desproporcionadas, desorientación...
- Desenvolvemento comunicativo e lingüístico: dificultades expresivas, desenvolvemento lento da linguaxe...
- Desenvolvemento social e afectivo: constantes chamadas de atención, condutas disruptivas, perrenchas, problemas de integración, alto grao de frustración...
- Desenvolvemento da atención e concentración: alto grao de distracción, impulsividade, evita tarefas que implican un esforzo mental sostido...
- Desenvolvemento de aprendizaxes básicas: lectura, escritura e cálculo.

Existen diferentes instrumentos que permiten esta detección tales como: observación diaria en situación de ensino - aprendizaxe, probas de competencia curricular, cuestionarios, escalas de estimación, probas de valoración das distintas áreas do desenvolvemento...

A través destes instrumentos poderase realizar unha valoración global do/a neno ou a nena, detectando diferenzas respecto aos principais fitos do desenvolvemento propios da súa idade e/ou respecto ao rendemento e procesos de aprendizaxe esperados para o seu nivel educativo.

Detección no contexto educativo.

En calquera momento do proceso de ensino – aprendizaxe, o equipo docente, especialmente o/a titor/a, a través da observación diaria do/a alumno/a, para poder detectar indicios de NEAE no seu alumnado que fan posible tomar as medidas educativas necesarias. Pero tamén existen momentos clave para isto:

As avaliacións iniciais.

As avaliacións iniciais son un valioso instrumento de detección de dificultades, serán o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e adecuación ás características (adopción de medidas pertinentes de apoio, reforzo e recuperación ou de adaptación curricular)

Realizarase durante o primeiro mes de cada curso escolar.

As avaliacións trimestrais.

Nas avaliacións trimestrais, ao analizar os seus progresos e resultados académicos nos distintos ámbitos, áreas e materias con respecto aos obxectivos e competencias clave, tamén serven para apreciar indicios que poden levar á decisión de poñer en marcha o procedemento para seguir, entendéndose que esta sesión de avaliación equivalería á reunión do equipo docente descrita no devandito procedemento.

Poden desenvolverse conforme ás seguintes pautas:

1. Antes da sesión, obtención de datos polo/a titor/a:

- Análise dos informes finais de curso, ciclo e/ou etapa.
- Recollida de información sobre o nivel de competencia curricular do alumnado, mediante observación, exercicios de clase, probas iniciais, etc.

Cada profesor/a do equipo docente trasladará a información das súas probas iniciais ao titor/a.

- Priorización de alumnos/as cuxa avaliación require maior detemento.

2. Durante a sesión de avaliación:

- O/a titor/a coordinará a sesión de avaliación do equipo docente do seu grupo á que asistirá todo o profesorado que imparte clase nel e os membros do departamento de orientación do centro.

Proposta de orde do día das sesións de avaliación:

- Información do/a titor/a sobre a marcha do grupo e suxestións e propostas do equipo docente.
- Análise e valoración conxunta sobre o rendemento do alumnado, de forma individualizada coordinada polo/a titor/a.
- Toma de decisións sobre medidas educativas oportunas segundo as necesidades do alumnado.

3. Despois da sesión de avaliación:

- Realización da acta da avaliación por parte do/a titor/a para entregar á xefatura de estudos, onde se recollerá unha síntese dos acordos e/ou decisións tomadas na sesión de avaliación.
- Posta en marcha das decisións adoptadas e as medidas de atención á diversidade. O/a titor/a velará polo cumprimento das decisións adoptadas.
- Información ás familias do alumnado co que se adopten medidas educativas.

Nos casos nos que se considere oportuno, a través desta sesión de avaliación, poderá iniciarse o procedemento a seguir tras a detección de indicios de NEAE, entendéndose que esta sesión de avaliación equivalería á reunión do equipo docente descrita no devandito procedemento do protocolo.

4. En calquera momento do proceso de ensino - aprendizaxe, ademais dos diferentes momentos craves identificados anteriormente, poden detectarse indicios no alumnado que impliquen a activación do procedemento a seguir.

Detección no contexto familiar.

Os indicios de NEAE que sexan detectados desde a contorna familiar deberán ser comunicados ao centro docente, co seguinte procedemento:

1. A familia solicitará unha entrevista ao/á titor/a co obxecto de informar.
2. Cando a familia presente diagnósticos e/ou informes externos ao centro, o/a titor/a, indicarlle que esta documentación deberá ser trasladada ao Departamento de Orientación do centro para o seu rexistro, arquivo e custodia.
3. O/A titor/a trasladará a información, a través da solicitude de avaliación psicopedagóxica, á xefa do Departamento de Orientación.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS:

A nivel xeral:

1. Participación, colaboración e asesoramento nos proxectos educativos e curriculares do centro con especial incidencia nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas, para ofrecer respostas educativas máis axeitadas, que favorezan unha educación diversificada e un desenvolvemento de actitudes de solidariedade e respecto ante a diversidade:

- EN RELACIÓN AO CENTRO :

- Promover proxectos educativos flexibles.
- Fomentar a interdisciplinabilidade entre as áreas curriculares.
- Facilitar a colaboración entre os profesores, e entre estes e as familias.
- Organizar medidas previas de valoración de necesidades.
- Potenciar os proxectos: lectura, TICs...
- Incentivar a participación das familias.
- Fomentar prácticas de integración na comunidade.
- Deseñar procesos de avaliación.

- EN RELACIÓN Á AULA :

- Fomentar unha aprendizaxe activa e construtiva.
- Deseñar un proceso de ensino - aprendizaxe significativo.
- Facilitar as construcións autónomas das aprendizaxes.
- Fomentar o uso de aprendizaxes cooperativas e participativas.
- Potenciar as actividades de atención e motivación.
- Establecer programas tutoriais de autoconcepto, autoestima e habilidades sociais.
- Facilitar a planificación de actividades de recuperación e seguimento.

2. Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e a prevención de dificultades ou problemas de aprendizaxe tanto derivadas de condicións desfavorables como de altas capacidades.
3. Apoio á función tutorial do profesorado que con estratexias de colaboración e asesoramento permitan optimizar o desenvolvemento do alumnado, extensible ao asesoramento das familias .
4. Apoio e asesoramento para afrontar os momentos escolares máis decisivos e de maior dificultade: entrada no centro, cambio de ciclo, cambio de etapa, etc.
5. Promover a cooperación entre o centro e as familias así como cos servizos que ofrece a comunidade.

A nivel específico:

Medidas de intervención, dirixidas fundamentalmente a tres ámbitos:

1. Programas de *prevención*:

- Apoio aos programas lectores para previr dificultades.
- Realización de programas para a aprendizaxe de habilidades sociais que preveñan conflitos de relación.
- Apoio con recursos e material específico (atención, percepción, estruturación espazo - temporal,

procesos lóxicos e cognitivos...)

2. Medidas de *apoio organizativas* :

- Agrupamentos flexibles (medida extraordinaria)
- Apoio, por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe (dentro e fóra da aula) ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais (medida extraordinaria)
- Intervencións específicas: horarios, espazos..., modificando, se fose preciso, os apoios iniciais.
- Repetición de curso (medida de carácter excepcional)

3. Medidas de *apoio curriculares* :

- Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (medidas ordinarias)
- Adaptacións Curriculares **(1)** (medida extraordinaria)
- Flexibilización da duración do período de escolarización **(2)** (medida extraordinaria)

Neste marco individual ou de pequeno grupo os obxectivos estarán referidos ao desenvolvemento das súas capacidades.

A adquisición de ditos obxectivos suporá acadar as competencias básicas, isto é aquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles para aplicar os saberes adquiridos en contextos e situacións diversas.

Prestaremos especial atención, sen descoidar as outras, á **competencia en comunicación lingüística** ou o que é o mesmo, a que sexan quen de empregar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e da organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

(1)Require avaliación psicopedagóxica, informe da orientadora e autorización da administración educativa.

(2)Require avaliación psicopedagóxica, informe da orientadora e, de ser o caso do Equipo Específico de Orientación e autorización da administración educativa.

4. ALUMNADO A QUEN VAI DIRIXIDO O PLAN

➤ *ALUMNOS/AS QUE NECESITAN MEDIDAS DE APOIO ORDINARIO*

Alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo.

- **ALUMNADO CON DIFICULTADES TRANSITORIAS NA APRENDIZAXE ESCOLAR**

Maniféstase un retardo xeral de todo o proceso de aprendizaxe, observándose lentitude, desinterese,

deficiencia na atención e concentración, afectando ao rendemento global. Estas características preséntanse en nenos/as cun desenvolvemento normal e con inmaduridade na área cognitiva ou verbal, o que provocaría unha lentitude para aprender.

Os/as alumnos/as de aprendizaxe lenta son aqueles que presentan dificultades para seguir un ritmo de aprendizaxe normal, por presentar problemas a nivel de memoria, xunto cunha menor capacidade de atención a estímulos verbais e de expresión, e dificultades para evocar e recuperar a información aprendida. Este grupo está constituído por nenos/as cun desenvolvemento máis lento e cun ritmo crónico de aprendizaxe máis baixa que o resto dos/das seus/súas compañeiros/as.

- **ALUMNADO QUE REPITE**

Os/As alumnos/as accederán ao curso, ou etapa seguinte, sempre que se considere que lograron os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os do final da etapa, e que alcanzasen o grao de adquisición dos coñecementos e as competencias correspondentes. A permanencia un ano máis terá carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto de medidas ordinarias de reforzo e apoio para liquidar as dificultades de aprendizaxe do/a alumno/a. En todo caso será unha decisión tomada polo equipo educativo do/da alumno/a.

Os/As alumnos/as poderán permanecer un ano máis en calquera curso da etapa cun Informe de Avaliación Final de Recuperación destinado á adquisición dos obxectivos non acadados, con indicación dos profesores responsables.

- **ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON AVALIACIÓN NEGATIVA NALGUNHA ÁREA.**

Alumnos/as que promocionan de curso escolar, aínda que o fan con cualificación negativa nalgunha das áreas. Dous poden ser os motivos desta decisión:

1.- Xa repetiron curso. Valorar entón necesidades e tipo de resposta.

2.- Os/As alumnos/as con algunha área pendente accederán ao curso, ou etapa seguinte, sempre que as aprendizaxes non acadadas non lles impidan seguir con aproveitamento o novo curso ou etapa.

➤ *ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO*

Son aqueles/as alumnos/as que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais ou por incorporarse de forma tardía ao noso sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

- **ALUMNOS/AS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de

trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Os pais, nais ou titores/as legais dos/as alumnos/as serán informados previamente á súa aplicación, das medidas organizativas e curriculares e dos recursos que se adopten para a súa atención.

➤ ALUMNOS/AS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIOEDUCATIVA E/OU CULTURAL

Son aqueles/as alumnos/as que presentan desigualdades derivadas de factores sociais, familiares, derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

6. ALUMNOS/AS CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Trátase de alumnos/as que se caracterizan por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferéncianse:

- ➔ a precocidade
- ➔ o talento
- ➔ a sobredotación

Esta precocidade para a aprendizaxe non se dá necesariamente no seu desenvolvemento físico, social e emocional, sobre todo nas etapas de Infantil e Primaria. Por iso é polo que estes/as alumnos/as requiren dun tratamento educativo diferenciado que aproveite as excelentes potencialidades individuais que presentan á vez que coide o risco da inadecuada socialización.

Considérase alta capacidade intelectual un CI igual ou superior a 130, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

• ALUMNOS/AS CON CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR

É aquel alumnado que polas súas condicións persoais (minoría étnica, procedencia social, factores económicos ou culturais...) ou historia escolar (absentismo, compensatoria...) presenta un desaxuste curricular. Para organizar a resposta educativa deste alumnado é imprescindible facer avaliación psicopedagóxica por parte da orientadora coa colaboración do equipo docente.

- ALUMNOS/AS DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO

Son aqueles/as alumnos/as que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, incorpóranse de forma tardía ao noso sistema educativo e presentan dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade (descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular) Dita incorporación garantírase, en todo caso, na idade de escolarización obrigatoria. A escolarización destes/as alumnos/as realizarase atendendo ás súas circunstancias, competencias, idade, historial académico, de maneira que se incorporen ao curso máis adecuado ás súas características e nivel de competencia, cos apoios oportunos.

Alumnado NEAE no curso 2023-24

11. Seis alumnos/as con TEA.

12. Dous/dúas alumnos/as con plurideficiencia.
13. Un/a alumno/a con trastorno da conduta e dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
14. Oito alumnos/as con dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
15. Dous/dúas alumnos/as con posible dislexia e dificultades de aprendizaxe da lectura, da escritura e do cálculo.
16. Un/ha alumno/a con TDAH.
17. Un/ha alumno/a con capacidade intelectual baixa e trastorno de aprendizaxe.
18. Dous/dúas alumnos/as con atraso madurativo e dificultades da linguaxe
19. Dezasete alumnos/as con dificultades da linguaxe.
20. Dous/dúas alumnos/as con dificultades de aprendizaxe asociadas ás súas condicións sociofamiliares.
21. Nove alumnos/as con dificultades asociadas á súa escolarización tardía no sistema educativo español con desfase curricular e/ou descoñecemento das linguas de formación.
22. *Diversos alumnos con necesidade específica de apoio que precisan reforzo e apoio ordinario por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.*

Está en vías de observación o alumnado novo e é posible que vaian xurdindo máis necesidades ao longo do curso.

5. DESCRICIÓN DE ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

CONCEPTO

No marco do presente decreto 229/2011, do 7 de decembro, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

MEDIDAS

Prevense aquelas que responden a necesidades concretas existentes no centro na actualidade, sen prexuízo doutras que eventualmente puideran establecerse dentro do marco legal vixente.

Curriculares

Ordinarias

- Adecuación das programacións didácticas de cada grupo, segundo as conclusións e propostas obtidas da avaliación inicial e da avaliación continua.
- Reforzo educativo a aqueles/as alumnos/as que o necesiten e, en todo caso, cando o resultado da avaliación anterior fose negativo, recollendo nun plan ou programa individual os contidos obxecto de reforzo e os instrumentos de avaliación que se van a empregar, así como os métodos e recursos complementarios que se utilicen de ser o caso.
- Programas de recuperación das materias non superadas do ciclo ou nivel anterior no caso de promoción por idade.
- Programas de reforzo para aqueles alumnos que permanecen un curso máis por non ter alcanzado os obxectivos de nivel.
- Programas de enriquecemento curricular, no caso de alumnado avaliado como altas capacidades.
- Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria a alumnos/as con dificultades específicas e temporais segundo os criterios establecidos.
- Programas de habilidades sociais.

Extraordinarias

- 4 Adaptacións curriculares. A proposta curricular é elaborada polo mestre ou mestra responsable, coa participación do profesorado de apoio cando sexa o caso e o asesoramento do departamento de orientación (DO) Solicítase a través da dirección do centro e autorízase a inspección educativa correspondente.
- 5 Apoios de especialistas de PT/AL. Inclúe as intervencións e a atención directa co alumnado de necesidade específica de apoio educativo, con informe dos servizos de orientación e por proposta da persoa responsable da orientación no centro. Son autorizadas pola dirección.
- 6 Flexibilización da duración do período de escolarización. Permanencia dun ano máis no caso de non acadar os obxectivos e desenvolvemento de competencias do nivel ou etapa e despois de ter esgotado medidas ordinarias.
 - Grupos de adquisición das linguas.

Organizativas

- Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria a grupos con alumnos/as de N.E.A.E. e outros casos de atención á diversidade.
- Elaboración de horarios priorizando a previsión e distribución de áreas e recursos no caso de

alumnos con NEE.

- Reunións de coordinación e seguimento relativas ao alumnado con NEAE:

Finalidade:

- Avaliación das medidas curriculares adoptadas e o seu desenvolvemento.
- Organización da atención, materiais e recursos.
- Coordinación coas familias.
- Disponibilidade:
- Horas complementarias fixas semanais (previo establecemento e convocatoria)
- Sesións do DO destinadas para atención á diversidade (orientadora/profesorado especialista/equipo docente) procurando garantir unha reunión mensual.
- Reunións con servizos externos que atenden alumnos con NEAE (atención temperá/outros)

Finalidade:

3. Intercambio de información, orientacións e recursos (co consentimento da familia)

Temporalización:

4. Dependendo da dispoñibilidade e necesidades detectadas no seguimento.
 - Reunións da orientadora cos servizos sociais municipais para o seguimento de casos atendidos por aqueles.
 - Información ás familias de alumnado proposto para medidas de atención á diversidade:
18. Inicial. Despois da avaliación inicial dáse conta das necesidades e as medidas propostas.
19. Trimestral (presencial e/ou documental) Resultado da avaliación, da intervención ou da proposta curricular individualizada.
20. Final. Ao remate do curso ou das medidas de atención á diversidade.

ESTRATEGIAS XERAIS DE INTERVENCIÓN PARA OS PROGRAMAS DE APOIO

- Establecer os procesos de adecuación curricular adaptadas ás necesidades específicas de apoio. En caso de alumnado inmigrante, será de aplicación o “Plan de Acolida do alumnado procedente do estranxeiro”, existente no centro e o “Plan de incorporación tardía ao sistema educativo” cando así se requira.

Establecer os programas de corrección e/ou recuperación específicos, partindo da programación da aula e adaptándoas ao seu nivel de competencia curricular.

- Implementar os programas e deseñar un plan de seguimento e avaliación dos plans específicos.

Elaborar, de ser o caso, as medidas de reforzo ou adaptación curricular e/ou os plans de recuperación que sexan necesarios.

Supervisar e avaliar as estratexias e os progresos realizados con procesos de avaliación debidamente

sistematizados.

- **MODO DE ACTUACIÓN E PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN DUN ALUMNO/A A UN PROGRAMA DE APOIO.**

Os pasos a seguir serán os que a continuación se indican:

- ◆ **Detección:** Ao comezo da súa estada no centro, todo o alumnado será obxecto dunha avaliación inicial por parte do/a titor/a. Dita avaliación inicial será o punto de referencia para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a.

Naqueles casos nos que se detecten posibles necesidades educativas especiais, o Departamento de Orientación levará a cabo as accións de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico, que culminará coa elaboración dun informe psicopedagóxico que se rexerá polo que determina a orde do 8 de setembro de 2021.

- ◆ **Cumprimentación da folla de derivación pertinente (Anexos).**

- ◆ Entrega da folla de derivación á orientadora para **solicitar a valoración do/a alumno/a**. Esta proposta poderá facerse en calquera momento do curso académico e será realizada polo profesor/a titor/a entre os meses de outubro e maio.

- ◆ A orientadora xunto co/a titor/a **cita á familia para unha entrevista inicial**, e solicita a autorización de intervención.

- ◆ A orientadora, xunto co/a profesor/a titor/a, **valorará as necesidades do/a alumno/a, redactando un informe**, e comunicará, en caso de ser necesario, a decisión de intervención das profesoras especialistas en PT e/ou AL ao/á titor/a, aos/ás pais/nais ou tutores/as legais e á xefatura de estudos do centro.

- ◆ No caso de alumnado procedente do estranxeiro se adoptarán, de ser o caso, as medidas establecidas na Orde do 8 de setembro de 2021 (artigo 10)

- **Medidas de atención escolar:**

a) De tipo curricular:

- Reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares.
- Flexibilización de idade.

b) De tipo organizativo:

- Grupos de adquisición das linguas.

- Grupos de adaptación da competencia curricular.

- ◆ Unha vez realizada a comunicación, **a orientadora e as profesoras de apoio** xunto co profesorado implicado **establecerán as estratexias** máis eficaces que se deberán aplicar.
- ◆ **Avaliación e seguimento** do programa.

6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS:

Fundaméntanse no disposto na normativa vixente, os criterios establecidos polo propio centro e a adaptación ás circunstancias concretas do curso actual.

No caso da proposta de alumnado con NEAE e con carácter xeral:

-Atenderase todo o alumnado proposto, reducindo tempos de xeito proporcional. Este criterio é de aplicación na relación inicial de curso. Os casos novos que se presenten serán atendidos segundo as posibilidades do momento.

-O departamento de orientación avaliará necesidades e a dispoñibilidade do profesorado especialista ou a inclusión nalgún grupo. No suposto de imposibilidade, aplicaríanse o resto de medidas posibles, permanecendo en espera desa atención especializada.

-Asignaranse tempos de xeito equitativo e proporcional segundo o disposto nos informes.

Apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria

A asignación é responsabilidade da XE, que poderá contar co asesoramento da xefa do departamento de orientación.

Apoios dos/as mestre/as especialistas en Audición e Linguaxe (AL)

Son propostos pola xefa do DO e autorizados pola dirección do centro. A atención diríxese preferentemente aos seguintes grupos:

- Alumnado con NEE de carácter permanente, derivadas de discapacidade.
- Alumnado que presenta necesidades relacionadas coa linguaxe (dificultades psicolingüísticas, trastornos da linguaxe expresiva, mixto da linguaxe receptivo -expresiva, fonolóxicos e da comunicación non especificados)
- Alumnado que precisa intervención por dificultades articulatorias.

Apoios dos/as mestres/as especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT)

Son propostos pola xefa do DO e autorizados pola dirección do centro. A atención diríxese preferentemente aos seguintes grupos:

- Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) permanentes, derivadas de discapacidade.
- Alumnado con ACS (aprobada pola inspección educativa)
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar.

Persoal auxiliar coidador (PAC)

Enténdese como un recurso profesional de apoio aos centros docentes para atender ao alumnado con NEE.

- Alumnado con necesidades educativas especiais, escolarizado no centro, que lle corresponda este servizo para a atención das necesidades propias, como autonomía persoal, accesibilidade, desprazamentos e acceso ao currículo, principalmente.
- Modalidade de intervención:
 1. Directa. Cando o grao de dependencia do alumno así o precisa. En cada unha das tarefas ordinarias que se producen durante unha xornada escolar.
 2. Supervisión. Cando o grao de discapacidade e dependencia do menor require unha observación próxima e posible intervención en caso de necesidade.
 3. Vixilancia. Realízase con aqueles/as alumnos/as con necesidades educativas especiais que requiran unha atención diferenciada do resto dos/as alumnos/as.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Profesional	Medida	Actuación
Mestre/a -titor/a	Plan de Acción Titorial	Posta en práctica, seguimento e valoración.
	Programación de aula	Elaboración, posta en práctica, seguimento e valoración.
	Xunta de avaliación do seu grupo	Presidir e coordinar. Levantar acta.
	Plan de Acollida e Adaptación	Concreción e implementación.
	ACI/ACS - RE	Coordinar elaboración, elaboración e implementación.
	Plan de Transición a Secundaria	Implementación e seguimento.
	Avaliación Psicopedagóxica	Solicitud ao DO, información ás familias. Colaboración co DO.
	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa.
Mestres/as especialistas ou sen titoría	ACS/ACI- RE	Elaboración e implementación.
	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa.
	Avaliación Psicopedagóxica	Colaboración.
Mestre/a de apoio, PT ou AL	ACI/ACS – RE	Colaborar na elaboración e implementación.
	Apoios educativos	Colaborar na organización. Atención directa.
	Avaliación Psicopedagóxica	Colaboración.
Xefatura do	Avaliación Psicopedagóxica	Elaboración. Solicitud de colaboración do EOE ou doutras institucións/servizos.

Departamento de Orientación	Plan de Transición a Secundaria	Coordinación co IES e seguimento.
	Plan de Acción Titorial	Asesoramento.
	Programacións curriculares	Asesoramento.
	ACI/ACS - RE	Asesoramento e colaboración na elaboración.
	Apoios educativos	Elaboración da proposta de organización dos mesmos.
	Plan de Orientación	Redacción. Concreción de actuacións da xefatura do DO para o curso.
	Plan xeral de atención á diversidade.	Redacción das concrecións anuais.
Equipo directivo	Programacións curriculares	Inclusión na PXA.
	Plan Xeral de Atención á Diversidade	Responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación.
	Medidas extraordinarias de atención á diversidade	Autorización ou solicitude de autorización onde corresponda.
Departamento de Orientación	Plan xeral de atención á diversidade	Elaboración e concreción anual, implementación.
	Plan de Orientación	Elaboración e concreción anual, implementación.
	Plan de Acción Titorial	Seguimento e valoración.
CCP	Plan xeral de atención á diversidade.	Elaborar directrices do plan xeral de atención á diversidade.
Xuntas de Avaliación	Plan xeral de atención á diversidade.	Propoñer ao alumnado que deberá seguir unha AC no seguinte ciclo/etapa educativa e asegurarse de que se cumpren os requisitos para tal decisión.
Claustro	Plan xeral de atención á diversidade	Propoñer o plan ao consello escolar.
Consello Escolar	Plan xeral de atención á diversidade	Aprobación.

8.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CO CENTRO DE ADSCRICIÓN

- Para asegurar un desenvolvemento adecuado das actividades de reforzo e apoio é necesario establecer unha coordinación entre o profesorado que imparte estes reforzos e o profesorado das materias, especialmente das instrumentais. O departamento de orientación en coordinación cos equipos de mestres e mestras determinarán as directrices que rexerán esta coordinación co obxecto de lograr a conexión e continuidade entre o traballo que se realiza na aula e o que se realiza nos reforzos e apoios. (Ver anexos)
- O DO realiza a coordinación preceptiva co departamento de orientación do centro ao que estamos adscritos. A orientadora do noso centro acode a tres reunións anuais do departamento de orientación do instituto (convocada pola xefa de departamento do mesmo) para asegurar a coordinación, a coherencia e o traspaso de información.
- A orientadora manterá unha reunión periódica cos/as titores/as de cada nivel para coordinar as actuacións da titoría e para realizar un seguimento do alumnado con necesidades educativas de diversa índole.
- Os/As especialistas de AL/PT reúnen coa orientadora unha hora mensual para seguimento e valoración do alumnado de atención específica na aula de apoio.
- Reunións da CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica)
- Reunións de avaliación e reunións dos equipos docentes de determinados grupos convocados pola dirección do centro.
- Reunións informais dos compoñentes do departamento de orientación co profesorado en xeral que aplica un reforzo ou imparte clase a algún grupo con atención á diversidade, para recoller información sobre a evolución dos/as alumnos/as.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

- Colaboración e comunicación coas familias para informar sobre o proceso educativo en xeral e sobre as decisións daquelas medidas de atención á diversidade que requiran a súa implicación e/ou autorización.
- Reunións dos/as titores/as con todos/as os pais e nais dos/as seus/súas alumnos/as ao comezo de curso.
- Reunións periódicas dos/as titores/as coas familias, especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais cando se precise.
- Atención e asesoramento da orientadora do centro aos pais e nais do alumnado con necesidade

específica de apoio educativo.

- Colaboración e traballo coordinado do centro (desde dirección, orientación e titorías) con aquelas institucións implicadas na situación familiar, social e escolar do alumnado: servizos sociais do Concello, servizo de Menores, servizo de saúde mental do SERGAS, asociacións e fundacións implicadas na custodia de alumnado, diversos gabinetes e especialistas...
- Colaboración con organizacións sen ánimo de lucro que desenvolven diversas actividades e programas educativos.

10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

AUTORIZACIÓN AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D/D^a _____ (nome da nai/pai), con
DNI _____ en calidade de pai/nai ou titor/titora legal,
D/D^a _____ (nome da nai/pai), con
DNI _____ en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do
alumno/a _____, matriculado/a
durante o presente curso lectivo 2023/24 no CEIP Plurilingüe Anxo da Garda, no curso _____ e tras
ser informado/a polo/a titor/a das necesidades percibidas na aula ordinaria:

Dou o meu consentimento ao Departamento de Orientación para realizar unha valoración Psicopedagóxica.

Non dou o meu consentimento ao Departamento de Orientación para realizar unha valoración Psicopedagóxica.

En A Coruña, a de de 202....

Asdo:

Asdo:

O/A pai/nai ou titor/a legal:

O/A pai/nai ou titor/a legal:

SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:

*** DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A.**

Nome e apelidos:	
Curso:	Data de nacemento:

*** DATOS PERSOAIS DO MESTRE/A SOLICITANTE.**

Nome e apelidos:
Impartiu docencia ao/á alumno/a durante os cursos:

*** MOTIVO DA SOLICITUDE.**

--

*** ACTITUDE DO ALUMNO/A.**

--

*** MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE TOMADAS ATA O MOMENTO.**

--

*** DESENVOLVEMENTO DO ALUMNO/A.**

Aspectos biolóxicos (dificultades sensoriais, saúde, medicación, acude a especialistas externos: logopedia, psicoloxía, fisioterapia...)
Desenvolvemento cognitivo (dificultades de razoamento, lóxica, memoria, atención...)
Desenvolvemento motor (dificultades no andar, coordinación, agarrar o lapis, man coa que escribe...)
Desenvolvemento comunicativo - lingüístico (dificultades articulatorias, sintácticas...)

Desenvolvemento social (relación cos/as compañeiros/as da aula e do centro, amizades fóra do centro, relación cos mestres...)

Desenvolvemento afectivo (autoestima, dependencia emocional, introversión ou extraversión...)

*** DATOS PEDAGÓXICOS.**

Estilo de aprendizaxe, motivacións, intereses...

Nivel de competencia curricular (obxectivos e contidos das diferentes áreas nas que destaca polo seu dominio ou dificultade en acadalos)

*** DATOS DO CONTORNO FAMILIAR.**

Aqueles datos relevantes no seu desenvolvemento (número de irmáns, familias desestruturadas, hábitos de soño, celos, aceptación familiar da problemática, lingua materna...)

*** DATOS DO CONTORNO ESCOLAR.**

Historial académico (repetiu curso, recibiu con anterioridade apoio dentro ou fóra da aula...)

Escolarizacións anteriores (centros nos que estivo escolarizado con anterioridade e niveis que cursou)

Escolarización actual (datos das avaliacións trimestrais, apoios na aula, etc.)

*** OUTROS DATOS DE RELEVANCIA.**

AUTORIZACIÓN PARA A VALORACIÓN DA LINGUAXE

D/D^a _____ (nome da nai/pai), con

DNI _____ e

D/D^a _____ (nome da nai/pai), con

DNI _____ en calidade de pai/nai ou titor/titora legal, do alumno/a

_____, matriculado/a durante o presente curso

lectivo 2023/24 no CEIP Plurilingüe Anxo da Garda, no curso _____, dou o meu consentimento ao Departamento

de Orientación para realizar unha valoración da linguaxe.

En A Coruña, a de de 202....

Asdo:

Asdo:

O/A pai/nai ou titor/a legal

O/A pai/nai ou titor/a legal

AUTORIZACIÓN PARA A INTERVENCIÓN EDUCATIVA

Don/a.....pai/nai ou titor/a e

Don/a.....pai/nai ou titor/a do

alumno/a.....matriculado en.....curso no CEIP

Plurilingüe Anxo da Garda, AUTORIZO a intervención das mestras especialistas de Pedagogía

Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, fóra da aula ordinaria.

Informado/a desta necesidade, asina a presente autorización.

Asdo:.....

Asdo:.....

A Coruña, a de de 202....

11. PROCESOS DE AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E MELLORA DO PLAN.

Como prevé o Decreto 229/2011, ao comezo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta de concreción anual e ao final de cada curso a correspondente memoria, establecendo propostas de mellora no caso de haberlas.

Será o departamento de orientación o encargado do seguinte:

-Seguimento do desenvolvemento da concreción do PXAD en reunión do departamento de orientación, durante o segundo trimestre do curso.

-Avaliación do mesmo en sesión do departamento no último trimestre, previa á elaboración da memoria, na que se recollerán as principais conclusións e propostas de mellora, se as houberse.

Pretendemos que a avaliación deste plan sexa realizada de maneira sistemática de xeito que poidan reaxustarse en cada momento as actuacións a desenvolver, en función da evolución de cada alumno/a ou grupo.

Como indicadores de avaliación, empregarase:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Adecuación das medidas organizativas e curriculares empregadas ás necesidades de cada caso.
- Coordinación e seguimento suficientes entre os profesionais que atenden alumnado con N.E.A.E.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- Grao de información ás familias relativa ás actuacións e medidas propostas.
- Grao de correspondencia en canto á colaboración demandada respecto das familias do alumnado con medidas de atención á diversidade.
- Adecuación da organización e distribución do alumnado con N.E.A.E. con respecto aos criterios e procedementos establecidos.
- Grao de correspondencia na organización e distribución dos apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria segundo os criterios establecidos.
- A atención ás demandas recibidas de intervención, por parte dos membros da comunidade educativa.
- A elaboración de materiais específicos
- O éxito dos programas implantados ou realizados.
- A adecuación dos recursos dispoñibles.
- O grao de participación das persoas implicadas.

Ademais poderán incluírse valoracións abertas sobre calquera aspecto relativo ao plan.

Do resultado destas actuacións informarase nas sesións de CCP que correspondan. As conclusións e propostas de mellora acordadas servirán para a elaboración da concreción do plan correspondente ao curso seguinte.

ANEXOS

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIALES

1 A importancia de traballar as habilidades sociais.

As habilidades sociais son propias das persoas debido a que somos por natureza seres sociais, vivimos en interacción co ambiente e cos demais. Por este motivo é tan importante dispoñer dun repertorio de condutas socialmente aceptadas para as diferentes situacións que se nos poden expor. As habilidades sociais son froito dun proceso de aprendizaxe. Son comportamentos aprendidos que se poden mellorar a través de experiencias de aprendizaxe adecuados. Este proceso é longo e aínda que empeza no seo familiar, debe seguirse na escola, un lugar onde os/as nenos/as se relacionan entre si tanto con eles mesmos como con outros adultos de referencia.

Existen algúns factores persoais como o control de emocións e o comportamento, a autoestima ou o rendemento académico e laboral, que están influídos de forma moi significativa polas habilidades sociais. Ademais, non só son importantes a nivel de relación entre persoas, senón que son básicas para levar unha adecuada vida tanto familiar como escolar ou laboral.

O primeiro círculo no que os/as nenos/as empezan a desenvolver as súas habilidades sociais é a familia, pero cando chegan ao colexio, o seu círculo amplíase a iguais e adultos que non coñecen e deben aprender a poñer en práctica outro tipo de habilidades nun contexto completamente diferente. Para a mellora das habilidades sociais é necesaria unha instrución directa, de ahí a importancia de que se traballen na aula como parte do currículo ordinario e aproveitando as experiencias reais que se dan para poñelas en práctica.

Os programas de HHSS deben supoñer a participación conxunta do colexio e a familia. Para iso débense seleccionar aqueles obxectivos ou condutas que poidan traballarse de forma paralela, é dicir, tanto no contexto escolar como no familiar, co obxectivo de unificar criterios, de proporcionar ao neno diferentes experiencias de aprendizaxe nos distintos contextos, co fin de que devanditas aprendizaxes sexan consistentes e facilmente xeneralizables.

2 Estratexias para traballar as habilidades sociais.

No contexto da aula, é moi importante adaptar as estratexias e metodoloxía de traballo aos alumnos, tanto á súa idade como ás súas características persoais. Durante o proceso de aprendizaxe débense

dar diversas variables para que este resulte eficaz: o/a alumno/a necesita ver como se realiza unha determinada conduta, poñela en práctica e motivarlle e facerlle ver por que se debe comportar dese xeito.

Algunhas estratexias para traballar as HHSS son as seguintes:

- ✓ **Modelado ou aprendizaxe por imitación:** Danse tres tipos diferentes de aprendizaxe por modelado: a aprendizaxe por observación, segundo o cal se aprende unha conduta porque se observa nos demais; aprendizaxe por reforzo ou enfraquecemento dunha conduta, segundo o cal, a propia conduta pode reforzarse ou debilitarse debido á observación da conduta doutros/as nenos/as, sendo premiados ou castigados pola devandita conduta; e por último, a facilitación de condutas, ou a realización de condutas previamente aprendidas e que xa se atopan no repertorio do comportamento do neno e son recibidas de forma positiva polos demais.
- ✓ **Xogos de roles:** trátase de crear unha situación na que o/a alumno/a debe actuar e comportarse dunha determinada maneira e que normalmente non é como adoita comportarse. Este tipo de estratexia utilízase para cambiar as condutas ou comportamentos dun/ha alumno/a ante unha determinada situación.
- ✓ **Feedback sobre a conduta:** esta estratexia implica proporcionarlle o/a alumno/a información sobre como realizou unha determinada conduta, tanto en xogo de roles ou calquera outra situación na que deba poñer en práctica o aquilo que está a aprender.
- ✓ **Práctica na xeneralización de condutas:** esta é unha das estratexias máis importantes que se deben utilizar á hora de ensinar HHSS. A aprendizaxe que se dá en aula debe xeneralizarse a outros contextos e poñerse en práctica con persoas diferentes. É por este motivo, que durante en aprendizaxe débense utilizar diferentes ambientes educativos, diferentes modelos e mestres e diferentes alumnos para poder xeneralizar ao máximo estas aprendizaxes.

3. O papel do/a mestre/a na aula.

O mestre debe planificar, desenvolver e poñer en práctica unha serie de estratexias (entre elas, as comentadas anteriormente) así como proporcionar materiais, para poder ensinar aos/ás seus/súas alumnos/as como mellorar as suas HHSS e a poñelas en práctica en diferentes contextos. Para iso, o mestre debe en primeiro lugar, identificar os déficits en habilidades sociais dos/das seus/súas alumnos/as para despois poñer en práctica un programa de aprendizaxe. Ademais, observar aos/ás seus/súas alumnos/as de forma activa para poder interactuar positivamente con eles/elas e desta maneira poder influírlles e converterse nun modelo a seguir. Algunhas das características a observar nos/nas seus/súas alumnos/as son: os seus intereses (que lles gusta), as súas aptitudes e destrezas (que se lles dá ben) e o rol que cada alumno/a representa en clase.

4. Competencias, obxectivos e contidos.

Para a aplicación do programa de habilidades sociais considéranse importantes as seguintes competencias, obxectivos e contidos:

Competencias:

- ✓ Competencia persoal social e de aprender a aprender:
 - Fomentar a expresión espontánea de emocións e ideas propias.
 - Promover a realización de rutinas socialmente aceptadas.
 - Recoñecer os erros cometidos e asumir responsabilidades.
 - Estar motivados por coñecer cousas novas mediante a exploración, a manipulación, a indagación, a curiosidade, a observación e a formulación de preguntas.
 - Realizar actividades que poñan en práctica a memoria, a atención, a expresión, a comprensión, o razoamento, etc
- ✓ Competencia en comunicación lingüística:
 - Comprender e expresar de forma oral diferentes emocións, sentimentos e feitos sucedidos.
 - Narrar acontecementos relevantes do día a día.
 - Usar a comunicación para enriquecer as relacións cos demais.
- ✓ Competencia cidadá:
 - Traballar en equipo e promover a cooperación e o sentido crítico.
 - Promover situacións de diálogo e intercambio de opinións valorando as producións propias e a dos compañeiros. Interpretar e aceptar as normas de convivencia e valores.
 - Comprender e interpretar a realidade.
 - Participar en actividades de xogo simbólico e dramatización para fomentar de maneira lúdica a aprendizaxe de habilidades sociais.
 - Aproveitar as rutinas na aula para contribuír a enriquecer as relacións sociais dos alumnos.
- ✓ Competencia en conciencia e expresións culturais:
 - Observar e mostrar curiosidade polos acontecementos que ocorren na contorna.
 - Recoñecer os diferentes grupos sociais aos que se pertence.
- ✓ Competencia dixital:
 - Utilizar diversos programas e xogos en formato dixital para traballar e aprender habilidades sociais.

Obxectivos:

- Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas e diferentes formas de expresión.
- Coñecer e expresar facialmente as emocións básicas: alegría, tristeza e enfado.
- Comprender a expresión emocional nos demais.
- Recoñecer diferentes situacións e condutas adecuadas e inadecuadas nos distintos ámbitos.
- Desenvolver comportamento adecuados en diferentes ámbitos. - Mellorar a capacidade de comunicación interpersonal.
- Fomentar a cooperación entre o alumnado.
- Adestrar as habilidades plásticas e expresivas.
- Aprender a escoitar aos demais.
- Promover normas de conduta socialmente aceptadas.
- Practicar normas de convivencia.
- Traballar a solucións para resolver conflitos.

Contidos:

- Emocións básicas: alegría, enfado e tristeza.
- Expresión e comprensión da emocións básicas.
- Mellora das habilidades sociais e das relacións cos iguais.
- Recoñecemento de situacións e comportamentos correctos.
- Potenciación do desenvolvemento persoal.
- Relacións socialmente satisfactorias.
- Fomento de escoita activa.
- Traballo de normas de convivencia.
- Resolución de conflitos.

Para máis información e materiais ver o blogue do departamento de Orientación:

<https://anxorientacion.blogspot.com/>

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN C.E.I.P. PLURILINGÜE ANXO DA GARDA

COORDINACIÓN MENSUAL TITOR/A – P.T. – A.L. – ORIENTADORA

DATA:.....

SEGUIMIENTO :

Obxectivos a traballar	Nivel de consecución / Propostas de mellora

OBSERVACIÓN :

.....
.....
.....
.....

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PLURILINGÜE ANXO DA GARDA

PLAN DE TRABALLO – SEGUIMENTO E COORDINACIÓN DO ALUMNADO CON N.E.E.

NOME E APELIDOS:
TITOR/A:

NIVEL: CICLO:

A.C. : SI NON **ÁREAS ADAPTADAS:** **CURRICULO DE REFERENCIA:**.....
.....
.....

R.E. : SI NON **ÁREAS CON R.E.:**
.....

ORGANIZACIÓN DO TEMPO (25 sesións semanais)

Sesións	Nº	Área de traballo	Obxectivos prioritarios	Materiais
Co/a titor/a				
En P.T.(dentro aula)				
En P.T.(fóra aula)				
En A.L.				
Especialidades				

10.- TAREFAS EXTRAESCOLARES.

O criterio xeral do centro é, por acordo de Claustro, o mesmo que se viña mantendo na práctica en cursos anteriores. Ante a permanente demanda das familias deste tipo de tarefas, o profesorado marcaráas segundo o seu criterio e atendendo ás necesidades do alumnado, segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa e favorecendo o desenvolvemento das competencias clave. Fomentarase a participación activa das familias na aprendizaxe, e a responsabilidade do alumnado na súa formación e autonomía.

A non realización de ditas tarefas será obxecto de corrección por parte do profesor e, de ser o caso, en colaboración coas familias.

V.-ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO PARA O CURSO 2023 – 2024

1.- Lingua materna predominante na Educación Infantil:

Para o establecemento da lingua materna predominante entre o alumnado, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010. Neste senso levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ao centro (3 anos), ao final do curso anterior, na que foi entrega a enquisa (modelo oficial) para a determinación da lingua materna do alumnado sendo maioritariamente o castelán, tal e coma se sinalou no apartado correspondente desta PXA.

Asemade, e seguindo as indicacións da administración ao respecto, para os restantes niveis (2º e 3º nivel do segundo ciclo de E.I.) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recabada esta información nas entrevistas iniciais coas familias. Neste cursos a lingua materna predominante é tamén o castelán nunha porcentaxe similar (máis do 60%). Ante estes resultados, e considerando ademais que o castelán é a lingua predominante no contorno, establécese que o castelán será empregado como lingua vehicular nas aulas de E.I do noso centro.

2.- Modificación na impartición de materias en lingua(s) extranxeira(s).

No curso 2018/2019 comezouse a desenvolver o Programa Plurininfantil. A implantación do programa comezou en 4º de E.I. mediante unha sesión semanal de Educación Musical en inglés. A planificación da extensión a toda a etapa desenvolveuse de maneira progresiva. No curso 2020/2021 a sesión semanal de Educación Musical xa se realizou en inglés en todos os cursos de Educación Infantil e así continuará durante o curso 2023/2024.

3.- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega do curso anterior e información do que se vai desenvolver neste curso

Curso anterior (2022/2023)

Ademáis das actividades ou medidas xerais como: a potenciación da lectura en galego, o uso do galego nas novas tecnoloxías, a potenciación da música galega, o fomento da oralidade, a conmemoración das diferentes festas anuais e a actualización da páxina web do centro desenvolvéronse actividades específicas que foron as seguintes:

PROXECTO DE FOMENTO DE USO DO GALEGO: Como todos os anos redactouse un proxecto de fomento de uso do galego coa convocatoria correspondente na que percibimos unha achega de 444€ que se investir. en material funxible para as distintas actividades do EDLG.

GRUPO IAR:En anos anteriores veu este grupo de música tradicional, ofrecendo concertos didácticos para Infantil, 1º e 2º.

ALMANAQUE 2023 “A SAÚDE”. Almanaque feito con ilustracións procedentes do alumnado ao redor do PDI de centro “A Saúde”.

ENTROIDO. Coa ANPA e realizando os “Mandadiños do Meco”.

XII CERTAME LITERARIO “Emilia García Barreiro”. Convocouse o XII Certame literario “Emilia García Barreiro”, dirixido a todos os alumnos e alumnas do Centro. Dividiuse en tres trimestres, propoñendo a realización dun xénero en cada un deles.

SAMAÍN: Relatos de medo en colaboración con Biblio Anxo.

CERTAME DE POESÍA: Durante o mes de marzo fíxose o certame de poesía en lingua galega.

FEIRA DAS LETRAS GALEGAS. Mediante actividades lúdico-deportivas.

BIBLIOGRAFÍA ILUSTRADA Obra de teatro adicada a Fernández del Riego. Participou Quinto de Primaria.

VISITAS DE ESCRITORES. Visita de Sabela Fernández ao centro.

CONCERTOS. Por parte Xurxo Souto e mediante un percorrido pola historia da Coruña con cancións e contos dinámicos.

DÍA DAS ARTES GALEGAS: No mes de abril realizouse a lembranza do día das artes galegas mediante o reparto dun marcapáxinas coa torre do reloxo de Fernández del Riego.

FESTIVAL LETRAS GALEGAS (17 de maio): Relizouse a entrega dos premios de poesía pendente do curso anterior.

Este curso (2023/2024)

Ademais das actividades ou medidas xerais como: a potenciación da lectura en galego, o uso do galego nas novas tecnoloxías, a potenciación da música galega, o fomento da oralidade, a conmemoración das diferentes festas anuais e a actualización da páxina web do centro desenvolveranse actividades específicas que serán as seguintes:

Canción do mes. Actividade que substitúe á anterior “palabra do mes”. Cada clase escollerá cada mes unha canción en galego, saíndo unha gañadora que soará nos cambios de aula.

Celebración das Letras Galegas. Realización dalgunha actividade que se concretará máis adiante. Nesta batería de actividades inclúense unha Obra de Teatro(biográfica)por parte de Quinto de Primaria, máis a elaboración de pergamiños informativos polo barrio. Todas estas actividades iranse concretando ao longo do curso.

Certame Literario “Emilia García Barreiro”. Organizarase un certame literario dividido por trimestres, propoñendo a realización dun xénero en cada un deles. No primeiro trimestre o formato terá coma contido o conto, no segundo a poesía e, no terceiro, a banda deseñada.

Festival de Nadal. Organizarase un festival de Nadal onde se entregarán os premios correspondentes ao Certame Literario “Emilia García Barreiro”, entre os pertencentes a outras actividades do centro.

Almanaque ano 2024. En relación coa temática do PDI da biblioteca elaborárase un almanaque para o ano 2024. Este curso, a temática do centro serán os Xogos Olímpicos. Polo tanto, os alumnos de cada clase realizarán debuxos sobre os Xogos para proceder así á elaboración do calendario.

Colaboración co PLAMBE. Debido a que é o terceiro ano de implantación do PLAMBE, colaboraremos na medida do posible coas actividades propostas polo equipo da biblioteca ou promovendo iniciativas comúns como na celebración do Día da Muller ou do Día do Libro.

Concertos de música tradicional. Quedamos á espera de que a DONAIRE e o grupo IAR (encargados, no caso de IAR, de realizar as actividades os anos anteriores) ofrezan as súas actividades habituais. Ademáis, incorporárase un terceiro grupo musical de cara a un concerto no terceiro trimestre.

Día da Prensa. Cunha entrevista a un convidado especial que responderá ás preguntas do alumnado.

Samaín. Levarase a cabo un concurso de cabazas e de receitas en galego.

Postais de Nadal. Actividade de realización de postais de Nadal en colaboración coa Biblioteca.

Desfile de traxes tradicionais. Desfile de traxes tradicionais galegos co anterior correspondente traballo de aula.

VI-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Persoal non docente do Centro:

- Conserxes: María Jesús Durán Formoso.
- Coidadoras: Amaya de Miguel Rodríguez.
M^a Mercedes Espiñeira Marcos.
- Auxiliar de conversa: Griffin Fraser
- Persoal de limpeza: Mónica Pampín Ramos .
Celia Campos Martínez.

Horarios:

Conserxe:

María Jesús Durán Formoso.

de 8:30 a 14:15

de 15:45 a 18:15. Os luns de 15:45 a 19.

Coidadoras: (Amaya de Miguel Rodríguez e M^a Mercedes Espiñeira Marcos)

de 8:30 a 16 horas de luns a venres (con asistencia ao comedor escolar). Atenden a sete alumnos/as con dificultades, dous en 4º, un en 5º e outro en 6º de E.I., outro en 2º de E.P. e dous en 5º E.P.

Auxiliar de conversa: (Griffin Fraser)

Martes, mércores, xoves e venres (16 horas). O seu horario está marcado no horario de especialidades.

Persoal de limpeza: (Pertencen á empresa INGESAN, contratada polo Concello)

Mónica Pampín Ramos: 9:30 a 17:20.

Celia Campos Martínez: 17:00 a 21:15.

Limpezas mensuais: limpeza de cristais (persoal auxiliar)

VII.- PRESUPUESTO ECONÓMICO

Presuposto do centro **CEIP ANXO DA GARDA** para o exercicio **2023**

Crédito asignado pola Xefatura Territorial : **20.570,00 € (anticipo 6.933,00)**

Remanente do ano 2022: **17.890,60**

CONCEPTO DE GASTOS	CRÉDITOS	
	Aportación Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	Aportación doutras entidades
Reparación e conservación de mobiliario e enseres	600	
Reparación e conservación de equipos de procesos de información	6000	
Material de oficina	3.000	
Subministracións	9807,14	
Comunicacións	200	
Axudas de custo e locomoción		
Primas e seguros		
Tributos	200	
Gastos diversos	3000	
Adquisición de equipos non contemplados nos programas centralizados	5000	
Biblioteca (partida Centro , PLAMBE)	2000+664,13= 2664,13	
Plan Proxecta	300	
Plurilingüismo	756,33	
total	Importe	31527,60

VIII.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Poténciase tanto a información como a comunicación coas familias a través de:

- Reunións colectivas cos pais/nais do alumnado: unha ao comezo de curso (setembro/outubro) e outra ao final (xuño).
- Entrevistas individuais dos pais/nais cos mestres de carácter semanal: os luns de 18:00 a 19:00 h.
- Actuacións titoriais:
 - Establecer relacións de colaboración que faciliten a educación dos alumnos.
 - Informar aos pais das decisións adoptadas sobre os seus fillos e sobre temas relacionados coa educación dos nenos/as.
 - Implicar aos pais en actividades de formación e de apoio á aprendizaxe do alumnado.
 - Orientar sobre problemas puntuais que se podan presentar a nivel conductual ou deficiencias da aprendizaxe.
 - Informar aos pais sobre o funcionamento do centro, en especial aos pais de alumnos de novo ingreso.
- A través do Departamento de Orientación:
 - Cooperar coas familias para proporcionar pautas de actuación acerca das necesidades dos seus fillos e atender as inquedanzas que queiran os pais plantexar en relación a súa educación ou a situacións persoais concretas.
 - Informar das necesidades, resultados e avances dos seus fillos, en caso de intervencións específicas e/ou avaliacións psicopedagóxicas.
 - Fomentar a relación familia – titores para a búsqueda de solucións aos posibles problemas.
 - Establecer canles de colaboración con entidades externas ao centro e profesionais que atendan aos alumnos con n.e.e.

- Colaboración coa Asociación de Nais e Pais de alumnos:
 - Propoñendo a realización de actividades organizadas pola ANPA ou os seus membros: charlas, obradoiros, actividades específicas ...
 - Favorecendo a participación dos pais/nais na A.N.P.A.
 - Establecendo actividades conxuntas.
 - Establecendo un cauce de información entre os pais e o colexio.
 - Facilitando as iniciativas da Asociación (cooperativa de pais, organización de actividades complementarias e extraescolares, inversións económicas no centro...)

- Ademais das reunións colectivas e das entrevistas temos as seguintes canles de comunicación:
 - Envío de circulares informativas.
 - Publicación do calendario escolar.
 - Publicación de información e novas na páxina web do centro.
 - Espazo ABALAR e aplicación Abalarmobil.
 - Uso do correo electrónico.

IX.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

PROGRAMA “MADRUGADORES”

Continúa o programa “Madrugadores”, asistindo unha media de 30 alumnos ás 7:30 da mañá ao centro, onde reciben o desayuno e son atendidos por dúas monitoras ata o inicio das clases ás 9:00. As monitoras que atenden aos nenos/as durante este servizo son:

- Cristina Blanco Sanguñedo.
- Roxana Daniela Radu.

REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

Ante a demanda dalgúñas familias o Consello Escolar do centro tomou a decisión de facer as xestións necesarias para que funcionase o comedor durante o curso 1999-2000.

Tras a adecuación e acondicionamento do local por parte do Concello pediuse o correspondente permiso á Delegación de Educación, manifestando que o comedor funcionaría xestionado pola Asociación de Pais e Nais, e utilizando os servicios de catering da empresa contratada, JARDANAY.

O comedor leva, polo tanto, 24 anos en funcionamento, asistindo unha media de 120 alumnos diarios.

O horario de comedor é de luns a venres de 14 a 16 horas. É atendido por un total de seis monitoras:

Cristina Blanco Sanguñedo, Jorge Gómez López., María Dopico Pastor, Natalia Soto Fraga., Natalia Santana Bruno e Roxana Daniela Radu.

PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLA ANPA

A ANPA “Castelao”, única asociación existente no Centro, e á que pertence a grande maioría dos pais/nais, é moi colaboradora co Centro nas súas tarefas educativas.

Propón e organiza ao longo do curso diferentes actividades complementarias e extraescolares: vendima, magosto, Nadal, Entroido, Maios, excursións de fin de curso.

En colaboración co Concello e con outras empresas privadas organiza as actividades extraescolares do Centro, en horario de 16 a 18 horas, de luns a venres, das que se adxunta cadro. Neste horario haberá presente un mestre ou mestra de garda, quen resolverá as posibles incidencias.

As actividades extraescolares teñen a finalidade de complementar a formación e educación que reciben os alumnos e alumnas no colexio en horas non lectivas, aproveitando o feito de ter algunhas horas libres pola tarde xa que as clases se imparten en xornada continuada de mañá.

As actividades funcionan desde o 2 de outubro ata o 21 de xuño en horario de 16:00 a 18:00, atendidas por educadores contratados polo Concello e pola Federación Provincial de APAs e por as empresas seleccionadas pola ANPA Castelao, previa aprobación do Consello Escolar.

Este curso 23-24 téñense planificado as seguintes actividades extraescolares:

ACTIVIDADES ANXO DA GARDA CURSO 2023-2024					
HORARIO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES
16:00-17:00	XOGOS RÍTMICOS	INGLÉS	XOGOS RÍTMICOS	INGLÉS	-----
	MULTIDEPORTE**		MULTIDEPORTE**		
17:00-18:00	-----	JUDO**	-----	JUDO**	PINTURA**
16:00-17:00	PATINAJE	ALALÁ	PATINAJE	ALALÁ	LENGUA SIGNOS
	MULTIDEPORTE**		MULTIDEPORTE**		ROBÓTICA**
17:00-18:00	INGLÉS	BAILE MODERNO**	INGLÉS	BAILE MODERNO**	PINTURA**
		JUDO**		JUDO**	
16:00-17:00	ALALÁ	PATINAJE	ALALÁ	PATINAJE	-----
					ROBÓTICA**
17:00-18:00	INGLÉS	BAILE MODERNO**	INGLÉS	BAILE MODERNO**	PINTURA**
		JUDO**		JUDO**	

ACTIVIDADE	CICLO	ESPAZO
XOGOS RITMICOS	INFANTIL	5º EI
ENGLISH LAB	INFANTIL	5º EI
MULTIDEPORTE	INFANTIL	PATIO/PISTA
JUDO	INFANTIL	SALÓN ACTOS
PINTURA	INFANTIL	2ºB
PATINAXE	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	PATIO PISTA
ALALÁ	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	SALÓN ACTOS
MANS QUE FALAN	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	1º
ENGLISH LAB	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	1º
MULTIDEPORTE	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	PATIO / PISTA
BAILE MODERNO	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	PATIO
JUDO	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	SALÓN ACTOS
PINTURA	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	2º B
ROBÓTICA	1º, 2º Y 3º PRIMARIA	5º EI
ALALÁ	4º, 5º Y 6º PRIMARIA	SALÓN ACTOS
ENGLISH LAB	4º, 5º Y 6º PRIMARIA	5º B
PATINAXE	4º, 5º Y 6º PRIMARIA	PATIO PISTA
BAILE MODERNO	4º, 5º Y 6º PRIMARIA	PATIO
JUDO	4º, 5º Y 6º PRIMARIA	SALÓN ACTOS
PINTURA	4º, 5º Y 6º PRIMARIA	2º B
ROBÓTICA	4º, 5º Y 6º PRIMARIA	5º EI

X.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O Centro será autoavaliado permanentemente de xeito colexiado para valorar:

-Grao de consecución dos obxectivos específicos.

-Deficiencias existentes.

-Deseñar a súa solución, sexa esta dependente do propio Centro ou doutras instancias administrativas.

Esta avaliación será permanente a través das reunións mensuais da CCP.

A final de curso o Consello Escolar, no que están representados todos os sectores da comunidade educativa, fará a correspondente valoración que será incluída na memoria anual.

Como é preceptivo segundo a LOMCE, o Centro realizará as probas da Avaliación Individualizada en 3º e 6º de EP, e analizará ponderadamente os seus resultados como instrumento avaliador.

GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA, ELABORADA A PARTIR DA ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO.

Os alumnos de terceiro de primaria fixeron a avaliación individualizada segundo a orde establecida pola Consellería de Educación. Foron avaliados nas competencias lingüística e matemática. Toda vez que dita avaliación ten como finalidade o establecemento dun proceso interno de análise e reflexión, cómpre fixar a partir dos resultados obtidos, medidas que permitan o enriquecemento e mellora dos resultados nas avaliacións individualizadas vindeiras.

Segundo o anteriormente exposto, definiremos os pasos a seguir:

1º.-Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica e análise dos datos.

2º.-Presentación das propostas de mellora ao claustro.

3º.-Presentación ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva e inclusión na P.X.A.

En función dos datos obtidos polo centro e enviados pola consellería, observamos no noso centro os mellores resultados nas competencias lingüística e matemática. Tamén cómpre salientar que a competencia en comunicación lingüística obtén mellores resultados que a competencia matemática. Sendo estes resultados iguais á media como promedio global.

Polo tanto, *respecto ao currículo* non se introducen modificacións.

Con *respecto á práctica docente*:

- Establecemento de apoios por parte do profesorado do centro con horas dispoñibles, facendo fincapé nos primeiros cursos da etapa.

- Dotar ás aulas de medios técnicos e audiovisuais que permitan obter unha maior motivación do alumnado cara á aprendizaxe.

Con *respecto á convivencia*:

- Traballar no centro especialmente durante o primeiro trimestre os hábitos escolares e de convivencia, con especial incidencia na atención do alumnado.

Con *respecto ás familias*:

- Insistir na necesaria comunicación cos titores/as e profesorado dos seus fillos e a necesidade de que acudan ao centro sempre que así se requira.

XI.- PLAN DE AUTOPROTECCION

Durante o curso 16-17, con aprobación do Consello Escolar, a empresa GESPLAN elaborou o plan de autoprotección do Centro do que hai un exemplar no despacho de dirección. Todos os anos, durante o 1º trimestre o claustro de mestres, monitores das actividades extraescolares e do comedor, así como membros da ANPA, reciben unha sesión de formación no centro sobre este plan de autoprotección. Durante o 1º trimestre do presente curso realizarase un simulacro co que se rematará a formación do Plan, que está rexistrado no REGAPE.

Cada curso revisarase o Plan de Autoprotección, actualizarase a formación do persoal e realizarase un simulacro anual.

O Consello Escolar deste Centro aprobou deste documento en A Coruña, a 9 de outubro de 2023.